

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18**

### **SESION ORDINARIA DO 6 DE SETEMBRO DE 2010**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Velo Ríos, Iolanda

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Beiro Diz, Pablo José  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martíño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota  
Romero Rodríguez, Begoña

#### **NON ASISTE:**

Coello Bufill, Antonio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día seis de setembro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnense os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e

Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA, correspondente ó mes de agosto, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Coello Bufill. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello convocado por orde do día do 2 de setembro. Constátase quórum, ábrese sesión pública que iniciamos de acordo coa orde do día que obra en poder dos señores e señoras concelleiros.

1.- (168).- ACTAS ANTERIORES (SESIÓNS 26.04.10 E 11 E 31.05.10).

(Está ausente o Sr. Coello Bufill de Grupo Popular).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas dos Plenos da Corporación correspondentes ás sesións ordinaria do 24 de abril, extraordinaria do 11 de maio e ordinaria do 31 de maio de 2010.

2.- (169).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- a) De data 30.07.10, relativa á delegación temporal de competencias no concelleiro Sr. López Font.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de xullo de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez, entre os días

2 ao 15 de agosto de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución de 05.07.2007, no concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez, delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xulio Calviño Rodríguez no concelleiro D. Carlos López Font, da Área de Xestión Municipal, dende o 2 ao 15 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta Resolución aos interesados e xefes das areas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma.”

- b) De data 04.08.10, relativa á delegación temporal de competencias na Área de Economía e Facenda no concelleiro Sr. Rodríguez Díaz.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 4 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da Concelleira D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez dende o 4 de agosto de 2010 ata o 20 de agosto de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do

-----  
S. Ordinaria 06.09.10

05.07.2007, da concelleira D<sup>a</sup> Raquel Días Vázquez, delegada da Área de Economía e Facenda.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D<sup>a</sup> Raquel Días Vázquez no concelleiro D. Santos Héctor Rodríguez, da Área de Participación Cidadá, dende o 4 ao 20 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma.”

- c) De data 04.08.10, relativa á delegación temporal de competencias na Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo no concelleiro Sr. Rodríguez Días.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 4 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da Concelleira D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey dende o 4 de agosto de 2010 ata o 20 de agosto de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2010, da concelleira D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey, delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey no concelleiro D. Santos Héctor Rodríguez, da Área de Participación Cidadá, dende o 4 ao 20 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas

-----  
S. Ordinaria 06.09.10

para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma.”

- d) De data 17.08.10, relativa á delegación temporal de competencias na Área de Cultura e Animación Sociocultural no tenente de alcalde, Sr. Domínguez Olveira.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 17 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Xesús López Carreira, dende o 17 de agosto de 2010 ata o 6 de setembro de 2010, ambos incluídos, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2010, do concelleiro D. Xesús López Carreira, delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xesús López Carreira, no Tenente de Alcalde D. Santiago Domínguez Olveira, dende o 17 de agosto ata o 6 de setembro de 2010, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación

a efectos de quedar enterado da mesma.”

- e) De data 24.08.10, relativa á delegación temporal de competencias na Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá no concelleiro Sr. Rivas González.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 24 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Santos Héctor Rodríguez dende o 24 de agosto de 2010 ata o 3 de setembro de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2010, do concelleiro D. Santos Héctor Rodríguez, delegado da Área Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Santos Héctor Rodríguez no concelleiro D. Angel Rivas, da Área de Distritos, dende o 24 de agosto ao 3 de setembro.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.4 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma.”

- f) De data 25.08.10, relativa á delegación temporal de competencias na Área de Xestión Municipal na concelleira Sra. Díaz Vázquez.

-----  
S. Ordinaria 06.09.10

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 25 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Carlos López Font, dende o 26 de agosto de 2010 ata o 27 de agosto de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

#### RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2010, no concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Xestión Municipal.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Carlos López Font na concelleira D<sup>a</sup> Raquel Díaz, da Área de Economía e Facenda, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns e Contratación, dende o 26 ao 27 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Quarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma”

- g) De data 30.08.10, relativa á delegación temporal de competencias na Área de Xestión Municipal na concelleira Sra. Díaz Vázquez.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Carlos López Font, o 30 de agosto de 2010, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo

124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

## RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2010, do concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Xestión Municipal.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Carlos López Font na concelleira D<sup>a</sup> Raquel Díaz, da Área de Economía e Facenda, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns e Contratación, o día 30 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma.”

*A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación as resolucións contidas nos apartados a) ao g), ambos incluídos, transcritas anteriormente.*

3.- (170).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 11 DE AGOSTO, DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 11 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 31 de maio de 2010 adoptou, por maioría absoluta do número legal de membros, acordo de aprobación inicial do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

-----  
S. Ordinaria 06.09.10



Dito expediente, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, someteuse a exposición pública mediante a inserción de anuncio indicativo no Boletín Oficial da Provincia número 122 de data 29 de xuño.

Transcorrido o prazo legalmente establecido consta no expediente certificación de data 6 de agosto, na que se sinala que o expediente non foi obxecto de alegacións, polo que segundo o precepto anteriormente citado procede a súa elevación a definitivo.

Polo exposto en exercicio das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985 e segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 na redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999,

## RESOLVO

Primeiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo provisional de aprobación do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, por non se ter presentado ningunha alegación durante o período de exposición pública.

Segundo.- Remitir copia do Regulamento á Administración Xeral do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a efectos do disposto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 70.2 do citado texto legal.

Terceiro.- Ordenar, unha vez transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985, a publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación definitiva do Regulamento Orgánico do Pleno inserindo o texto completo da citada disposición."

*A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a resolución transcrita anteriormente.*

## 4.- (171).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE Ó ANO 2009.

ANTECEDENTES.- Unha vez formada a conta xeral correspondente ó presuposto do ano 2009, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 4 de xuño, foi exposta ao público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia nº 113 de 16 de xuño, rematando o prazo para presentar

reclamacións e alegacións o 13 de xuño, e segundo consta na certificación que figura no expediente, no prazo de exposición o público, non houbo reclamación ningunha, e ó obxecto de dar cumprimento o previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, a concelleira delegada de Economía e Facenda propón ó Pleno da Corporación a aprobación do acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 30 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe volvemos falar aquí neste Pleno de número, porque hoxe traemos a este Pleno a Conta Xeral do ano 2009 e as cifras son claras e contundentes. O orzamento definitivo do ano 2008 situouse en 338.500.000 euros, o maior orzamento da historia de Vigo. Para este orzamento recibíronse do Estado 70 millóns de euros en cesión de impostos, en fondo complementario e en subvencións e no Plan Zapatero 53 millóns de euros, o que supuxo un total de 123 millóns de euros. Por parte da Xunta de Galicia a participación de ingresos e subvencións foi só 10 millóns de euros e con respecto ás transferencias da Deputación situáronse só en 82.000 euros.

Dou estas cifras porque quero facer constar que nos orzamentos de Vigo como partida dirixida á Deputación, é dicir, ingresos dos vigueses que van parar á Deputación, hai 1.500.000 euros. En troques diso a Deputación ingresa en Vigo, 82.000 euros.

Como consecuencia, o Estado participou nestes orzamentos nun 37%, a Xunta de Galicia fíxoo nun 3% e a Deputación nun 0,02%.

O resultado económico e patrimonial tamén é claro e contundente. Substitúo o Estado de perdas e ganancias do Plan de Contabilidade pública do ano 1990 e recollo a diferenza entre ingresos e gastos orzamentarios e non orzamentarios de xestión común. A cifra deste resultado orzamentario situouse en 73.650.000 euros e saliento esta cifra porque o ano pasado que xa foi un bo ano cun resultado económico patrimonial positivo de 31.800.000 euros, polo tanto melloramos o resultado económico patrimonial nun 100,36%.

Con respecto ós remanentes de Tesourería a Conta Xeral reflicte que estes son de 94.900.000 euros; no ano 2008, cando tamén tiñamos incrementos de remanentes, estaban en 87.500.00 euros, polo tanto os incrementamos con respecto ó ano anterior nun 17,76%.

O aforro neto, que é a diferenca entre o que realmente se ingresa e se gasta en gastos correntes, foi de 15.200.000 euros. Quero salientar por unha banda o valor positivo porque son poucos os concellos que poden dicir que neste momento teñen aforro neto positivo, que teñen capacidade de xestionar os recursos; e quero salientar tamén a contía de 15.000.000 de euros porque dous son os parámetros que distinguen ós concellos e que os separan entre os que son ou non bos xestores. Un destes datos é o aforro neto, que é a capacidade que teñen os concellos para xestionar recursos e facer fronte á prestación dos servizos. Vigo non só ten capacidade, senón que ten unha gran capacidade para facer fronte ós seus servizos. Outro parámetro é o endebedamento. No ano 2009, tal e como se recolle na Conta Xeral, o endebedamento foi do 19,09%. Insisto nesta cifra e quero facer comparativas. O endebedamento da Deputación de Pontevedra está no 96%. No ano 2005, no orzamento que aprobou o Partido Popular e que defendeu a Sra. Porro, o endebedamento era do 47,07%. É dicir, a Deputación de Pontevedra, gobernada polo Partido Popular ten cinco veces o endebedamento de Vigo, o orzamento do Partido Popular do ano 2005 tiña o dobre de endebedamento que o actual do Concello de Vigo.

En termos per cápita tamén se demostra que Vigo é a cidade menos endebedada de España. Nestes momentos o endebedamento, tal e como recolle a Conta Xeral, é de 126 euros por habitante; no ano 2005 no orzamento do Partido Popular o endebedamento era de 287 euros per cápita. Somos a cidade menos endebedada de España en comparativa con cidades como Madrid, Valencia ou Málaga; somos a cidade menos endebedada de Galicia: Santiago, Ourense e Lugo fronte a Vigo e a diferenca con respecto á Deputación de Pontevedra é claramente significativa.

Cando o Partido Popular aprobou o orzamento no ano 2005 aprobou unha débeda de 85.900.000 euros e, tal e como figura na Conta Xeral, a débeda que deixa este goberno neste ano é de 43.000.000 de euros, a metade. Ademais conseguimos nun só ano, no ano 2008-2009, reducir a anualidade teórica de amortización, de 24.000.000 que tiñamos no 2008 a 15.000.000 no 2009.

Como resultado destes aforros no endebedamento e nas amortizacións puidemos ofrecer máis e mellores servizos ós cidadáns, máis investimento por habitante: 261 euros, o maior da historia; máis gasto por habitante: case 1.000 euros por habitante; un investimento con respecto ó orzamento dun 27% e un estado de execución de gastos que en total supera amplamente o do Partido Popular e, tal e como reflicte o

último Consello de Contas, dobramos a calquera concello galego no estado de execución de investimentos.

En definitiva, son datos e magnitudes que mostra a Conta Xeral e que amosan a boa saúde económica e financeira dun Concello e máis nun momento como o actual. Temos un resultado económico patrimonial superior ó de anos anteriores, aforro neto positivo, incremento de remanentes e redución de endebedamento ata situarnos coma o concello menos endebedado de España, repercutindo esta xestión en máis e mellores servizos para os cidadáns, máis investimentos na cidade, máis limpeza, novas rúas, novos parques, máis deportes, máis cultura; en definitiva, maior benestar.

Pero malia que estes son datos que figuran na conta Xeral e que esta é a realidade deste Concello, esta semana assistimos unha vez máis a toda unha campaña orquestrada polo Partido Popular e de novo a mentira e a calumnia convértese no eixe da acción, porque a manipulación dos datos oficiais e falsear a realidade con coñecemento de causa, co único fin de calumniar e inxuriar, constitúe a máis vil das mentiras.

Dende que os cidadáns déronnos o apoio este goberno mostrou unha xestión transparente e eficaz, coa publicación en internet de todos os datos contables, dando conta en Pleno de todos e cada un dos estados de execución e incluíndo na Conta Xeral todos os gastos fiscalizados e sen fiscalizar e todas as causas que motivaron todas as situacións. Porque hai que dicir todo, o Partido Popular non levaba a cabo ningunha das actuacións que acabo de indicar, nin publicaba os seus datos, nin presentaba os estados de execución, nin informaba dos gastos sen fiscalizar.

O PP si que tiña algo que agochar, eran as súas adxudicacións a dedo e os seus gastos sen consignación orzamentaria. O PP enganou a todos os cidadáns cando gobernou e agora séguese a facer mentindo sobre a xestión deste goberno, porque o PP si que é coñecedor de todos os expedientes que figuran na Conta Xeral.

Non só é coñecedor, senón que na maioría o propio Partido Popular votou a favor deses expedientes. Na Conta Xeral explícase a orixe de todos eses expedientes, unha orixe da que o Partido Popular formou parte e iso foi o que agochou deliberadamente e por iso enganou.

Na Conta Xeral debúllanse os recoñecementos extraxudiciais de crédito, os gastos sen consignación orzamentaria e tamén os gastos atrasados que corresponden ó goberno anterior que aparecen reflectidos na Conta Xeral.

Nela tamén aparecen reflectidos os gastos de convalidación e tamén dise textualmente que son situacións sen contrato, que caducaron dende hai moito tempo. Iso di a Conta Xeral: contratos que caducaron cando eles gobernaban e que non fixeron nada polos renovar.

En canto os acordos sen fiscalización previa, leo textualmente o que pon na Conta Xeral: “Están relacionados co sometemento para a súa adxudicación á Xunta de Goberno Local da proposta feita pola Mesa de Contratación”. Son adxudicacións que foron todas á Mesa de Contratación e quero ler sinxelamente unha acta aínda que teño aquí todas as actas da Mesa de Contratación: “Asisten: Persoal do BNG, persoal do Partido Popular, Asesoría Xurídica, secretaria do Pleno e representante de fiscalización”. En todas as mesas de contratación están representados PP, BNG, Partido Socialista, Asesoría Xurídica e un representante de fiscalización, absolutamente en todos os expedientes en todas as actas. Leo a primeira que aparece e a partir de aí lense todas: “Por unanimidade dos asistentes propónse á Xunta de Goberno Local a adxudicación...” Seguinte expediente: “Por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno a adxudicación...” Todos os expedientes que están fiscalizados pasaron por Mesa de Contratación, o Partido Popular votou a favor e o delegado de Intervención tamén o fixo.

SR. CONDE GIL: A Sra. Díaz dicía que volvíamos aquí para falar de números e de eficacia. Coido que está equivocada porque volvemos para falar de ineficacia, de mala xestión e, o que é peor, de mentiras. Novamente volvemos falar de mentiras. O que dixo vostede ó remate da súa intervención retrátala completamente. Ademais outra cousa, vostede está obsesionada con falar doutras cousas que non son as que nos traen ó Pleno. A vostede moléstalle falar da Conta Xeral de 2009 e por iso nos fala da Deputación, de Madrid, Valencia, Málaga... Vaise polos “cerros de Úbeda”, non centra a cuestión porque os datos que veñen na Conta Xeral non a favorecen e cando é así utiliza a técnica do avestruz: agochar a cabeza e enganar á cidadanía.

Falou do orzamento e da xestión de 2005. A min non me gustaría retrotraerme cinco anos pero os datos están aí: cando chegamos nós ó goberno no ano 2003 había unha débeda de 108 millóns de euros gracias a gobernos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Mente tamén cando di que recibiron o apoio dos cidadáns. Non, Sra. Díaz, vostedes están gobernando co apoio do Bloque Nacionalista Galego, non o esqueza. O partido

maioritario nesta sala é o Partido Popular.

Logo manipula os datos. É o peor que hai. Eu sei que lle molestan enormemente os informes. Léaos ben. Vostede que constantemente ven este Pleno dármonos leccións, lea ben. Primeiro interprete o pasado porque se pasou dunha débeda de 108 millóns a deixarlles unha débeda de 47 millóns, rebaixouse polo tanto substancialmente o endebedamento por parte dos cidadáns. Están aí os datos, se non os ten eu llos facilito.

Despois non interpreta ben o que é a propia Conta Xeral, di que o aforro neto é fantástico. Vou ler textualmente porque me fixen o firme propósito de ler textualmente as cousas polo menos para que vostede se decate, Sra. Díaz, e os cidadáns comprobem como mente constantemente: "O aforro neto experimentou unha mingua en relación co ano anterior". Unha mingua, se eu non estou moi equivocado, mingua é reducirse e, por que se reduce? Por unha mala xestión. Pasamos dun 12,61% dos ingresos liquidados por operacións correntes no ano 2007, a un 50% menos, un 6,67%. A iso se lle chama mala xestión, chámasele gastar por gastar porque aquí non vai nada imputado ós capítulos de investimentos. Non queira mentir na súa seguinte intervención porque eu xa non lle poderei responder. Sinxelamente fálase dos gastos correntes e do gasto de persoal e o aforro neto cae nun 50%.

Pero vostedes ó que si se dedicaron e xa o denunciámos o ano pasado, é a recadar por multas. Eu sei que ó Sr. Calviño faille moita gracia cando digo que é o concelleiro suplente de Facenda, pero neste caso o é porque non se utilizan as multas para regular o tráfico ou para mellorar a seguridade, porque desgraciadamente en Vigo estamos asistindo a toda unha fileira de atropelos, senón que se está utilizando todo polos cartos, por recadar, Sra. Díaz, por cadrar os orzamentos por mor da súa mala xestión, ineficacia e falta de responsabilidade ó fronte do departamento.

Isto é de nota. Vostedes presupostan inicialmente 3.126.000 euros e impoñen multas por valor de 10.733.000 euros, case 10.774.000 euros; iso é o que fan e así en dous anos, 2008-2009, hai un 247% máis do orzamento inicial en multas impostas, iso é o que o Concello de Vigo pode chegar a cobrar por esas multas. Un récord a nivel de Galicia, un récord negativo porque se dedican vostedes a perseguir ó cidadán para cadrar estes nefastos orzamentos para a cidade. Logo os cidadáns recorren e así levamos máis de 130.000 solicitudes de anulacións de multas por parte dos vigueses e viguesas. Todo isto tradúcese nunha mala xestión.

Como dicía antes, por mor desa mala xestión a vostede moléstalle a fiscalización previa, moléstalle enormemente que o interventor leve control das cousas deste Concello. Se quere lle leo o artigo da Lei reguladora das bases locais que prevé a figura do interventor, persoa que por certo non mencionou nesa lista de persoas asistentes ás mesas de contratación.

Case 4.000 millóns das antigas pesetas gastáronse sen control de ningún tipo. Se quere lle leo o punto 23 do informe de Intervención que semella que vostede non leu, porque esta semana pasada se dedicou a facer unha serie de acusacións que non se cre nin vostede e moito menos a cidadanía a quen mentiu, porque achacou vostede estes gastos a expedientes que proveñen do Partido Popular.

Aínda estamos ancorados no pasado, ancorados no 2007, vostede non evolucionou, Sra. Díaz, segue ancorada en hai case catro anos, vai rematar o mandato e segue ancorada naquel momento e en mentir que iso si que lle gusta.

Limpeza de dependencias municipais, mantemento de túneles, mantemento de parques forestais, servizos do Verbum, servizos e traballos no Mercado do Progreso, mantemento no campo de Balaídos, seguros de vida, responsabilidade civil e vehículos, sinalización horizontal e instalación de leds, Unidade Asistencial de Drogodependencias, servizos de lanzadeira e facultade e outros distintos servizos do caixón do xastre; temos indemnizacións substitutivas sen ningún tipo de contrato. Se quere seguimos, Sra. Díaz, dirá que non sei ler, non sei como se arranxa vostede porque aquí a única que non sabe de nada é vostede e están demostrando constantemente.

Falou de adxudicacións a dedo. Vostede e a especialista, a amiga de Consuljamel Galega, que por certo trasladaron a súa sede a Vigo, menos mal. Fala vostede de adxudicacións a dedo, Sra. Díaz? Se quere seguimos repasando os datos. Hai 4.000 millóns das antigas pesetas gastadas sen control, iso é o que fixo vostede; como tamén o incremento dun 244% en multas. Para nota. Xa o denunciábamos o ano pasado, este ano témolo que volver denunciar.

Vostede é a encargada de que caia un 50% o aforro por gastar máis. Por exemplo, en publicidade si que subiu o gasto, máis dun 54%.

Presume vostede de que Vigo é a cidade menos endebedada de España e tristemente este ano imos subir en máis dun 60% a débeda por habitante por mor do famoso crédito dos 27 millóns de euros.

En resumo, vostede non xestiona este Concello e nas enquisas que aparecen

constantemente ocupamos os últimos lugares, o cuarto pola cola.

Nós sinxelamente estamos a analizar a Memoria da conta Xeral do ano 2009. Vostede debe vela con gafas de cores porque nada do que dixo aquí se corresponde coa realidade, mente como o fixo co tema do Areal e ó igual que mentiu a semana pasada e se quere lle dou o convenio polo que se adquirirían dous edificios. Non se facía o gasto que vostede dicía, Sra. Díaz.

Vostede méntelles ós cidadáns e os papeis aválannos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Realmente estou asombrada da capacidade de mentir que teñen algúns políticos. A única palabra que utilizou o Sr. Conde foi “mentir”, dixo que minto para asegurar que o resultado económico que acabo de relatar non é certo, cando figura nos papeis que teño aquí, que o aforro positivo de 15 millóns que acabo de relatar, a participación do Estado e que baixáramos o endebedamento ó parecer non figura nos papeis que teño aquí e resulta que todo isto que é público, que todo o mundo pode consultar, fíxese que casualidade que leva a sinatura de Intervención. Sen embargo e segundo vostede todo o que eu acabo de dicir e que figura nos papeis que teño é unha absoluta mentira. Está todo subliñado: resultado económico-empresarial, endebedamento..., pero está claro que o Sr. Conde destas cousas non entende e por iso, como di unha amiga miña, a ignorancia é moi ousada, moi atrevida.

O Sr. Conde tamén está en contra da democracia porque non acepta que por democracia esteamos gobernando os que estamos.

Realmente o Sr. Conde non achegou ningún dato, é tal o descaro político que ata se contradí no que di e non é quen de negar o que di o informe: que é un resultado económico-patrimonial inmellorable, que temos incremento de remanentes, aforro neto positivo e as mellores contas de todos os concellos de España.

A el gústalle temas coma o das multas, pero xa sabemos que o Sr. Conde non sabe sumar e polo tanto está claro que tampouco sabe restar porque aí se di que é o que está a pasar coas multas, o valor que é positivo e o que é negativo e entón ó final dá cal é realmente a recadación e non hai 10 millóns por multas. Se o di mente máis que fala porque non os hai.

Con respecto ás reclamacións dígolle que se un coche se sobe a unha beirarrúa pagará unha multa, se está aparcado na parada dun Vitrasa pagará unha multa, se está aparcado onde non debe esta cidade vaille poñer unha multa porque os



infractores van pagar multas. Pódolle dicir que de todas as infraccións que hai, o 90% desestímense.

Volve falar vostede, Sr. Conde, dos gastos de publicidade. Eu teño aquí os distintos expedientes correspondentes ós dous millóns de euros que gastou a Sra. Porro en seis meses xusto antes das eleccións e teño tamén dentro dunha carpeta a acta da Xunta Electoral pola que se manda paralizar esa publicidade porque iso si que é ilegal.

Novamente volvemos ó Areal. Como que non é certo o gasto do Areal se ata vostedes, a présa e correndo na última Xunta de Goberno que realizaron o 11 de xuño do 2007, empezaron a pagar facturas de mobiliario do Areal baixo o título “amoblamento Alcaldía”. Recoñecen vostedes a factura de cortinas e mobles de luxo? De onde saíron as lámpadas, as cortinas? Temos toda unha carpeta chea de facturas do mobiliario do Areal. Quen encargou as lámpadas? Nin eu, nin este goberno pero a lámpada está aí e cando estaba o Sr. Reitor esta lámpada non estaba que eu ese edificio ben que o coñecía. Temos aquí moitas máis facturas, de mesas por 5.000 euros, alfombras, cortinas que suman e suman. Ocorre que o que lles dá vergoña a vostedes é recoñecer que realmente se gastou todo isto.

Logo falou de máis cousas, de validacións e de contratos. Vostede realmente non entende de leis porque todo está aquí e son todos contratos.

Dixo tamén que non relatei que estaba o interventor. Non estaba, delegou en dona Catalina Alfayete Rodríguez e esta é a persoa que fiscaliza absolutamente todos os expedientes e todos teñen o voto a favor de dona Catalina Alfayete Rodríguez, repito que todos se aprobaron por unanimidade dos asistentes.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero

Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (resultados do exercicio 2008), correspondente á Entidade Local, Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo e Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (resultados de exercicios anteriores).

Segundo.- Aprobar a conta xeral do Concello de Vigo correspondente ó ano 2009, integrada por:

- A da propia Entidade.
- OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- OA Escola de Artes e Oficios.
- OA Instituto Municipal dos Deportes.
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrución de Contabilidade modelo normal.

Terceiro.- A remisión ao Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia farase tendo en conta a resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o acordo do Pleno do Consello de Contas de data 29 de maio de 2007 relativo á forma en que as Entidades Locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático.

5.- (172).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 2 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 275/13.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 13 de xullo, a presidenta delegada da Escola Municipal de Artes e Oficios resolve a incoación dun expediente de modificación de

crédito (crédito extraordinario) por importe de 49.842,45 euros, para afrontar gastos necesarios para o mantemento, reparación e adecuación de espazos e instalacións do edificio da Escola de Artes.

Con data 14 de xullo o interventor xeral do Concello e máis do organismo autónomo informa favorablemente a modificación proposta.

A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, en sesión do 27 de xullo, prestou a súa aprobación á citada modificación.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 30 de setembro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente o Sr. Coello Bufill do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lariña Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 2/2010 por un importe de 49.842,45 € co desglose e aplicacións que figuran no decreto da Presidenta-Delegada de data 13 de xullo de 2010 e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

Segundo.- O financiamento do crédito extraordinario realizarase mediante a baixa parcial de créditos das aplicacións orzamentarias indicadas na táboa seguinte

1	3241.1100000	Retribucións Básicas Director eventual	5.817,75
2	3241.1100100	Retribucións Cpmentº Destino Director eventual	4.381,05
3	3241.1100200	Retrib. Cpmentº Específico Director eventual	6.938,15
4	3241.1300000	Retribucións Básicas	18.021,15
5	3241.1300200	Retribucións Complementarias	14.249,91
6	3241,2330000	Indemnizacións por razóns de servizo	434,44

Terceiro.- Os respectivos créditos dotarían as correspondentes novas partidas orzamentarias

	Partida a incrementar		Euros de incremento
1	3241.6300001	Adaptación de instalación eléctrica (oca)	17.594,63
2	3241.6330002	Renovación instalación eléctrica sala exposicións e aula de debuxo	21.655,23
3	3241.6320000	Construción paramentos de pladur sala exposicións	10.158,15
4	3241.2330001	Indemnización asistencias tribunal cualificador selección funcionarios interinos ano 2009	434,44

Segundo se fai constar no informe do interventor xeral de data 14 de xullo, “*O expediente someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 do RD 2/2004, a aprobación plenaria, con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 168 do citado real decreto*”.

Explicación de voto da concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira:

Quería referirme no breve tempo que teño a esta modificación da que xa tomamos conta na Xunta Reitora da Escola.

En primeiro lugar quería sinalar que esta modificación pon de manifesto a mala xestión económica da Escola. Non me vou estender porque penso que de xeito xeral quedou xa todo recollido nas palabras do meu compañeiro, Sr. Conde, pero non obstante quería poñer dous exemplo.

Por unha banda a modificación orzamentaria que se presenta é para facer unha serie de obras na escola, basicamente de alumeado, pero é curioso que nin ó Plan E 2009, nin ó Plan E 2010 a Escola foi quen de presentar algún proxecto, é máis, preguntada a Sra. Presidenta por esta cuestión recoñeceu que non se lle ocorrera presentar ningunha proposta para esta obra dentro da Escola, cousa que é moi lamentable. Por outra banda, a súa mala xestión reflíctese tamén nos convenios que a Escola debera procurar con outras institucións da cidade, en concreto o convenio que ten con Caixanova quedou reducido á metade.

Pero como dixen non me vou estender nesta mala xestión financeira da Escola e si en cal é a necesidade ou a finalidade desta modificación.

Preténdese poñer en marcha unha nova sala de exposicións para os alumnos da escola. Isto parécenos moi importante, xa estaba aberta esta sala de exposicións co goberno anterior e hei dicir que nestes tres anos do seu mandato a Escola non tivo

aberta ningunha aula para que o alumnado puidera expoñer os seus traballos de fin de curso.

Abstémonos e non votamos en contra porque non estamos de acordo co que é a xestión pero entendemos que é un valor para a Escola.

De todos os xeitos queremos que a cidadanía coñeza que queda un tema pendente de resolver que é a sala de exposicións, a colección visitable cos fondos de instrumentos musicais de Antón Corral. Esta sala abriuse co goberno anterior e vostedes pechárona nada máis chegar, faltaron moi poucos días para que arrancasen da fachada o cartel que anunciaba a sala de exposicións "Antón Corral". Parécenos que isto xoga na contra do patrimonio da cidade, do da Escola, dende logo xoga en contra de poñer en valor as nosas coleccións e, aínda que preguntada na Xunta Reitora da Escola se dixo que ía estar dous ou tres meses exposta, logo sería almacenada en caixóns. Vostedes saberán que as coleccións de instrumentos musicais son moi delicadas pero queremos chamar a atención da cidadanía porque non se pode visitar esta colección dende hai tres anos, vostedes pecharon a sala aberta para que o público se puidese achegar a ela e coñecer a colección.

Pensamos que deben vostedes ofrecer unha solución estable e permanente para isto que permita achegar a cidadanía á escola, coñecer o patrimonio de Vigo, unha colección que vostedes tampouco propoñen situar noutro espazo museístico da cidade. Isto propiciaría que moitos escolares se puidesen achegar á Escola e terían así unha vista conxunta do que é a colección e o propio ensino de lutería tradicional. Polo tanto pensamos que isto xoga na contra da Escola de Artes e Oficios.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. Larriba. Realmente vostede abriu o debate e por iso lle vou dar cinco minutos de quenda á Sra. López Atrio para explicación de voto.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Sra. Larriba, isto que vostede está a dicir vai na contra de toda lóxica sabendo, como sabe vostede por estar dentro do Padroado, o que sucede en cada momento.

A obriga de facer esta modificación orzamentaria é porque había que organizar esa Escola. Vostedes antes tiveron tres anos e medio e sinceramente non fixeron nada positivo, pola contra tiñan ó profesorado sen contrato legal, as cousas sen facer e non falemos daquela "marabillosa" biblioteca que tivemos que restaurar porque estaba feita en falso, moi bonita pero non era posible manter alí os libros porque

caían os estantes, rompían os cristais, etc.

Non está pechada, está dispoñible con persoal contratado agora e disposto para atender ó público.

Outra das cuestións importantes é a de arranxar a sala de exposicións. Queremos unha sala de exposicións onde o público poida entrar directamente, que sirva para todas as exposicións e que a xente poida entrar dende a rúa. Esa é a nosa pretensión de arranxo.

Levamos tres anos tentando normalizar ese centro porque estaba absolutamente sen normalizar. Por que non o fixeron vostedes cando estaban? Porque non lles deu a gaña e veñen agora coas queixas correspondentes. Dende que nós estamos nisto temos un proceso de normalización da Escola que implica: informatización da Secretaría porque non sabía ninguén como se podía controlar nin ó alumnado, nin ó profesorado, nin ningún dato daquela casa; conseguimos poñer un equipo informático para profesores e tamén nas aulas co seu equipo individual e co colectivo en cada unha das aulas; compramos material para o profesorado, para as aulas que estaban sen dotación e de feito o profesorado consideraba que era inútil pedir todo o que pediron e agora todo o que precisaban para a súa aula téñeno actualmente; arranxamos a situación profesional do profesorado que estaba daquela maneira, contratados ilegalmente con vostedes e que tras unha denuncia conseguimos normalizar esa situación; temos a matrícula do alumnado a través de internet ou de forma presencial e así o día 4 de setembro xa había máis de 530 solicitudes feitas, 330 por internet e máis de 200 persoalmente, ata o día 15 queda moito por facer; arranxamos aulas de serigrafía, cerámica, debuxo..., estamos coa sala de exposicións e tivemos que aceptar, por mor da inspección obrigatoria de centros públicos, que había que adaptar todo o que había alí.

Non me veñan vostedes con que non funcionamos porque o facemos moi ben cos cartos que temos. Vostedes non fixeron nada por esa Escola, só poñer unha aparente biblioteca que agardamos que funcione marabillosamente, pero non para o público en xeral, senón para o alumnado desa escola; non é para que vaia alí estudar a xente porque lle queda próxima, porque lle queda ben ou porque lle é cómoda; é xustamente para o alumnado e para xente que teña que facer investigación dos libros que alí hai, non é unha sala de estudo.

Non me veña con que non fixemos nada ou con que a exposición de Antón Corral vai quedar diluída porque lle quero aclarar que a Escola de Artes e Oficios está dentro

das visitas de “Vigo por dentro”, levaremos alí ó alumnado a todos os que a queiran visitar porque este ano está dentro dese programa educativo “Vigo por dentro” para que todo o mundo poida ver o que alí se fai e para o alumnado que ó mellor poida sentir interese por continuar nesa liña.

Sra. Larriba, procure dicir a verdade, xa estou farta de escoitala a vostede comentar na prensa ou como hoxe que as cousas están mal feitas ou que non traballamos.

#### 6.- (173).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAIS DE VIAIS. CAMIÑO DA PARDAÍÑA, ALCABRE. EXPTE. 18771/240.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xullo de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

1º.- Promociones Manuel Vázquez SL y Giraldez BDR SL presentan escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 25.09.2009 solicitando a descatalogación duns camiños na Pardaiña, parroquia de Alcabre, Lavadores, ao considerar que son de propiedade privada, achegando ao efecto coa solicitude diversa documentación.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 28.10.2009.

- Informe do Servizo de Electromecánicos de data 24.11.2009.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 28.12.2009.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de datas 14.04.2010, 14.06.2010 e 05.07.2010.

3º.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á AAVV Nosa Terra de Alcabre e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións soamente dona Rosario Alvarez Lorenzo o 24.11.2009.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O camiño obxecto da presente reclamación, que ten a súa orixe no ramal 5,1 da rúa Castaña e remate no camiño do Cruceiro, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles-viais, folia cartográfica nº 12-28.

2º.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non producen efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia administración), sen embargo constitúese unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico recoñece as AAPP respecto ao seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos no dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referende os datos reflectidos no inventario. Dita documentación debera archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa, e o seu lugar de arquivo constara consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento dos ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos á realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da administración, prevéndose regulamentariamente unha rectificación anual e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

3º.- Son elementos indiciarios da titularidade municipal dun camiño, entre outros, o feito de ser soporte de servizos públicos, que o mantemento do mesmo corra a cargo do Concello e o seu uso público.

Neste senso, a teor do informado polos servizos municipais, pódese sinalar que dito camiño, no tramo que discorre dende a rúa castaña ata o nº 109 (informe dos servizos de vías e obras e electromecánicos), atópase pavimentado con formigón e dispón de alumeadado público incluído nos labores de mantemento e conservación municipal, manifestándose pola propiedade lindeira que formulou alegacións ao



expediente, o carácter público do mesmo que xa figuraba reflectido nunha escritura de compravenda do ano 1922 como camiño veciñal co que lindaba dita finca polo seu vento norte. Por outra banda o tramo final dese camiño, nunha lonxitude de 90 ml ata o seu remate no camiño do Cruceiro, obxecto de solicitude de descatalogación, é un camiño de terra sen ningún tipo de servizo urbanístico, non afectado polas alineacións do PXOM vixente, que aparece reflectido no plano de Cominges do ano 1949 coa denominación de “servidume” e coincidente, segundo sinala o topógrafo municipal, coa finca Barreiro destinada á servidume de 270 m2 referida polas entidades solicitantes.

Conseguentemente pódese considerar que este último tramo final, dunha lonxitude de 90 ml e anchura de 3 m aprox., con inicio no ramal 5.1 da rúa Castaña e remate na rúa Cruceiro, se ben figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, trátase dunha servidume de paso, non apreciándose a concorrencia de circunstancias das que se poida deducir a aparencia do uso público e posesión municipal do devandito tramo, presentándose, no presente caso, a necesidade de proceder a súa rectificación no inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, e de acordo coa proposta que ao efecto fai o topógrafo municipal en data 5 de xullo do 2010, sen que en modo ningún supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria.

4º.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 30 de agosto de 2010, ditaminou favorablemente.

(Está ausente o concelleiro Sr. Coello Bufill do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 12-28) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Viais, do tramo final do camiño con inicio no ramal 5.1 da rúa Castaña e remate na rúa Cruceiro, nunha lonxitude de 90 metros lineais de acordo coa proposta do xefe de Cartografía de data 05.07.2010.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes

aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.-O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

7.- (174).- INICIAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DE CAMIÑO NA PARROQUIA DE COIA. EXPTE. 18964/240.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xullo de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- II. L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- III. L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- IV. RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- Polo Concelleiro Delegado de Patrimonio ditouse Orde de Servizo en data 12 de xullo do 2010, no expediente nº 937/244 referente á solicitude formulada pola Comunidade de Propietarios do edificio nº 36 da Avda. da Florida sobre o camiño que discorre dende a Avda. da Florida (á altura do nº 36) ata a rúa Dr. Darío Duran Gómez, ordenando o inicio dun expediente de investigación de acordo co disposto no art. 45 da LPAP, ao non constar no Inventario Municipal de Bens e Dereitos como vía pública municipal e coa finalidade de determinar a súa titularidade.

2.- O Servizo de Cartografía emite informe en data 18.05.2010 describindo o camiño coas seguintes características e achegando plano de situación (escala 1/2000), deslinde (escala 1/400), planta servizos abastecementos (escala 1/500), planta servizos saneamento (escala 1/500),pavimentos (escala 1/400), e reportaxe fotográfico.

*INFORME:*

*Adxunto planos escala 1/400 do tramo de vial na Avd. Florida a altura do nº 36 e cuxas características son as seguintes:*

*Lonxitude:                    98 ml.*

-----  
S. Ordinaria 06.09.10

*Situación:* Dende a Avda. Da Florida nº 36 ata a rúa Darío Duran.  
*Pavimento:* Aglomerado asfáltico.  
*Beirarrúas:* Baldosa Hidráulica e formigón  
*Pozo de rexistro:* Sen denominación  
*Superficie total:* 638,10 m2.  
*Anchura:* Variable aproximada de 6,00m.

*O vial esta reflectido nos planos de Antonio Cominges do ano 1950 tendo un carácter publico na sua totalidade.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1º.- As entidades locais, na súa condición de administracións públicas de carácter territorial, e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens (art. 4.1.d da LRBRL).

Neste senso, a LPAP no marco das facultades e prerrogativas recoñecidas as AAPP para a defensa e protección do seu patrimonio, dispón a da investigación da situación dos bens e dereitos que presumiblemente poidan formar parte do seu patrimonio, coa finalidade de determinar a titularidade dos mesmos cando non conste esta de xeito certo (art. 41.1.a) e art. 45 LPAP).

2º.- O procedemento administrativo para o exercicio da potestade investigadora, ven regulado no RBEL nos art. 45 e ss, establecéndose no seu art. 46 a posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación a iniciativa, no seu caso, de calquera outra administración que, en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecemento dos feitos, actos ou circunstancias que sirvan de base o exercicio da acción.

Así mesmo a LRXAP e PAC sinala que os procedementos poderán iniciarse a solicitude de persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos o por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

3º.- A competencia para a adopción do acordo de inicio do expediente de investigación do camiño sito á altura do nº 36 na Avda. da Florida, como a resolución do mesmo, ven atribuída ao Pleno Municipal nas súas facultades para o exercicio das accións xudiciais e administrativas no seu ámbito (art. 123.1.m. da LRBRL).

O acordo do inicio do expediente debera publicarse no BOP con expresión das características identificadoras da parcela obxecto de investigación, con exposición no taboleiro de anuncios do Concello durante un prazo de quince días, dando traslado ás Administracións Autonómica e do Estado, e notificación a terceiros afectados.(art. 49 e 50 RBEL)."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 30 de agosto de 2010, ditaminou favorablemente.

(Está ausente o concelleiro Sr. Coello Bufill do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal do camiño situado na parroquia de Coia desta cidade de Vigo, con orixe na Avda. da Florida nº 36 e remate na rúa Dr. Darío Duran Gómez, dunha lonxitude de 98 ml., superficie total de 638,10 m<sup>2</sup>, e anchura variable de aproximadamente 6 m.

Segundo.- Someter polo procedemento regulamentario a información pública o presente acordo, dando traslado do mesmo á Xunta de Galicia e Administración do Estado, e notificación aos interesados.

8.- (175).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2011.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de agosto de 2010, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

“En cumprimento do disposto no artigo 37,2 do Real Decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, o Alcalde do Concello de Vigo propón fixar como festas locais de Vigo para o ano 2011:

- O día 28 de marzo, luns, Reconquista da cidade.
- O día 16 de agosto, martes, festividade de San Roque.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 30 de agosto, ditamina favorablemente.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular Sr. Coello Bufill).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia transcrita nos antecedentes e, xa que logo, declarar festivos locais para o próximo ano 2011 as seguintes datas:

- Luns, 28 de marzo, Reconquista da Cidade.
- Martes, 16 de agosto, festividade de San Roque.

9.- (176).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA PARA REGULACIÓN DE QUENDAS DE DESCANSO NO SECTOR DO AUTO-TAXI. EXPTE. 78050/210.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de agosto de 2010, a xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta.

“O Pleno da Corporación en sesión realizada en data trinta e un de maio de dous mil dez, adoptou o seguinte acordo:

*“PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Disposición Complementaria da Ordenanza Reguladora do Servizo de Autotaxi da Cidade de Vigo pola que se establecen quendas de descanso no sector nas seguintes condicións :*

- 1) *Establecer o descanso obrigatorio de autotaxis durante un período de proba de tres meses .*
- 2) *Fixar o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00.00 a 24.00 horas, iniciándose o cómputo pola licenza nº 1.*
- 3) *Excluír da obrigatorialidade do descanso obrigatorio ás licenzas que presten servizo no aeroporto de Vigo de conformidade co réxime específico ditado pola Xunta de Galicia.*
- 4) *Excluír da obrigatorialidade do descanso obrigatorio ás licenzas de eurotaxi que soamente poderán prestar servizo nos citados días ás persoas de mobilidade reducida en atención ás necesidades dese colectivo.*
- 5) *Se durante o período de proba variasen as condicións polas que se solicita a implantación do descanso, se detectase polos servizos municipais falta de servizo ou se producise algún acontecemento na cidade que así o aconsellase, por acordo da Xunta de Goberno local poderase deixar en suspenso a medida adoptada.*
- 6) *Se finalizado o período de proba de tres meses o resultado fose satisfactorio para o sector e o solicitase unha representación maioritaria do mesmo, por acordo do Pleno da Corporación poderá prorrogarse o descanso obrigatorio.*
- 7) *En tanto se manteña o descanso obrigatorio, o Concello comprométese a manter o nº de licenzas actuais, é dicir, 553.*

*SEGUNDO: Someter a información pública o texto da Disposición Complementaria pola que se aproba o descanso no Sector de Autotaxi da cidade de Vigo e conceder trámite de audiencia ás asociacións interesadas do sector durante un prazo de 30*

*días, contados a partir da publicación da aprobación inicial, para a presentación de reclamacións e suxestións, de conformidade no disposto no artigo 49 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Pasado o citado prazo sen que se presentasen alegacións ou suxestións, entenderase aprobado definitivamente o acordo ata a data provisional."*

De conformidade co disposto no citado acordo, concedeuse tramite de audiencia as asociacións representativas do sector: Asociación Profesional de Autotaxis de Pontevedra é Sociedade Cooperativa Galega de Autotaxis, segundo as notificacións que figuran unidas ao expediente, en datas 22 de xuño e 31 de xullo respectivamente.

Así mesmo publicouse edito no Boletín Oficial da Provincia de data 28 de xuño de 2010, e durante o prazo concedido ao efecto, segundo a certificación expedida pola Secretaría Xeral do Pleno por delegación do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse as seguintes alegacións:

\* Asociación Profesional provincial de autotaxis de Pontevedra (doc. 10099904).

A Asociación Profesional provincial de Autotaxis de Pontevedra na alegación presentada manifesta o seguinte:

- Que coa medida que pretende adoptar o Concello, se produce unha inxerencia na esfera privada da libre competencia, pretendendo tutelar o sector excedéndose das facultades e competencias que ten atribuídas; trata de regular a libre competencia e iniciativa empresarial, substituíndoa e vulnerando normas de rango constitucional e supranacional.
- A medida excede do contido da delegación normativa que incorpora o regulamento nacional do taxi.
- Cita os artigos 1º, 28º, 40º e 41º do Regulamento Nacional coas seguintes conclusións
  - a) O principio que preside a ordenación e regulación do servizo publico de autotaxis é a mellor prestación de servizo aos cidadáns, e coa paralización obrigatoria dos vehículos dificilmente pode dicirse que se trata de procurar unha mellor prestación do servizo público aos cidadáns.
  - b) Os vehículos autotaxis están obrigados a concorrer ás paradas diariamente polo que impondo un descanso non se pode cumprir tal obrigación.
- O artigo 40 do Regulamento nacional do taxi no que podería ampararse o Concello, xa foi interpretado polos tribunais, pronunciándose en contra de que se aplique entre outros en relación coas quendas de traballo e descanso no sector (citan unha sentenza do Tribunal Supremo e outra da Audiencia Territorial de Valencia).

En resposta ao contido da alegación presentada, informase o seguinte :

A proposta aprobada polo Pleno da Corporación non é unha iniciativa municipal adoptada polo Concello, senón que, como xa se fixo constar no informe-proposta formulado en data 20 de maio de 2010, responde a unha solicitude presentada pola Sociedade Cooperativa e Asociación de Taxis de Vigo e provincia de Pontevedra e

avalada por unha representación maioritaria, 344 titulares de licenzas, dos autopatróns do taxi , como medida provisional xustificada pola situación de crise e diminución de traballo no sector, que ten como finalidade melloralo e evitar o exceso de vehículos autotaxi nas paradas, situación que ven producíndose nos últimos meses.

Aínda cando non é estritamente unha iniciativa municipal, o Concello recolle nesta disposición complementaria a vontade da maioría dos titulares de licenzas do taxi e regula e ampara legalmente a proposta formulada.

Con relación á posible inxerencia do Concello na esfera da libre competencia, a fixación da medida do descanso non supón en ningún caso una vulneración do principio de liberdade de empresa que establece o art. 38 da Constitución Española, pois no mesmo precepto a condiciona ás esixencias da economía xeneral e no seu caso, da planificación; non sendo en ningún caso os dereitos dos titulares das licencias ilimitados tendo en consideración a natureza de servizo de interese público que ostenta o servizo de taxi e non supón que non debe someterse ás esixencias da economía xeral e en concreto á regulamentación de transportes aprobada polas Comunidades Autónomas e os municipios, e neste sentido manifestáronse numerosas sentenzas do Tribunal Supremo (30 de outubro de 1987, 16 de maio de 1989 etc.), e Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o 20 de maio de 2003.

Con relación á falla de competencia do Concello para a adopción de medidas reguladoras do sector, a competencia ven especificamente reflectida no disposto no art. 40 do Regulamento Nacional dos Servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros, aprobado por RD 763/1979, no que se dispón que as Entidades Locais adxudicadoras das licenzas serán competentes para establecer as medidas de organización e ordenar o servizo en materia de quendas, calendarios, descansos e vacacións, oídas as Asociacións Profesionais de empresarios e traballadores; así como no disposto no apartado 2º do artigo 3 da ordenanza reguladora do servizo de autotaxi da cidade de Vigo en relación co artigo 2 da citada ordenanza.

Por outra banda e ante a preocupación dos alegantes pola correcta prestación do servizo e asistencia nas paradas, debe manifestarse que no contido do acordo aprobado se recollen, nos apartados 3, 4 e 5 do punto primeiro, medidas que garanten a prestación do servizo publico en todo caso, e prevén a inmediata suspensión da medida no suposto de variación das circunstancias.”

Polo anteriormente exposto a xefa do Servizo de Transportes emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 30 de agosto, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O que presentamos hoxe é a aprobación definitiva da Disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso

no sector do auto-taxi da cidade de Vigo. Nun Pleno anterior trouxemos a aprobación provisional e hoxe, unha vez estudadas as alegacións, trátase da aprobación definitiva de algo que quero deixar absolutamente claro que ten unhas características de prudencia extraordinarias que non coñezo que se fixeran en ningún outro concello de Galicia ou de España.

O que presentamos hoxe é, a petición e por vontade da maioría dos titulares de licenzas de taxis de Vigo, unha aprobación para que durante tres meses haxa un período de proba para fixar un descanso de 92 taxis ó día os seis días da semana, de luns a domingo, e excluindo desta proposta ós taxis que realizan o seu traballo no aeroporto ou ós euro-taxis que fan un gran servizo ó público levando ás persoas de mobilidade reducida. Faise con todas as garantías porque no punto 5 do que imos aprobar indícase que, se durante o propio período de proba variasen as condicións polas que se solicita o establecemento do descanso ou hai algún acontecemento na cidade que así o aconsellase, se pode deixar en suspenso a medida adoptada. Maior prudencia imposible.

Trátase dunha clara mellora do servizo público que prestan os padróns do taxi e repito que se fai con esas absolutas garantías. Mesmo no punto sexto se indica que “Se finalizado o período de proba de tres meses o resultado fose satisfactorio para o sector e o solicitase unha representación maioritaria do mesmo, por acordo do Pleno da Corporación (vai volver a este Pleno) prorrogarase o descanso obrigatorio”. É dicir, dánse absolutamente todas as garantías para tomar unha medida na dirección axeitada.

Facémolo así, con toda a prudencia, dun xeito innecesario porque estou absolutamente convencido como o está a maioría do sector, como indica a enquisa realizada pola Sociedade Cooperativa Galega e a Asociación de taxis de Vigo e provincia de Pontevedra, enquisa con todas as garantías da que temos certificacións da súa corrección, fala de que un 88,7% dos que participaron nesa votación, que foron 372 dos 553 que teñen licenza, mostráronse partidarios de tomar esta medida.

O que nos sorprende é que exista unha asociación minoritaria do sector felizmente, que presenta alegacións que eu e máis todos os técnicos municipais consideramos extemporáneas como tamén felizmente os tribunais de xustiza. O que máis me sorprende das alegacións é que din que o Concello pretende substituír as iniciativas que lles corresponden ós propios auto-padróns. A alegación di iso e é rotundamente



falso, o Concello o que fai aquí é referendar, apoiar e recoller a vontade da apisoante maioría dos padróns do taxi desta cidade que, diante dunha situación moi concreta de crise económica, están vendo como están a traballar menos, como á hora de chegar á súa parada teñen que empezar a dar voltas gastando combustible, non aforrando cartos, por suposto, e ademais contaminando ou no peor dos casos poñerse na parada en dobre fileira ou prolongando as liñas do que lles corresponde o que obviamente é unha infracción e ademais supón unha dificultade para o tráfico que a ninguén se lle escapa.

É unha situación moi concreta que aconsella avanzar na dirección correcta que é mellorar a calidade de vida e do servizo, a calidade de vida dos padróns, tamén dos asalariados que traballan no taxi e así mesmo mellorar o servizo porque estamos absolutamente convencidos de que ese deambular de taxis con contaminación e gastando combustible é absolutamente absurdo, nunha situación na que ademais temos garantido que vai haber un servizo mesmo moito mellor e obviamente non se van deixar de prestar servizos, co que os ingresos no global do sector van ser os mesmos coa gran vantaxe de que, sendo os ingresos os mesmos, van ter un día de descanso semanal polo menos. Se queren outro voluntario xa é cousa dos propios taxistas.

O que ademais asombra desta alegación é que poña en dúbida o propio Regulamento nacional de servizos urbanos de transporte en automóbiles lixeiros que no seu artigo 40 deixa perfectamente claro que “as entidades locais adxudicatarias das licenzas serán competentes para establecer as medidas de organización e ordenar o servizo en materia de horarios, calendarios, descansos e vacacións, oídas as asociacións profesionais de empresarios e traballadores”, cousa que fixemos por activa e por pasiva porque falamos con todas as asociacións previamente a tomar esta medida e tamén por suposto posteriormente. Pero é que tamén o recolle así a nosa propia ordenanza municipal que no seu artigo número 3 indica que “As disposicións complementarias que poderá ditar o Concello refírense, entre outras cousas, Punto 2: Quendas de vacacións e de descansos”. Está absolutamente claro.

Diante dunha claridade tan total, como é posible que se presente unha alegación que poña en dúbida que temos esa competencia de organizar os descansos? Pois para a alegación atopan unha frase dunha Sentenza dunha Audiencia Territorial que no seu momento, 13 de xullo de 87 e mesmo fan referencia a unha posterior do 18 de marzo de 89, fala da liberdade de empresa, etc., e desvirtúa o que realmente é o fondo do

asunto porque as sentenzas posteriores son absoluta e totalmente claras.

Así a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, que por certo é de onde sacan unha Sentenza anterior á que fai referencia o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana, dicindo que non ten nada que ver co asunto e que non ten ningún sentido porque precisamente, e poñen o acento nese tema da liberdade de empresa, hai unha xurisprudencia moi abundante nese tema que mesmo levou a que se denominen as actividades que realizan sectores como o do taxi como servizos públicos virtuais ou impropios e sentenzas posteriores falan de que é un servizo de interese público e consecuentemente indican todas as sentenzas que deixan claro que en absoluto se está a vulnerar o principio de liberdade de empresa. Así o indican sentenzas como a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que di o mesmo o 20 de marzo de 2003: "...Natureza de servizo de interese público..., inexistencia de vulneración do principio de liberdade de empresa..., adecuación a dereito", etc. É dicir non hai por onde coller a alegación, como din os asesores xurídicos do Concello.

Pero o máis importante non é iso, é que tomando esta decisión o goberno e o Concello de Vigo, porque espero que haxa unha maioría clara ó respecto, o que está é garantindo un mellor servizo de auto-taxi e tamén un mellor nivel de vida para os traballadores -padróns e asalariados- dese servizo que están a facer un moi importante e gran servizo público na cidade de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Este é un tema complexo e que, como acaba de expresar o Sr. Calviño, matiza moi ben varias cuestións. En primeiro lugar moita prudencia, en segundo lugar que é un tema provisional e o terceiro tamén o acaba de dicir el, que é unha medida puntual mentres dure a crise.

Nós dicimos abertamente que temos moitas dúbidas sobre se isto é o mellor para o sector do taxi e así llo fixemos chegar ós colectivos do taxi. Non temos claro que sexa a mellor solución loxicamente para o interese xeral, pero tamén para o interese concreto do sector do taxi. De teren claro que isto é o mellor para o taxi non teríamos ningunha dubida en deixar transcorrer isto sen facer mención nin comentario. Nós temos moitas dúbidas e coido que é bo que se faga este período de proba, pero temos que seren honestos e como xa dixemos na aprobación inicial, é bo que entre todos non fagamos política desta cuestión do sector do taxi, nós dende logo non a imos facer e así o quixemos trasladar, non imos abrir máis debates, nin afondar

neste debate, senón que nos imos poñer ó dispor tanto do goberno como de todos os colectivos do taxi para, analizando o transcórrese deste período de proba, ver que é o mellor.

Eu brindeime nas últimas horas a ter todo tipo de reunións. Tamén é certo que nós carecemos dunha información técnica que nos diga claramente por que se quere facer ou por que se defende esta proposta. O Sr. Calviño acaba de dicir que quere que sexa provisional, mencionou moi claro o dun período de proba. Fago unha valoración positiva, non a entenda dun xeito negativo, supoño que seguramente vostedes tampouco teñen claro que poida ser a mellor solución. Polo menos é unha solución aínda que non sexa a mellor.

Sr. Calviño, digo con toda franqueza que a nós nos gustaría, se vostede quere, facer unha convocatoria nos próximos días con todos os colectivos. Nós brindarémonos dun xeito positivo a que así poida ser, queremos colaborar pero con base. Ten que entender vostede que nós non temos estudos técnicos, nin proposta técnica, nin datos e evidentemente tomar unha decisión destas características sen datos e única exclusivamente coa mostra do que poida suceder co transcórrese do tempo, parécenos que non sería unha postura correcta.

Nós imos seguir mantendo a nosa postura inicial pero en calquera caso eu dígolle claramente que nos brindamos a sentármonos para buscar unha solución para este colectivo. Saben que sempre estivemos colaborando dunha maneira positiva, como tamén é certo que vostede o fixo cando estaba na oposición, nunca houbo conflito entre a Corporación e o sector do taxi, de ningún xeito, houbo temas puntuais ou evidentemente matizacións. Eu creo que non se debería producir un debate político no sentido de buscar o enfrontamento.

Nós evidentemente imos seguir mantendo o noso criterio mentres non se nos razoe dunha maneira clara e se temos que cambiar a nosa posición, no momento que teñamos datos e argumentacións claras non teremos ningún problema nin faremos disto unha cuestión de fondo porque nos interesa que o sector do taxi funcione ben. Sabemos que hai un momento de crise complicado para todos pero o que non sabemos é se este momento de crise é o momento da oportunidade de facer este tipo de descanso ou é todo o contrario. Dicimos claramente que temos todas as dúbidas, non somos capaces de atopar unha postura concreta porque nos parece que as situacións de crise xeran oportunidades pero ó mellor é unha oportunidade negativa facer isto.

Polo tanto repito que nos poñemos ó dispor do goberno se considera oportuno convocar unha comisión ou unha reunión, para sentármonos cando o coiden oportuno e así llo trasladamos a todos os colectivos do taxi.

Non imos facer máis debate disto porque este remata hoxe para nós mentres siga este período de proba, pero imos seguir mantendo a nosa postura inicial como unha matización ou toque para que se saiba que temos moitas dúbidas de que isto poida ser a mellor solución para o sector do taxi.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Pola nosa banda lamentar que o Partido Popular non se incorpore ó voto, aínda que pola intervención do Sr. Figueroa non está claro, porque é obvio que tivemos absolutamente todos os períodos de consulta e conversas e a oposición por suposto ten a súa posibilidade de facelo en todo momento, ou non se vai poder relacionar a oposición con todas as organizacións? A cousa está bastante clara, os datos están na rúa, sinxelamente hai que se dar un paseo pola cidade e ver como están nas paradas a maioría do tempo, durante todo o día, cunha presenza excesiva de vehículos que por desgracia en moitas ocasións teñen que marchar porque non teñen sitio.

Repito que non lle quero dar a argumentación do medio ambiente porque non quero ser oportunista, pero é obvia e evidente. Fíxese vostede nas paradas e verá como están con moita presenza de taxistas.

Eu vexo que a mellora da calidade de vida é obvia, os servizos vanse garantir exactamente igual, vanse realizar os mesmos servizos cunha grande vantaxe e polo tanto terán os mesmos ingresos coa vantaxe de que van ter un día de descanso e polo tanto unha mellora sensible na calidade de vida.

Non pode dicir que non existe proposta técnica, está no expediente, está a experiencia da grande maioría de todas as cidades de España, mesmo algunha está con dous días de descanso e mesmo algunha que ten un día se está pensando ir a dous.

Repito que aquí o facemos con toda a prudencia porque non queremos tomar medidas que cren conflito no sector e obviamente estamos absolutamente convencidos que o servizo vai mellorar, que non se vai deteriorar, pero en todo caso o facemos con toda a prudencia e garantindo que de seren necesario mesmo durante o período de proba tomaríamos resolucións para permitir esa presenza.

Lamentablemente, permítame que faga unha referencia porque me é moi absurdo

que vostedes non participen da unanimidade neste tema con todo o que estamos a falar do asunto. Paréceme tan absurdo que me ten que deixar sacar unha conclusión: vostedes teñen unha pequena clientela política que ó mellor ten un determinado criterio e queren seren sensibles con ela. Todos sabemos que cando se fai unha enquisa mesmo se é de Elvis Presley, sae un 4 ou 5% que pensa que aínda segue vivo, é dicir, sempre hai unha pequena minoría que pode ter unha opinión diferente. Realmente coido que vostedes están a apoiar unha minoría que dende logo non está a defender o mellor servizo de taxi. Malia as graves contradicións que hai nas alegacións está moi claro que ó que están é a defender determinados intereses moi reducidos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Calviño, nós nunca fomos convocados polo goberno para falar deste tema. É a única matización que lle quero facer. Non lle vou entrar ó trapo, Sr. Calviño, porque o tempo porá a cada quen no seu sitio. Estou totalmente convencido de que as dúbidas que temos nós se van presentar neste percorrido durante estes meses.

Nós non temos ningunha clientela política. Vostede si ten unha sentenza en contra dunha serie de licenzas que deu e que lle custan a este Concello máis de dous millóns de euros. Vostede si ten ese aspecto negativo, eu dende logo non e síntome moi orgulloso dos anos que levo nesta Corporación que seguramente tivemos máis colaboración, xenerosidade e máis apoio co sector do taxi que tivo vostede durante a súa traxectoria. A nosa está aí e seguirase mantendo. Estou convencido que ó final deste percorrido ó mellor algúns igual colaboramos dun xeito máis positivo do que está a facer vostede.

Non quixen entrar no debate de fondo político nin lle vou entrar, o único que lle digo é que temos moitas dúbidas, vostede comprenderao se un responsable de tráfico deste Concello me di que a única proba ou argumentación para tomar esta decisión é percorrer as paradas de taxis. Creo que o goberno deberá ter algún dato ou información ou polo menos que lla traslade á oposición.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É case o 90% do sector o que está a dicir isto, quere vostede máis dato que este? Máis dato que todo un sector que está clamando por unha medida deste tipo? Non quero entrar de novo no debate pero, ten sentido, agás pola razón que apuntei, que vostedes se neguen a un período de proba con

absolutamente todas as garantías? É claro que a súa postura non responde máis que ó que comentei anteriormente.

(Está ausente o Sr. Coello Bufill do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada en data 23 de xullo de 2010, con número de documento 100099904 pola Asociación Profesional provincial de Auto-taxis de Pontevedra, contra o acordo adoptado polo Pleno en sesión realizada en data 31 de maio de 2010, polo que se aprobaba inicialmente a *Disposición Complementaria da ordenanza reguladora do Servizo de Auto taxi da cidade de Vigo*, polos motivos expostos no informe-proposta que se transcribe nos antecedentes.

Segundo.- Aprobar definitivamente a disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo de auto taxi da cidade de Vigo pola que se establecen quendas de descanso no sector nas seguintes condicións :

- 1) Establecer o descanso obrigatorio de auto taxis durante un período de proba de tres meses .
- 2) Fixar o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00.00 a 24.00 horas, iniciándose o cómputo pola licenza nº 1.
- 3) Excluir da obrigatoriedade do descanso obrigatorio ás licenzas que presten servizo no aeroporto de Vigo de conformidade co réxime específico ditado pola Xunta de Galicia.
- 4) Excluir da obrigatoriedade do descanso obrigatorio ás licenzas de eurotaxi que soamente poderán prestar servizo nos citados días ás persoas de mobilidade reducida en atención ás necesidades dese colectivo.
- 5) Se durante o período de proba variasen as condicións polas que se solicita a implantación do descanso, se detectase polos servizos municipais falta de servizo ou se producise algún acontecemento na cidade que así o aconsellase, por acordo da Xunta de Goberno local, poderase deixar en suspenso a medida adoptada.

- 6) Se finalizado o período de proba de tres meses, o resultado fose satisfactorio para o sector e o solicitase unha representación maioritaria do mesmo, por acordo do Pleno da Corporación poderá prorrogarse o descanso obrigatorio.
- 7) En tanto se manteña o descanso obrigatorio, o Concello comprométese a manter o número de licenzas actuais, é dicir, 553.

Terceiro.- Publicar o texto íntegro deste acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, texto que entrará en vigor aos 15 días hábiles da publicación.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Creo que este é un tema no que non paga a pena entrar en debate. Creo que para regular o descanso do sector do auto-taxi non fai falla que encarguemos a ningunha empresa un estudo xurídico, técnico, unha valoración, unha avaliación do que supón iso porque coido que non é necesario. Creo que hai unha cuestión técnica moi importante que é escoitar ó sector.

Señores, hai que escoitar ó sector porque son eles os que están traballando moitas horas, tanto os padróns como os propios asalariados, porque na situación actual na que nos atopamos cando antes había que traballar menos agora hai que traballar moitas máis horas. Eu coñezo xente, mesmo matrimonios que están os dous traballando moitas horas e non poden compatibilizar o seu traballo coa súa familia. Creo que hai que escoitar a este sector porque coido que son eles os que saberán mellor ca ninguén dos que estamos aquí como hai que regular e facer para que poidan rendibilizar mellor o seu traballo.

Cando me reunín coa Directiva había unha argumentación que para min é de peso: todos os traballadores e traballadoras neste país queren descansar un día e merecen ese descanso, igual que todos os comerciantes pechan os domingos cando evidentemente a desgracia é que as grandes multinacionais que poden soportar ese traballo non o precisan e poden abrir todos os días do ano. Pero este sector non é unha multinacional, é un sector composto por traballadores e traballadoras e se eles propoñen isto, señores do Partido Popular, deixemos a dúbida, pero a dúbida démoslla a eles, é dicir, votemos, cousa que non fixeron, o que eles propoñen e que eles mesmos sexan os que avalíen os resultados.

De teren eu algunha dúbida o poder da dúbida dareillo á maioría do sector, nunca tereille que dar o poder da dúbida a unha minoría, e isto é democracia. Eu doulle o poder da dúbida á maioría do sector e por iso o BNG votou a favor desta proposta.

10.- (177).- CAMBIO DE USO DOTACIONAL, DE SOCIO-CULTURAL A DEPORTIVO, DA PARCELA MUNICIPAL NÚM. 000299. EXPTE. 12722/411.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2010, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade do arquitecto director e máis da xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“I. ANTECEDENTES

1.- Tramítase no expediente de referencia a solicitude de data 30.06.2010 formulada polo director deportivo do IMD e coordinador da Tenencia de Alcaldía relativa ó cambio do uso dotacional, de equipamento socio-cultural a deportivo, dunha parte dos terreos onde se sitúa o local da AVV/UVCD de Candeán, un palco de música e unhas pistas deportivas no Camiño da Devesa, na parroquia de Candeán.

2.- En concreto refírese á parcela municipal nº 000299 do Inventario xeral municipal, coa referencia catastral nº 7473905NG2777S0001PU, denominada «Alameda de Candeán», lindeira coa parcela municipal nº 000468 (esta de natureza patrimonial), coa que forma un conxunto duns 17.000 m<sup>2</sup>, onde se sitúa a AVV/UVCD de Candeán; a súa sede social na parte alta (parcela nº 000468), un palco de música e dúas pistas deportivas descubertas na parte baixa (parcela nº 000299).

3.- Trátase dunha parcela de 7.726 m<sup>2</sup> de superficie, de carácter demanial, que foi adquirida polo Concello de Vigo mediante compravenda no ano 1988 e que figura afecta ó uso público, adscrita ata o de agora ó Servizo municipal de Montes, Parques e Xardíns. Non consta a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

4.- No vixente PXOM esta parcela, xunto coas lindeiras, está clasificada como solo urbano consolidado e cualificada como «Equipamento local sociocultural», coa ordenanza de aplicación nº 13, de Áreas e edificacións socioculturais, non contemplándose expresamente entre os seus usos tolerados ou compatibles o «deportivo».

5.- Consta no expediente de referencia informe urbanístico do director da Área de Planeamento-Xestión de data 18.06.2010 sobre a posible compatibilidade dun edificio multiusos pero non dun edificio exclusivo para uso deportivo dentro do uso característico dotacional socio-cultural previsto polo Plan Xeral.

6.- Na solicitude da Concellería delegada de Deportes xustifícase a necesidade (prioritaria) de construír un pavillón deportivo en Candeán pola demanda veciñal dun recinto onde se poidan desenvolver actividades deportivas que redunden en beneficio dos habitantes desa parroquia.

En data 04.08.2010, o director deportivo do IMD achega, ademais, informe técnico



sobre planificación das infraestruturas deportivas nas parroquias da cidade e sobre a demanda de instalacións deportivas no termo municipal e, en concreto, na parroquia de Candeán, subliñando que:

*«Actualmente o ámbito de Candean é unha das parroquias que non contan cunha instalación polideportiva cuberta (...), e dentro da planificación do crecemento das infraestruturas deportivas, dende o ano 1998, a Concellería de deportes ten a expectativa de construír un pavillón polideportivo nesta parroquia o cal tamén afectaría a dinámica deportiva de Sampaio (...) En relación coa demanda de práctica deportiva a parroquia de Candean destaca polas numerosas actividades que se desenvolven dende as entidades deportivas adscritas ás mesmas, deste modo, a propia Asociación Veciñal Cultural e deportiva de Candean, o club de fútbol de Candean, xeran na actualidade unha dinámica deportiva moi importante, a cal demanda a existencia dunha instalación deportiva cuberta para poder desenvolver en mellores condicións a actual actividade deportiva que ven desenvolvéndose en relación o fútbol e fútbol sala, vinculadas principalmente coas instalacións existentes hoxe en día.*

*Por outra banda o deporte hoxe en día alcanza una dimensión universal e de forma específica existe unha demanda crecente en relación os programas de actividade física para adultos, a cal debese realizar en instalacións deportivas cubertas que respondan a uns mínimos de calidade.»*

7.- Figuran tamén no expediente os distintos informes dos responsables das concellerías delegadas ós que se lles requiriu a súa opinión sobre as previsións que en relación coa parcela en cuestión puidesen ter. En concreto:

- 1) Informe do Concelleiro delegado de Cultura e Animación Socio-cultural do 15.07.2010, no que pon de manifesto que, pola súa parte, non habería ningún inconveniente en modificar o uso dotacional.
- 2) Informes, no mesmo sentido, dos delegados das Áreas municipais de Distritos, Montes, Parques e Xardíns, Educación e Deportes, todos eles de data 15.07.2010, favorables ó cambio de uso socio-cultural polo deportivo proposto.
- 3) Informe do xefe da Área de Benestar social do 28.07.2010 e da súa concelleira delegada, do 15.07.2010, indicando que, desde esa Área non existía inconveniente en acceder o solicitado por non existir previsión a curto prazo de ningunha dotación social nese ámbito.

8.- Ademais, recabouse o informe da Oficina de Patrimonio que, no emitido o 05.08.2010 polo xefe deste Servizo manifesta que a parcela nº 000299 «consta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos de 1993 coa denominación "Terreo de 7726 m2 Alameda de Candeán", natureza xurídica de ben de dominio público e adscrito o servizo de Montes, Parques e Xardíns. No terreo sitúase unha edificación (palco de música e pista polideportiva)».

En canto á parcela lindeira, nº 000468 do Inventario, o xefe de Patrimonio advirte que dita parcela foi cedida en uso á AVV de Candeán por acordo plenario do 07.04.1987 e que podería resultar afectada pola resolución do Xurado provincial de Montes Veciñais en Man Común do 27.10.1994, pola que se clasificaron como tales diversos montes da parroquia de Candeán.

9.- O 03.08.2010, a Presidenta da UVCD de Candeán asina un escrito, dirixido ó Delegado de Urbanismo e Vivenda, tamén incorporado ó expediente, no que manifesta a plena conformidade da Asociación á que di representar co cambio de uso a deportivo da parcela lindeira e coa proposta da Concellería de Deportes de construír alí unha dotación deportiva.

10.- Enviado o 09.08.2010 o expediente de referencia ó técnico de admón. xeral que subscribe, emítase o seguinte informe.

## II.- NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- RBEL (RD.1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades locais).
- LPAP (L.33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.  
Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde do Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## III.- DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- Dispón o art. 47.4 da LOUGA que o Concello Pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En termos semellantes exprésase o art. 5.5.4.3 das NNUU do PXOM. Obviamente, tal modificación deberá estar xustificada nos informes técnicos e xurídicos dos servizos municipais implicados.

2.- Así, consta acreditada no expediente, a teor dos salientados informes das distintas concellerías delegadas, a innecesariedade de seguir destinando a propiedade municipal inventariada co nº 000299 ó uso socio-cultural inicialmente previsto polo PXOM e de cambiar ese uso polo deportivo; que, por outra banda, xa se ven desenvolvendo en parte da parcela en cuestión. Tal modificación de usos queda reflectida, para os efectos informativos, no plano anexo a este informe.

3.- Desde o punto de vista urbanístico, consta tamén a xustificación técnica necesaria para os efectos do disposto nos arts. 47.4 da LOUGA e 5.5.4.3 do PXOM e, sen prexuízo do acordo que neste expediente se adopte, a recomendación de que se recoñeza o uso deportivo como un uso compatible co uso socio-cultural, considerando expresamente a actividade deportiva como un desenvolvemento da "cultura física" do individuo, o que debería propiciar a corrección neste punto da normativa do PXOM.

Á vista do exposto, de considerar o Pleno da Corporación (art. 47.4 LOUGA) suficientemente xustificado o cambio de uso dotacional promovido pola Concellería de Deportes podería, previo informe da Secretaría xeral (arts. 122.5.e).2º] LRBR, 54.1.b] TRRL e 173.1.b] ROF) e fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b] TRRL e 173.1.b] ROF), por proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (art. 10.1.j] Estatutos XMU), adoptar, coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o acordo que a seguir se propón.”

Polo exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A devandita proposta contén un selo co “Intervido e conforme” do interventor xeral.

A Secretaria Xeral do Pleno, en data 19 de agosto, informa o que segue:

#### “LEXISLACIÓN APLICABLE

- .- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 19 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).
- Normas Urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Como xa se sinalou nos antecedentes por parte da Xerencia de Urbanismo elévase proposta de cambio de uso dotacional, en concreto de uso socio-cultural a deportivo, contando a referida proposta cos correspondentes informes técnicos en relación a dito cambio, estando recollida dita posibilidade con carácter xenérico no artigo 47.4 da LOUGA cando dispón que:

*4. El Ayuntamiento pleno, por mayoría absoluta legal y sin necesidad de seguir el procedimiento de modificación del plan, podrá acordar el cambio de uso de los terrenos reservados para equipamientos públicos por otro uso dotacional público distinto, siempre que se mantenga la titularidad pública o se destine a incrementar las zonas verdes y espacios libres públicos.*

Posibilidade que se ve así mesmo contemplada na normativa urbanística municipal, PXOMV, que establece no seu artigo 5.5.4 o réxime de substitucións dos usos dotacionais, dispoñendo en relación co suposto que nos ocupa

*- Substitución dun uso dotacional público proposto: non será precisa a modificación do planeamento sendo suficiente utilizar o procedemento simplificado previsto no artigo 47.4 da LOUGA.*

Segundo.- Non consta no expediente certificación rexistral da inscrición do referido ben a nome do Concello de Vigo, en tanto que en relación coa súa situación dende o punto de vista do Inventario municipal de bens, deben terse en conta as precisións salientadas no informe do xefe de Patrimonio de data 5 de agosto (folios 23 a 29).

Terceiro.- A tal efecto, e dende o punto de vista de Secretaría, o acordo estará suxeito ós requisitos de competencia e maioría cualificada na adopción do acordo, sendo competente o Pleno da Corporación en cumprimento do disposto no artigo 47.4 da LOUGA en conxunción coa Lei 7/1985, e requirindo para a súa validez que o acordo se adopte por maioría absoluta do número legal de membros, debendo ser o Pleno o que aprecie se no expediente en concreto se dan as circunstancias de conveniencia e oportunidade que xustifiquen dito cambio de uso dotacional.

Por se tratar dun acordo sometido ó réxime de maioría cualificada o expediente deberá remitirse para informe á intervención municipal en cumprimento do disposto no artigo 54 TRRL.

Polo exposto, dende esta Secretaría, emítese a seguinte CONCLUSIÓN

A aprobación da proposta de acordo sobre cambio de uso dotacional da parcela municipal nº 000299 do Inventario municipal de bens e dereitos (expediente 12722/411) de data 10 de agosto, requirirá acordo plenario que deberá adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, debendo incorporarse previamente informe da Intervención, sen prexuízo do sinalado no fundamento segundo do presente informe.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 2 de setembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada anteriormente.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Coa aprobación do Plan económico-financieiro do Concello de Vigo e coa aprobación hoxe do cambio de uso dotacional de socio-cultural a deportivo desta parcela, iniciamos xa o trámite para a construción dun novo pavillón deportivo de Candeán que se ven engadir neste ano 2010 a un salto moi importante no que son as infraestruturas deportivas da cidade. Vense engadir á construción do novo campo e polideportivo de Navia, novos dous centros de auga en Barreiro e na Miñooca, ó novo espazo polideportivo en Barreiro, etc.

Pero ademais ven concluír unha programación que temos dende a Concellería para que todas as parroquias de Vigo contén cun pavillón polideportivo que non sexa só unha estrutura pechada de ladrillos, senón que conte cos servizos necesarios. Este pavillón vai ter ximnasio adicional e, atendendo ó pedimento dos veciños de Candeán, imos facer un espazo aberto deportivo ó carón do propio pavillón.

O que quero dicir é que efectivamente o BNG e este goberno cumpren en dúas direccións. Cumpren cos veciños de Candeán e de Sampaio e tamén cos acordos que asinan con outras administracións porque este pavillón polideportivo nace a través da sinatura dun protocolo de convenio entre o Concello de Vigo e a Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia. Os compromisos das dúas administracións eran que o Concello de Vigo construíra o polideportivo e a Xunta de Galicia facía a remodelación integral das pistas de atletismo de Vigo. Os atletas de Vigo seguen agardando pola Xunta, agardando que a outra administración que se comprometeu na outra parte do convenio cumpra.

O BNG e o goberno de Vigo cumpre cos veciños e cos acordos que asina con outras administracións.

SR. FIGUEROA VILA: Vai sendo hora de que algúns recoñezan certas xestións. Que o concelleiro de Deportes diga que a magnífica xestión das piscinas dos complexos de Barreiro e da Miñooca sexa por mor da súa xestión, que quere que lles diga, polo menos que diga a verdade, diga que as dúas instalacións por importe de máis de 7 millóns de euros deixáronse xestionadas e adxudicadas polo Partido Popular no anterior mandato é cun custe cero para as arcas municipais.

Así é como algúns deberían entender a xestión.

Para que os veciños e veciñas de Vigo se decaten repito que eses dous complexos de auga en Barreiro, diante das vivendas sociais que por certo, foron as últimas que tamén adxudicou a corporación anterior, adxudicáronse polo Partido Popular. Vostedes viven de réditos desas dúas instalacións porque non fixeron absolutamente nada, só fixeron un control pero aínda por riba nin tiveron control dos tempos porque deberían estar xa en marcha dende hai un ano. Pero o importante é dicirlles ós veciños que esas dúas instalacións custaron cero euros para as arcas municipais, nin un só euro. É certo que vostedes dende a oposición apoiaron este proxecto, non así o Partido Socialista que tamén estivo en contra desas dúas instalacións.

Hai que empezar a dicir todas estas cousas porque ós poucos se sabe a verdade. Igual que as mentiras que se din aquí como a de que un despacho custou dous millóns de euros. Non, hailles que dicir ós veciños e veciñas que dous millóns de euros se investiron en dous edificios: o do reitorado e máis o que está anexo, é dicir, en 4.000 m<sup>2</sup> de superficie no centro de Vigo, calquera pode facer unha taxación.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, de seguiren por aí dareille a palabra á concelleira de Facenda.

SR. FIGUEROA VILA: Vostedes levan con este compromiso dende o inicio do mandato. Nós imos votarlles a favor pero o imos facer non moi satisfeitos porque nos parece que esa instalación debería estar ó carón do campo de fútbol, esa é a nosa posición. De gobernaren construíríamos ese pavillón ó carón do campo de fútbol porque é o que ten sentido. Nunha zona como a de Candeán o que ten sentido é que un complexo deportivo estea completamente concentrado porque pasan casos curiosos como o dun matrimonio que teña dous fillos, que un xogue ó fútbol e o outro ó baloncesto, o lóxico é que o pai, a nai ou os familiares estean nunha mesma zona de concentración e non estean totalmente dispersos nunha parroquia, un nun lado e o outro noutro.

Ademais a nós tamén nos chegaron algunhas denuncias de veciños nas que nos din que unha instalación o ar libre como teñen alí ó carón da asociación veciñal sería bo seguila mantendo ó ar libre, non perdela e concentrar o pavillón ó carón do campo de fútbol. Esa sería a nosa postura e queremos que quede clara neste Pleno, aínda que lles imos votar a favor porque o importante é que se faga o pavillón de deportes e

non xerar outras cuestións.

Sr. concelleiro de Deportes, parécenos ben que dentro da súa xestión as dúas instalacións máis importantes que vai inaugurar sexan dúas instalacións que lle deixou adxudicadas o goberno do Partido Popular. Iso parécenos ben pero a única matización que queremos facer é que polo menos diga que nós llo deixamos adxudicado, algo que vostede se atribúe como xestión de seu.

SR. ALONSO PÉREZ: Cando governe o Partido Popular decidirá onde situar. Nós dende o goberno o que facemos é escoitar ós veciños e as instalacións abertas que van apegadas ó polideportivo, mantéñense porque é pedimento dos veciños e como gobernamos escoitando ós veciños, se manteñen.

Eu coido que o Partido Popular, en troques de estar preocupado de defender á Xunta, debería defender á cidade. É lamentable que o Partido Popular aínda non cumprira o compromiso que ten con esta cidade no convenio que naceu como protocolo de cooperación entre este Concello e a Dirección Xeral anterior e unha vez que hai cambio de goberno o goberno do Partido Popular esquécese de Vigo. Coido que o Partido Popular mellor faría preocupándose de defender a esta cidade.

Pero non se preocupen que dende este goberno as piscinas se iniciaron e se van rematar tal e como aconteceu coa de Valladares, que se colleu a medio facer e puxémola en funcionamento. Non se preocupen.

(Están ausentes o concelleiro Sr. Coello Bufill, do Grupo Popular, e a concelleira Sra. López Atrio do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar, ó abeiro do disposto no artigo 47.4 da lei 9/2002, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia, o cambio de uso dotacional, de socio-cultural a deportivo, da parcela municipal nº 000299 do Inventario municipal de bens e dereitos (ref. catastral nº 7473905 NG2777S0001PU). Trátase dunha parcela de dominio e uso público, de 7.726 m<sup>2</sup> de superficie, denominada «Alameda de Candeán», adquirida mediante compravenda polo Concello de Vigo e adscrita ata o de agora ó Servizo municipal de Montes, Parques e Xardíns. Está situada entre as rúas Devesa e Travesía da Devesa, na parroquia de

Candeán e adscríbese agora, en virtude deste acordo, ó Servizo de Deportes como ben demanial de servizo público (pavillón deportivo).

Segundo.- Instar da oficina municipal de Patrimonio a modificación, no sentido exposto, da descrición da parcela municipal de referencia

Terceiro.- Publicar este acordo no BOP e notificalo, para o seu coñecemento, á Tenencia de Alcaldía, Unión Veciñal, Cultural e Deportiva de Candeán, ás concellerías de Área e xefaturas dos servizos municipais responsables de Deportes, Cultura e Animación Socio-cultural, Benestar Social, Distritos, Montes, Parques e Xardíns, Educación, Patrimonio e ós Servizos de Cartografía, Intervención urbanística e Información da Xerencia de Urbanismo.

11.- (178).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO “ESTUDO DE DETALLE RÚA CORUÑA, NÚM. 33”. EXPTE. 12293/411.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de agosto de 2010, a técnica de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade do arquitecto director e máis da xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“Con data 27.10.2009 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 90153910) escrito presentado por D. Amadeo Estévez Cortizo, actuando en representación da mercantil “Camponabal, S.L.” achegando documentación correspondente ao estudo de detalle redactado polo arquitecto D. Jaime Cortizo Amaro, con visado do COAG de data 21.10.2009.

O día 04.11.2009 o adxunto ao Director de Planeamento-Xestión emitiu informe técnico sobre o asunto, entendendo que naquela documentación non se xustificaba por parte da propiedade o cumprimento do contido do art. 9.3.11 (modificado) das NNUU do PXOM relativo ao tapado de medianeiras.

Remitido o citado informe ao interesado, mediante oficio da xerente da XMU do 11.11.2009, e concedido un trámite de audiencia, o técnico redactor do estudo de detalle presenta o día 14.01.2010 (Doc. nº 100004198) un escrito no que formula unha serie de observacións e reparos ao contido do informe técnico municipal ao tempo que achega documentación complementaria visada polo COAG o 13.01.2010.

Este último documento foi obxecto dun novo informe polo adxunto ao director de Planeamento-Xestión, de data 29.01.2010, non favorable á solución proposta naquel estudo de detalle e do que se lle deu traslado á mercantil “Camponabal, S.L.” o día 19.02.2010, concedéndolle un novo trámite de audiencia durante o que, se o estimaba oportuno, poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes en relación co informado.



Mediante instancias presentadas no Rexistro xeral da XMU o 22.03.2010 (Doc. nº 100039059) e 05.04.2010 (Doc. nº 100043819) se achegaron dúas copias do documento modificado do «ESTUDO DE DETALLE RÚA CORUÑA Nº 33», redactado polo mesmo arquitecto, Sr. Cortizo Amaro, con visado colexial de datas 18.03.2010 e 31.03.2010 (plano de seccións segundo o PXOM).

Vista a documentación presentada, o día 09.04.2010 o adxunto ao director de Planeamento-Xestión da XMU emite informe no que conclúe que: *“(...)A proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da ordenanza, nun sólido de oito plantas mantendo o dereito edificatorio. A ordenación proposta non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas lindeiras.(...)”*.

En sesión ordinaria do día 03.05.2010 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o “Estudo de Detalle Rúa Coruña nº 33” redactado polo arquitecto Sr. Cortizo Amaro, con visado colexial de datas 18.03.2010 e 31.03.2010 e abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia.

O día 23.08.2010 o xefe de asesoramento xurídico certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no Faro de Vigo de 21.05.2010 e no DOG correspondente ao día 28.06.2010 e, que rematou o 21.07.2010 así como o prazo concedido por edito a interesados aos que non se puido practicar a notificación intentada mediante publicación no BOP de Pontevedra do 15.07.2010 que rematou o 07.08.2010, non se hai constancia nesta Xerencia Municipal de Urbanismo da presentación de alegación algunha.

Mediante escrito con entrada no Rexistro xeral o día 03.06.2010 (doc. 10078366) D<sup>a</sup> Estrella Josefina Espiña Casals actuando en representación da mercantil “Espiña y García, S.L.” comunica o cambio de titularidade do inmovible obxecto do referido Estudio de Detalle en favor da nomeada entidade mercantil, segundo consta na escritura de elevación a público de acordos sociais da entidade mercantil denominada “Camponabal, S.L.”, sobre redución do capital social, outorgada perante o notario de Vigo, D. Francisco Fernández Iñigo o día 16.02.2010, co nº 221 do seu protocolo e insta o *cambio de titularidade* do referido estudio de detalle.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Normativa examinada:

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas

-----  
S. Ordinaria 06.09.10

- e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).
  - RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
  - RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
  - RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
  - RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
  - Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; A.D. modificación, BOP 20.07.2010).
  - PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## II.- Obxecto e límites do estudo de detalle:

Establece o art. 73 da LOUGA -e, en termos semellantes, o art. 4.1.3 das NNUU do PXOM- que, en desenvolvemento dos Plans xerais, plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:

- Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- Ordenar os volumes edificables.
- Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.

En ningún caso poderán (arts. 73.2 LOUGA e 65 RPU):

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

O ámbito de solo urbano consolidado obxecto deste estudo de detalle está conformado pola unidade urbana integrada polo predio e edificación existente con fronte á rúa Coruña nº 33, coa referencia catastral nº 1750506NG2715S0001MK.

No caso presente, o de Estudio de Detalle inicialmente aprobado formulouse ao abeiro do preceptuado, con carácter xeral, no Art. 73 da LOUGA e, especificamente, no art. 9.3.11 apdo. 7 das NNUU do PXOM («Altura da edificación»), segundo o que,

en determinados casos, debidamente xustificados, nos que, por mor dunha mellor adaptación ao ambiente, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindeiras, cando estas superen notablemente a altura fixada no PXOM e xeren problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no art. 9.3.11.1 das NNUU; que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin dun máximo de 11 plantas. Nestes supostos, o Concello esixirá a presentación dun estudo de detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta ordenanza, con especificación de:

- Situación actual e entorno,
- Determinacións do Plan Xeral,
- Aproveitamento derivado da aplicación directa desta ordenanza e das propostas presentadas.

Cúmprese, ademais, o disposto no art. 9.3.10 das NNUU do PXOM con relación ó «Fondo edificable» e no art. 9.3.13 sobre o «Dereito edificatorio» (2.244,30 m<sup>2</sup>c).

De acordo co informe de día 09.04.2010 do adxunto ao Director de Planeamento - Xestión, o estudo de detalle presentado ordena o volume resultante derivado das determinacións da ordenanza aplicable (ordenanza n<sup>o</sup> 3: «Edificación en couzada pechada») nun sólido de oito (8) plantas, mantendo o dereito edificatorio que lle corresponde, sendo así que a ordenación proposta: «non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas lindeiras».

### III.- Procedemento de aprobación:

O estudo de detalle r/Coruña, n.º 33, foi aprobado inicialmente o día 03.05.2010 pola Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.d) da LRRL) e sometido a información pública polo prazo de vinte días mediante anuncio no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia, sen que se presentasen alegacións durante o devandito período (artigo 86.2 da LOUGA). Visto o resultado da información pública, o órgano municipal competente o aprobará definitivamente.

O artigo 92.2 da LOUGA esixe a publicación do acordo de aprobación definitiva, no prazo dun mes desde a súa adopción, no DOG e o do documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no BOP.

Ademais, de acordo co preceptuado no artigo 92.3 da LOUGA a aprobación definitiva do devandito instrumento será comunicada á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio (CMATI) e daráselle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que integran o plan sobre os que recaera o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo secretario do Concello, facendo constar dito extremo.

No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á nomeada Consellería.

### IV.- Órgano competente para a aprobación definitiva:

A competencia corresponde ao Pleno segundo o disposto no artigo 123. i) da LRBRL.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 2 de setembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada anteriormente.

(Están ausentes o concelleiro Sr. Coello Bufill, do Grupo Popular, e a concelleira Sra. López Atrio do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobado definitivamente, de conformidade cos informes técnicos que constan no expediente núm. 12293/411, o «Estudo de detalle rúa Coruña nº 33», promovido pola mercantil “España y García, S.L.”, redactado polo arquitecto Sr. Cortizo Amaro, con visado colexial de datas 18.03.2010 e 31.03.2010.

Segundo.- Publicar o presente acordo no DOG, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no BOP de Pontevedra, ao abeiro do disposto no artigo 92.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como na páxina web do Concello de Vigo.

Terceiro.- Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, conforme ao disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do nomeado estudo de detalle e darlle á vez traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo secretario do Concello, facendo constar no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Cuarto.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, entre os que se contarán as comunidades de propietarios dos edificios da rúa Coruña núms. 31 e 35, e advertir que o presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación ou publicación, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que coiden oportuno.

12.- (179).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO E CASCO VELLO DE VIGO E DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 4449/407.

ANTECEDENTES.- Con data 38 de agosto de 2010, o xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

“Con data 28 de xuño de 2010 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a modificación da ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello e na Área de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas. O 16 de xullo de 2010 publicouse no BOP anuncio iniciando un prazo de exposición de 30 días hábiles, durante o cal presentouse unha única alegación a nome de D. Duarte Ferrín Iglesias (doc. nº 100100085).

A directora da Oficina de Rehabilitación, o 23 de agosto de 2010, emite informe fundamentando e propoñendo a desestimación da alegación presentada e na mesma data emite o seguinte informe para propoñer a aprobación definitiva da devandita ordenanza:

“1. MOTIVACION DA MODIFICACIÓN E MODIFICACIÓNS PRINCIPAIS.

I.- Motivación da modificación.

1.- O obxecto da ordenanza é o desenvolvemento dos convenios asinados entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vigo ao abeiro do RD2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula el Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 publicado no BOE nº 309 do 24 de decembro e ao abeiro do D 402/2009, do 22 de outubro (DOG nº217 de 5 de novembro), polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no RD 2066/2008.

2.- A ordenanza e aplicábel tanto para o Casco vello de Vigo como para o Barrio histórico de Bouzas, coas salvidades que especifiquen os seus correspondentes PEPRI, cara a facilitar a xestión e unificar criterios.

3.- O RD 2066/2008 de 12 decembro, Plan Vivenda 2009-2012 no Capítulo III, Eixo 3: “Áreas de rehabilitación integral e renovación urbana”, Sección 1ª referido a Programa de áreas de rehabilitación Integral de conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e municipios rurais (ARIS) establece no seu artigo 46 as condicións que deben ter as áreas de rehabilitación. Segundo este artigo débese modificar as condicións de Centro histórico da Área de rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas pois tendo a figura de Plan especial aprobado non conta con declaración de conxunto histórico, xa que logo o expediente incoado ao efecto foi rexeitado pola autoridade competente. Así pois a ordenanza será para a Área de rehabilitación de Conxunto histórico-centro histórico do Casco vello de

Vigo e Área de rehabilitación integral (de centro urbano) do Barrio Histórico de Bouzas.

4.- O D 402/2009 do 5 de novembro así como o convenio suscrito entre a Xunta de Galicia e o Ministerio da Vivenda para a aplicación del Plan Estatal en data 1 de xullo (BOE nº 174 do 20 de xullo) establecen límites aos m<sup>2</sup> protexibles das vivendas así como aos ingresos das unidades familiares para uso propio que soliciten axudas. Nos convenios anteriores eximíanse destes supostos, así pois os recollemos para dar conta das regulacións esixidas na Lei (RD 2066/2008, art. 47 e D402/2009).

## II.- Modificacións principais

1.- Modifícanse a cantidade a percibir por actuacións de rehabilitación, pois establecece un tope máximo de 11.600 euros por actuación en Casco Vello e 10.000 euros en Bouzas sendo esta de comúns ou ben vivenda ou ambas. (art. 10).

2.- Establécense como máximo o 70% do orzamento protexible nas actuacións de rehabilitación independentemente do uso, ben uso propio ou ben alugueiro ( art. 10).

3.- As actuación de rehabilitación de vivenda para uso propio dos solicitantes que superen 6,5 veces o IPREM en vigor no momento da solicitude de axudas non poden solicitar as axudas á rehabilitación aquí reguladas (art. 10 e 14)

4.- En aplicación da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, (DOG nº 13 de 20 de xaneiro de 2009) estas axudas serán compatíbeis con calquera outra sempre e cando non se supere o 75% do orzamento protexíbel, coas salvidades que cada norma estableza segundo o seu desenvolvemento regulamentario (art. 2).

5.- Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados sen recuperación da estrutura orixinal salvo xustificación técnica suficientemente motivada e se modifica o artigo referido aos elementos definidos como desconformes no planeamento (art. 6 e 7).

6.- O orzamento protexible (art. 12) será supervisado e aprobado polos técnicos adscritos ao programa segundo a aplicación dos prezos da Base de datos da Construción de Galicia ó orzamento presentado polo promotor ou promotores. Establecece un orzamento protexible mínimo de 1000 euros por vivenda e un límite de 90m<sup>2</sup> (art. 41 do D 402/2009)

7.- Recollemos nesta ordenanza a opción dos solicitantes de axudas á rehabilitación a solicitar o préstamo convido sen subsidiación referido no art. 48, punto 5 do RD 2066/2008. (art. 16).

8.- Reformúlase o articulado referido á documentación a aportar para a solicitude de axudas: referido ao solicitante, á titularidade do inmovible, ao destino da vivenda así como a relativa ás actuacións a realizar co gallo de clarificar este apartado (art. 18).

9.- Sinalase a necesidade da achega da ITE do edificio de ser obrigada a súa presentación e se especifica a periodicidade de 10 anos das axudas para a rehabilitación ao abeiro dos Plan vivenda despois de dez anos (art. 8.).

10.- Por último na disposición adicional primeira especifícanse os coeficientes ponderativos IPREM-establecidos no D402/2009 do 22 de outubro de aplicación en actuacións para uso propio en

actuacións privativas do edificio (vivenda).

11.- Para facer a selección de solicitudes no momento da convocatoria e co gallo de poder encadrar nas distintas anualidades as actuacións preseleccionadas ou finalistas segundo establecen os acordos asinados o 22 de febreiro de 2010- obxectivos 2009, propónse que no momento da selección se achegue licenza e de non ter este requisito, se poda aportar á solicitude de licenza, o proxecto básico, a orde de execución ou o informe da ITE. Deste xeito pódese encaixar dun xeito máis razoábel as anualidades futuras que dificilmente ou en contadas ocasións poden contar con licenza nos prazos estipulados nese convenio antes referido ( art. 13)

## 2.- EXPOSICIÓN PÚBLICA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA E INFORME DE ALEGACIÓN PRESENTADAS.

1.- En data 16.07.2010 publícase no BOP nº 135 o anuncio de aprobación inicial polo Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 28.06.2010 a modificación da ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de rehabilitación do Casco vello e na Área de rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas. O obxecto desta publicación é a exposición pública durante un prazo de 30 días hábiles a partir do seguinte da súa publicación no BOP e poida ser examinado o expediente 4449/407 e presentarse polos interesados as súas alegacións.

2.- En data 23.08.10 os Servizos centrais da Xerencia de urbanismo, cumprido xa o prazo de presentación de alegacións -en data 21.08.2010-, acreditan que foi presentada unha soa alegación, en data 23.07.2010. Estudada a mesma considérase desestimada en virtude do seguinte informe de alegación ao expediente 4449/407 de modificación de ordenanza reguladora das axudas a rehabilitación de vivendas e edificios nas áreas de rehabilitación de Casco vello e Barrio histórico de Bouzas.

3.- Alegación nº 1, rexistro de entrada na Xerencia de urbanismo Nº100100085, presentada por Duarte Ferrín Iglesias con DNI 36074033M.**Informe da alegación presentada:**

### DEREITO E VALORACIÓN:

A alegación presentada polo cidadán referida ás cantidades de subvención máximas diferentes segundo sexa Casco vello o Barrio histórico de Bouzas dicir que o obxecto da ordenanza é o desenvolvemento dos convenios asinados entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vigo ao abeiro do RD2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula el Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 publicado no BOE nº 309 do 24 de decembro e ao abeiro do D 402/2009, do 22 de outubro (DOG nº217 de 5 de novembro), polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no RD 2066/2008.

A ordenanza é aplicábel tanto para o Casco vello de Vigo como para o Barrio histórico de Bouzas, coas salvidades que especifiquen os seus correspondentes PEPRI, cara a facilitar a xestión e unificar criterios.

O RD 2066/2008 do 12 decembro, Plan Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 no Capítulo III, Eixo 3: “Áreas de rehabilitación integral e renovación urbana”, Sección 1ª referido a programa de áreas de rehabilitación integral de conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e municipios rurais (ARIS) establece no seu artigo 46 as condicións que deben ter as áreas de rehabilitación.

Segundo este artigo o Barrio histórico de Bouzas non cumpre cos requisitos establecidos no RD2066/2008 de Conxunto Histórico. Así pois modificáronse as condicións da ordenanza ao non cumprir as condicións estipuladas no RD, se ben é certo que conta coa figura de Plan especial aprobado non conta con declaración de conxunto histórico, xa que logo o expediente incoado ao efecto foi rexeitado pola autoridade competente. Así pois a ordenanza será para a Área de rehabilitación de Conxunto histórico-centro histórico do Casco vello de Vigo e Área de rehabilitación integral (de centro urbano) do Barrio Histórico de Bouzas.

O D 402/2009 do 5 de novembro así como o convenio suscrito entre A Xunta de Galicia e o Ministerio da Vivenda para a aplicación del Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación en data 1 de xullo (BOE nº 174 de 20 de xullo) establecen límites aos m<sup>2</sup> protexibles das vivendas así como aos ingresos das unidades familiares para uso propio que soliciten axudas. Nos convenios anteriores eximíanse destes supostos, así pois os recollemos para dar conta das regulacións esixidas na Lei (RD 2066/2008, Art. 47 e D402/2009).

Na mesma alegación manifesta que se debe diferenciar a tipoloxía das obras (vivenda e elementos comúns) e a posibilidade de volver solicitar de darse o caso de distintas obras. No artigo 3) Condiciones xerais dos demandantes de vivenda e financiamento, punto 1 letra f) do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, di textualmente: “no haber obtenido ayudas financieras ni prestamo convenido para el mismo tipo de actuación, al amparo de planes estatales o autonómicos de vivienda, durante los diez años anteriores a la solicitud actual”. Na proposta de ordenanza se especifica a periodicidade de 10 anos das axudas para a rehabilitación ao abeiro Plan 2009-2012.

Debemos especificar que enténdese actuación de rehabilitación como a actuación nunha vivenda tanto o referente ás cotas de participación nos seus elementos comúns e/ou a intervención no interior, isto é os elementos privativos da mesma. Se ben é certo que son obras diferentes, a interpretación administrativa da subvención ven marcada pola intervención na vivenda ben nos seus elementos comúns como nos seus elementos privativos, son actuacións computábeis a unha soa solicitude, polo que deberan encaixarse ás máximas posíbeis na actuación na que corresponda, **sempre como mínimo cada dez anos.**

Nos acordos asinados en data 22 de febreiro de 2010 establécense as 23 actuacións como obxectivo mínimo a cubrir pola **ARI de Bouzas** sendo os orzamentos para o conxunto da ARI de 230.000 euros en actuacións de rehabilitación de vivendas ou edificios, sendo financiada esta rehabilitación con importes de 5.000 euros por parte da Xunta de Galicia e 5.000 euros polo Goberno de España a través das súas respectivas institucións correspondentes, isto é a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio da Vivenda respectivamente. Así pois o **ARI de Bouzas pode optar a un máximo de 10.000 euros por actuación.**”

TRALO EXPOSTO CONSIDERASE QUE,

A alegación presentada non pode ser recollida na proposta de modificación de ordenanza atendendo aos artigos antes sinalados que fan referencia aos máximos de axudas posíbeis na ARI de Bouzas e a periodicidade da solicitude axudas á rehabilitación nas áreas de rehabilitación declaradas na cidade. Queda pois desestimada.”

Este informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 23 de agosto de 2010, é asinado polo Concelleiro Delegado de Cascos Históricos.

Por non se ter presentada variación ningunha respecta á aprobación inicial, non se



somete a nova fiscalización pola Intervención.

Vistos os referidos antecedentes e informes e de conformidade co artigo 49 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, ...”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 2 de setembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada anteriormente.

INTERVENCIÓN DO SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Traemos a aprobación definitiva da normativa que dá cabida ás axudas que en materia de rehabilitación se conceden nas áreas históricas do Concello de Vigo, do Casco Vello e da Vila de Bouzas.

Estamos diante dunha normativa que dá cabida a un dos programas de máis éxito e con mellor acollida na sociedade. Cunha vixencia de dez anos no Concello de Vigo logrou mobilizar máis de 400 actuacións cun investimento de máis de 4 millóns por parte das administracións e case un total de 12 millóns de euros en total.

Este Plan, xunto co esforzo feito co apoio dos programas levados a cabo nos catro últimos anos polo goberno do Concello de Vigo, están a configurar un novo panorama nos cascos de Vigo e Bouzas. Nestes tres últimos anos o esforzo investidor pulouse por un investimento de máis de 16 millóns de euros para actuacións nos espazos públicos, tanto prazas como rúas. As obras de recuperación dos servizos e acometidas das redes separativas de augas pluviais e fecais, a instalación de novos servizos como as redes de comunicación e a mellora do alumeadado e do tratamento das superficies, promove que novos ocupantes queiran acudir ó casco histórico de Vigo e Bouzas. Poucos investimentos poden ser máis rendibles para unha administración que aqueles que procuran a recuperación dos espazos nos que naceu unha cidade como é a cidade de Vigo. A cidade de Vigo é Bouzas e tamén é o Casco Vello.

A normativa agora reformada permite seleccionar as axudas para aquelas persoas que reúnan un nivel de ingresos medio e baixo e tamén establecen mecanismos que permiten excepcionalmente axudar a aquelas persoas que aínda non tendo ingresos poidan facer reformas nas súas vivendas de carácter perentorio, polo tanto é unha axuda que ten un carácter social extraordinariamente importante.

Un papel fundamental en todo este traballo tívoo a oficina de Rehabilitación do Casco

Vello e tamén, como non o dicir, os servizos da Xerencia de Urbanismo que neste ámbito actúan. O seu traballo de asesoramento, xestión, preocupación profesional, lograron un clima de confianza de todos aqueles cidadáns que se achegaron coñecer que posibilidades tiñan coa súa vivenda. Abondan uns datos para este recoñecemento. Neste sentido acudiron máis de 1.500 titulares de vivendas que representaban a máis de 5.000 persoas que daquela non atopaban solución ós seus problemas nas vivendas que ocupaban: infravivendas, goteiras, humidades, falla de servizos e nalgún caso nin tan sequera existían baños nas propias vivendas como moitos de vostedes coñecerán; estamos xa no século XXI e nin iso existía en moitas das vivendas que se logrou recuperar con este proxecto.

Debemos dicir polo tanto que se logrou frear o despoboamento e abríronse novos camiños para que quen queira acudir a estes espazos o faga sen problemas e con todas as garantías da mellora dos servizos.

Permítanme dicir que así e a todo estamos nun momento crítico debido á situación de crise. As familias cada vez reciben menos ingresos, o paro incrementouse, é necesario redistribuír os fondos que entran nunha familia e polo tanto esa situación complicou e vai complicar máis nos próximos anos esta tarefa.

Temos que dicir por iso que estamos diante dun tren que se puxo en marcha e que non debemos actuar irresponsablemente e perder esta nova ocasión para facer revivir o centro da nosa cidade e o do barrio de Bouzas. En todo caso o Concello de Vigo actuará para o impedir e así estamos reforzando as axudas tanto en materia de fachadas como de cubertas. Como saberán vostedes este ano na recuperación do Berbés implementamos 130.000 euros e están a piques de saír as primeiras axudas, tamén para ese ámbito. En definitiva, estamos convencidos de que sen estas axudas e apoios é imposible recuperar estes espazos.

Repito que lles estamos moi agradecidos tanto ós servizos da oficina de Rehabilitación coma ós da Xerencia de Urbanismo polo traballo feito e coidamos que entre todos debemos seguir implementando este traballo porque é o futuro de moito do que pode ocorrer nesta cidade.

(Estás ausentes os concelleiros Sr. Coello Bufill e Sra. García Míguez, do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada por D. Duarte Ferrín Iglesias o 23 de xullo de 2010 (número de documento de rexistro 100100085).

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello e na Área de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas, co texto aprobado inicialmente o 28 de xuño de 2010 polo Pleno da Corporación e que figura no expediente.

Terceiro.- Ordenar a publicación do texto íntegro da citada ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

13.- (180).- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DE ERROS E DO TEXTO CONSOLIDADO/REFUNDIDO DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 991/400.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de agosto de 2010, o asesor xurídico xefe da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“En data 06.07.10 o Delegado de urbanismo e vivenda resolveu o seguinte:

*“(...) Primeiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo provisional de aprobación da modificación dos estatutos da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para a súa adaptación á lexislación vixente <expte 991/400>, ó non se presentar ningunha alegación no período de exposición ao pública(...)”.*

A publicación da modificación dos estatutos realizouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 20.07.10 (número 137).

Unha vez realizada a publicación, constatouse a existencia dos seguintes erros materiais ou de feito:

a) Artigo primeiro “Natureza da Xerencia municipal de urbanismo”: Reprodúcese o artigo 228.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Precísase a eliminación da aludida referencia por se tratar dun erro de transcripción.

b) Artigo quinto “O Presidente dea Xerencia municipal de urbanismo”: Precisa a rectificación gramatical da preposición “de” cando se trata a atribución Presidencial de recoñecemento de obrigas e ordenar pagamentos, substituíndo a mesma pola

conxunción copulativa “e”. Así mesmo, por redundante coa letra “o”, suprímese a letra “p”.

c) Artigo décimo segundo: “Facultades do Xerente municipal de urbanismo”: Precisa ser eliminada a atribución referida na letra i) do punto primeiro do artigo 12º por ser reprodución da prevista para o presidente no artigo quinto.

Por outra parte, o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra cinguiuse ao texto modificado da versión dos estatutos aprobados polo Pleno do Concello de Vigo o 29.07.96 e 20.10.00, para facilitar o seu manexo e comprensión por todos os interesados precisa a aprobación e publicación dunha versión consolidada dos mesmos.

Por todo isto, á vista do informado, de acordo co previsto no artigo 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ...

Deseguido o asesor xurídico da Xerencia de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 2 de setembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada anteriormente.

(Están ausentes o concelleiro Sr. Coello Bufill, do Grupo Popular, e a concelleira Sra. López Atrio do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lariña Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Primeiro.- Rectificar os erros de transcrición e gramaticais descritos nos antecedentes do presente informe correspondentes aos artigos primeiro, quinto e décimo segundo.

Segundo.- Dar aprobación á versión consolidada ou refundida dos estatutos da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que se transcribe deseguido, integrando os artigos vixentes correspondentes ás aprobacións plenarias de 29.07.96, 20.10.00 e 26.04.10.

# **ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO**

## **PREÁMBULO**

A Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, foi creada por acordo plenario de data 29.07.96 como un modo de xestión directa do servizo público de urbanismo, actuando como organismo autónomo e dotada de personalidade xurídica propia.

Dende a data de constitución ata a presente, se produciron diversos cambios legislativos que derivaron en disfuncionalidades do texto de estatutos aprobados que ata este momento se están a rexer.

A disposición transitoria terceira da Lei 57/2003, do 16 de decembro, estableceu un mandato no sentido de realizar un proceso de adaptación dos estatutos trala nova configuración legal outorgada aos organismos autónomos prevista no artigo 85 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A reforma presentada proxéctase sobre os cinco capítulos da redacción orixinaria, con tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e final.

A reforma do Capítulo Primeiro procura a adaptación da definición da Xerencia municipal de Urbanismo como un órgano de xestión directa do Concello de Vigo para o servizo público encomendado legalmente ás Entidades Locais en materia urbanística. Por outra parte, se precisa dunha mellor definición das potestades e funcións atribuídas ó organismo autónomo de acordo coa nova distribución de atribucións realizada trala entrada en vigor do Título X da Lei 57/2003 para os municipios de gran poboación e a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Defínense con detalle as funcións instrumentais de planeamento e xestión, vivenda e solo e na intervención administrativa na actuación dos particulares.

En canto á proposta de reforma do Capítulo Segundo, consiste na adaptación do réxime dos órganos necesarios da Xerencia municipal, regulando con detalle as materias e atribucións reservadas ó Concello e as que son asumidas con competencia resolutoria plena polo organismo autónomo. Dadas as posibilidades organizativas que permite a asunción do réxime dos Municipios de gran poboación, crease a figura do Delegado de Urbanismo como órgano diferenciado ao de Vicepresidente do Consello da Xerencia. Así mesmo, o réxime de funcionamento do Consello da Xerencia é remitido ás regra previstas para as comisións informativas previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

O Capítulo Terceiro aclara a situación do persoal que presta servizos na Xerencia municipal de urbanismo, remitíndose a súa regulación a unha relación de postos de traballo na que se contemple a definición da totalidade dos postos de traballo, sexan prestados por persoal propio do organismo autónomo ou do Concello de Vigo.

A reforma do Capítulo Cuarto, céntrase na definición do réxime patrimonial da

Xerencia municipal de Urbanismo e as función encomendadas á hora da administración do Patrimonio Municipal do Solo.

O Capítulo Quinto procura unha maior descrición do réxime xurídico dos actos e resolucións dos órganos integrados na Xerencia municipal de Urbanismo.

Nas disposicións adicionais da reforma presentada, prevén a posibilidade e procedemento de aprobación dos estatutos, as eventuais consecuencias da disolución da Xerencia e por último, o establecemento dun control de eficacia e eficiencia da xestión do servizo público encomendado.

Por todo isto, propónse a reforma dos estatutos da Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, no sentido que se indica nos artigos que se relacionan a continuación.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

Artigo primeiro: Natureza da Xerencia municipal de Urbanismo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1, 85.2.A e 86 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os artigos 295.3 b) e 301.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 5.2 e 228.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia e os artigos 15 e seguintes do Real Decreto 3.288/78, do 25 de agosto, constitúese a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como organismo autónomo de carácter local con personalidade xurídica pública e patrimonio propio para o cumprimento dos seus fins.

A sede do organismo autónomo encóntrase situada na Praza do Rei do Concello de Vigo.

Artigo segundo: Obxecto, finalidade e potestades administrativas.

1.- Constitúe o obxecto e a finalidade da Xerencia municipal de Urbanismo, a xestión e execución, en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ó Concello en materia urbanística, co alcance e límites establecidos nos presentes estatutos.

2.- Para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión.

3.- Na súa calidade de administración pública, dentro da esfera das súas competencias e de conformidade có disposto no artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a Xerencia Municipal de Urbanismo ten as potestades administrativas propias seguintes:

- a) Potestade de auto-organización sen prexuízo da que lle corresponda ó Pleno da Corporación regulamentaria e de ordenación dos aspectos secundarios da función encomendada, no marco e co alcance establecido nos presentes estatutos, particularmente a de ditar instrucións e ordes de servizo de réxime

interno.

- b) Potestade financeira.
- c) Potestade de programación ou planificación das súas actividades.
- d) Potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens e daqueles que lle foran adscritos ou cuxa administración teña encomendada
- e) Presunción de lexitimidade e executividade dos seus actos administrativos.
- f) Potestade de execución forzosa e sancionadora.
- g) Potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.
- h) Prelación, preferencias e demais prerrogativas recoñecidas á Facenda Pública para os seus créditos, así como a inembargabilidade dos seus bens e dereitos nos termos establecidos pola Lei.
- i) Potestade de constituír sociedades mercantís, participar noutras xa constituídas ou entidades públicas empresariais, cando sexa imprescindible para a consecución das súas finalidades.
- j) Potestade de control da edificación e do uso do solo
- k) Nos supostos de carencia dalgunha potestade precisa para o cumprimento dos seus fins, nos termos previstos nos presentes estatutos, a Xerencia poderá solicitar o seu exercizo polo Concello ostentando a condición de beneficiaria.

4.- Son funcións atribuídas á Xerencia municipal de Urbanismo:

A) As funcións instrumentais de planeamento e xestión:

- 1.- Redactar, tramitar e propoñer ós órganos municipais competentes a revisión ou modificación do Planeamento de Ordenación Municipal e de desenvolvemento de iniciativa pública previstos na lexislación en materia urbanística pola Comunidade Autónoma.
- 2.- Tramitar e propoñer ós órganos municipais competentes a aprobación ou modificación do planeamento de desenvolvemento e calquera outro instrumento de ordenación urbanística de iniciativa privada establecido pola lexislación da Comunidade Autónoma.
- 3.- Informe de todo tipo de instrumento de ordenación do territorio que incida sobre o planeamento municipal.
- 4.- Preparar e propoñer a aprobación de calquera documento ou proxecto de índole urbanística que deba e poida redactar o Concello.
- 5.- Expedición de informes e certificacións urbanísticas acreditativas do réxime urbanístico aplicable ás fincas, edificios, polígonos ou sectores, nos supostos previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal e na lexislación vixente.
- 6.- Informe, avaliación e seguimento da actividade de execución urbanística, na que comprenderá necesariamente a sostibilidade ambiental e económica.
- 7.- Análise, seguimento e control da incidencia do desenvolvemento urbanístico nas infraestruturas previstas no planeamento ou noutros instrumentos.

- 8.- Executar, directa ou indirectamente, plans e proxectos urbanísticos, así como a realización de cantos actos atribúe a lexislación vixente aos Concellos en relación coa execución de planeamento, incluíndo a tramitación e proposta de aprobación de estatutos e bases de actuación de entidades urbanísticas colaboradoras.
  - 9.- Incoación, tramitación e proposta de aprobación dos expedientes de substitución do sistema de actuación cando resulte procedente a súa modificación.
  - 10.- Tramitación e proposta de aprobación de todo tipo de instrumento de equidistribución.
  - 11.- Propoñer a delimitación e aprobación de proxectos de normalización de predios.
  - 12.- Tramitar, executar e proposta de aprobación de expedientes de expropiación forzosa.
  - 13.- Redactar, tramitar e executar os proxectos de urbanización, así como o seguimento e control da execución e recepción.
- B) As funcións instrumentais en materia vivenda e solo.
- 1.- A xestión do Patrimonio municipal do solo, ostentando a titularidade fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre os bens que o integran, correspondendo a titularidade dominical ó Concello. Para tal efecto, poderá adquirir, posuír, reivindicar, administrar, gravar e allear toda clase de bens, así como adquirir por calquera título terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de soares ou calquera outra finalidade análoga de carácter urbanístico. En particular, formalizará as adquisicións de aproveitamentos urbanísticos e as cesións de terreos que se produzan como consecuencia da execución do planeamento.
  - 2.- A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. Así mesmo, a coordinación cos restantes departamentos municipais, organismos estatais e autonómicos con competencia en materia de necesidades de vivenda, para establecemento dun programa municipal de axudas á vivenda.
  - 3.- A información e asesoramento técnico en materia de vivenda, habitabilidade e réxime de axudas públicas á vivenda.
  - 4.- A regulación e tramitación dos expedientes de realoxamento por actuacións urbanísticas.
  - 5.- A tramitación de todo expediente relacionado co Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar, así como a proposta de declaración de incumprimento dos deberes urbanísticos e inclusión das fincas e edificacións no Rexistro de soares, ós efectos da súa venda, substitución



ou expropiación forzosa.

- 6.- A xestión e regulación dos usos dos solos destinados a equipamentos que son adquiridos polo Concello no desenvolvemento do PXOM.
- C) As funcións instrumentais en materia de intervención administrativa.
- 1.- Proposta de outorgamento de toda clase de licenza urbanística, de edificación e uso do solo e subsolo, incluíndo o sinalamento de aliñacións e rasantes e demais actos previstos no Plan Xeral.
  - 2.- Proposta de outorgamento de licenzas de instalación e apertura de toda clase de establecementos industriais, fabrís ou mercantís.
  - 3.- Exercer as funcións de policía urbanística e, en particular velar polo cumprimento do deber de conservación dos edificios, terreos e urbanizacións, ditando ao efecto as ordes de execución que foran precisas e declarando, no seu caso, o estado ruinoso das construcións.
  - 4.- Adopción de medidas previstas na lexislación urbanística sobre protección e restauración da legalidade urbanística.
  - 5.- Incoación, instrución e resolución de expedientes sancionadores por comisión de infraccións urbanísticas.
- 5.- As anteditas facultades teñen un mero carácter enunciativo e non limitativo, comprendendo outras que foran congruentes coas indicadas e sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- 6.- Así mesmo a Xerencia asumirá as competencias, funcións ou actividades, cuxo exercizo ou xestión lle foran delegadas ou encomendadas polo Concello ou outras Administracións Públicas.

Artigo terceiro.- Atribucións e funcións reservadas ó Concello de Vigo.

Respecto ás materias indicadas no artigo precedente, o Concello, resérvanse as seguintes facultades:

- 1.- A aprobación inicial, provisional e definitiva, en caso de delegación por parte da administración autonómica, do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de desenvolvemento, así como as súas modificacións e revisións.
- 2.- Aprobar ou adoptar resolucións sobre os actos preparatorios da ordenación urbana, tales como: suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación e reforma: apertura de prazos para recoller suxestións ou observacións sobre a necesidade, conveniencia e demais circunstancias da ordenación ou alternativas de planeamento.
- 3.- Aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e os de urbanización.

4.- O outorgamento de todo tipo de licenza, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación nos órganos integrados na Xerencia.

5.- Aprobar o orzamento da Xerencia municipal de Urbanismo e as contas de liquidación do mesmo.

6.- Aprobación dos convenios de xestión e planeamento tramitados pola Xerencia municipal de Urbanismo.

7.- Delimitación de áreas onde as transmisións onerosas están suxeitas o dereito de tanteo ou retracto.

8.- A aprobación da relación de postos de traballo, retribucións do persoal, oferta de emprego público de todo o persoal que preste servizos na Xerencia e as bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións en materia de persoal, do persoal que se encontre en adscrición na Xerencia.

## **CAPÍTULO SEGUNDO.- ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN**

Artigo cuarto.- Órganos de goberno e o Xerente.

1.- Os órganos de goberno da Xerencia son os seguintes:

- O Presidente.
- O Vicepresidente.
- O Delegado no seu caso.
- O Consello da Xerencia.

2.- O Xerente configúrase como órgano directivo de acordo co previsto no artigo décimo primeiro.

3.- O Secretario do Pleno e o Interventor exercerán na Xerencia municipal de Urbanismo as funcións previstas legalmente para tales postos. Sen embargo, tales funcións poderán ser encomendadas a funcionarios que por delegación dos respectivos titulares da Secretaría e Intervención, prestarán os seus servizos directamente na Xerencia municipal de Urbanismo. A persoa que exerza as funcións da Secretaría, asumirá as previstas para o titular da Asesoría Xurídica na lexislación de contratos do sector público.

Artigo quinto.- O Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo.

1.- O Presidente da Xerencia será o Alcalde-Presidente do Concello, correspondéndolle o exercicio das seguintes facultades:

- a) Ostentar a representación da Xerencia.
- b) Convocar e presidir as sesións do Consello de Xerencia.
- c) Conferir poderes para preitos e exercitar accións administrativas e xurisdicionais en caso de urxencia, dando conta ó Consello na primeira reunión que teña lugar, para a súa ratificación.
- d) Exercer as funcións atribuídas ó Alcalde pola lexislación xeral en materia de

- expropiacións.
- e) Outorgar cantos documentos públicos sexan necesarios nas actuacións da Xerencia, coa asistencia do secretario da Xerencia no seu caso.
  - f) A aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións en materia de persoal propio da Xerencia municipal de urbanismo.
  - g) Declarar a situación de ruína inminente e, no seu caso, adoptar as medidas de seguridade necesarias.
  - h) Adoptar as ordes de suspensión de obras, actividades e outras actuacións urbanísticas que se efectúen sen licencia ou sen axustarse ás condicións da concedida.
  - i) Ditar ordes de execución de obras.
  - j) Autorizar e dispoñer gastos correspondentes a contratos menores e demais gastos ata o límite permitido polas bases de execución do orzamento da Xerencia, así como recoñecer a obriga de ordenar todos os pagamentos.
  - k) O nomeamento de persoal propio da Xerencia así como a resolución dos procedementos de provisión de postos de traballo.
  - l) A cancelación de fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
  - m) Sinalamento de aliñacións e rasantes.
  - n) Aprobar as liquidacións de taxas por prestación de servizos, prezos públicos e demais ingresos de natureza pública.
  - o) Aprobar as anulacións de liquidacións e as devolucións de ingresos indebidos.
  - p) A declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico e consecuente inscrición no Rexistro de soares e edificacións a rehabilitar.
  - q) O resto das atribucións da Xerencia non asignadas a outro órgano desta.

2.- O Presidente poderá delegar o exercizo das facultades indicadas no apartado 1º de este artigo no vicepresidente, delegado de Urbanismo e Vivenda e no xerente, salvo as indicadas no apartado b.

#### Artigo sexto.-O Vicepresidente.

1.- O Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo, é nomeado polo Presidente entre os membros do Consello da Xerencia.

2.- Será facultade do vicepresidente substituír ao presidente na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que llo imposibilite para o exercizo das súas funcións.

3.- As facultades previstas como vicepresidente poderán ser acumuladas ás previstas no artigo seguinte para o Delegado de urbanismo e vivenda.

#### Artigo sétimo.- O Delegado de Urbanismo e Vivenda.

1.- O delegado de Urbanismo e Vivenda será o concelleiro ou membro da Xunta de Goberno Local que ostente a delegación en materia de urbanismo e vivenda.

2.- Son facultades do delegado de Urbanismo e Vivenda aquelas que lle delegue expresamente o Presidente da Xerencia, sen prexuízo doutras facultades que lle correspondan por delegación do Alcalde.

#### Artigo oitavo.- Consello da Xerencia

1.- O Consello é un órgano de natureza colexiada integrado por membros da Corporación, con atribucións resolutorias e de estudo, informe, consulta e proposta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

2.- O Consello estará formado polo Presidente e polos membros que serán concelleiros, nomeados polo Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada un deles na Corporación municipal. Así mesmo, ás sesións do Consello da Xerencia asistirá a persoa que exerza as funcións da Secretaría.

3.- Todos os vocais terán os seus respectivos suplentes, aos sós efectos da substitución dos titulares nas sesións do Consello.

4.- Ás sesións que realice o Consello poderán asistir, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, a xuízo do Presidente, se considere oportuno e, en todo caso, o delegado de Urbanismo e Vivenda e o xerente municipal de Urbanismo.

5.- Ás sesións do Consello serán invitados todos os medios de comunicación e, polo tanto, as reunións realizaranse no lugar axeitado para dar cabida a todos os asistentes.

6.- Os membros do Consello cesarán con ocasión da renovación da Corporación Municipal ou cando sexa alterada a designación polo Pleno.

#### Artigo noveno.- O funcionamento do Consello da Xerencia.

1.- O Consello da Xerencia realizará sesión ordinaria polo menos unha vez á semana. Así mesmo, poderán realizarse sesións extraordinarias cando se considere necesario, a iniciativa do seu Presidente ou a solicitude da cuarta parte dos membros do Consello.

2.- O funcionamento e a realización das sesións do Consello da Xerencia, acomodará o seu funcionamento ó réxime previsto no seu regulamento interno, que en todo caso deberá axustarse ó previsto para as comisións informativas no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e demais lexislación básica estatal, á Lei de Administración Local de Galicia e ó Regulamento Orgánico do Concello de Vigo.

#### Artigo décimo.- Facultades do Consello da Xerencia.

1.- Correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de resolución das seguintes materias:

- a) Modificación dos presentes estatutos.
- b) Aprobación da modificación ou revisión do Planeamento Xeral ou de desenvolvemento.
- c) Suspensión facultativa de licenzas con ocasión do estudo, formación,

- modificación ou, no seu caso, revisión do planeamento.
- d) Aprobación de todo tipo de instrumento de xestión urbanística.
  - e) Delimitación de áreas onde as transmisións onerosas de terreos están suxeitas ó exercizo do dereito de tanteo ou retracto.
  - f) Proposta de aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo do organismo autónomo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas ou periódicas dos empregados públicos do organismo autónomo.
  - g) A proposta de sancións disciplinarias moi graves e graves do persoal que se encontre en adscrición na Xerencia.
  - h) A aprobación do proxecto de orzamento anual da Xerencia, o seguimento da execución orzamentaria, a proposta de aprobación da conta xeral de cada exercicio e a proposta de aprobación das modificacións orzamentarias de competencia plenaria.
  - i) A proposta de expropiación, venda ou substitución forzosa dos inmobles incluídos no Rexistro de Soares e edificacións a rehabilitar.
  - j) En xeral, elevar propostas de resolución ó Concello, sobre asuntos da competencia da Xerencia que, de acordo co disposto nas disposicións legais, deben ser aprobadas por algún órgano do Concello.

2.- Correspóndelle, con carácter resolutivo, as seguintes atribucións:

- a) Aprobación do regulamento interno da Xerencia municipal de Urbanismo.
- b) A imposición de sancións disciplinarias por faltas graves, moi graves ó persoal propio da Xerencia, a proposta do Xerente.
- c) A imposición de sancións por infraccións urbanísticas cometidas e a demolición de obras ilegais.
- d) Adopción de actos de disposición dos bens que integren o patrimonio municipal do solo e a utilización daqueles que o Concello adscriba para o cumprimento das súas finalidades, nos termos previstos na lexislación vixente en materia de urbanismo e patrimonio.
- e) A aprobación dos actos de disposición sobre o seu patrimonio para adquirir, gravar, liberar, allear ou transixir sobre os bens propios da Xerencia.
- f) Emisión de informes ou ditames en relación coas actuacións doutras administracións en materias propias da Xerencia.
- g) Aprobación de convenios con entidades públicas e privadas para o mellor desenvolvemento dos seus servizos e o máis eficaz cumprimento das finalidades da Xerencia, sempre que non correspondan a algún órgano do Concello.
- h) Aprobación de expedientes de contratación e adxudicación provisional e definitiva de obras, subministros, servizos, concesión de obras públicas e administrativos especiais que se tramiten por calquera procedemento, salvo o disposto para os menores no artigo quinto dos presentes estatutos.
- i) A autorización e disposición de gastos correspondentes a expedientes de contratación da súa competencia.
- j) Todas aquelas facultades que a lexislación urbanística atribúa ao Concello de Vigo, salvo que por disposición legal ou estatutaria se reserve a outros órganos.

3.- O Consello ostentará as facultades de control da actuación do presidente, vicepresidente, delegado de Urbanismo e Vivenda e do xerente.

Artigo décimo primeiro.- O Xerente municipal de urbanismo.

1.- O xerente é o máximo órgano de dirección do organismo. Terá a consideración de órgano directivo da administración municipal e, de conformidade co disposto no artigo 127.1.i da Lei 7/1985, do 2 de abril, será nomeado e cesado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Presidente da Xerencia municipal de urbanismo.

2.- O xerente deberá ser funcionario de carreira ou laboral das administracións públicas ou un profesional do sector privado, titulado superior en ambos casos e con máis de cinco anos de exercizo profesional no segundo. Se o cargo de xerente recaese nun funcionario municipal este pasará á situación de servizos especiais.

3.- Son de aplicación no desempeño do posto de xerente as incompatibilidades legais establecidas para o desempeño de cargos electivos nas Corporacións Locais.

4.- O xerente virá obrigado a dedicar íntegra e plenamente á súa actividade ó desenvolvemento de funcións que se lle encomenden, e sobre el pesarán as obrigas xenéricas dos empregados públicos e as que se deriven dos presentes estatutos.

Artigo décimo segundo.- Facultades do xerente municipal de urbanismo.

1.- Son facultades da persoa que exerza as funcións de xerente as seguintes:

- a) Exercicio efectivo das facultades de administración e xestión ordinaria da Xerencia, de conformidade co disposto nos presentes estatutos.
- b) Establecemento de directrices para a mellor xestión dos recursos da Xerencia.
- c) Informar ó Consello da Xerencia, así como o seu Presidente, da súa actuación e dos asuntos que concernisen á xestión da Xerencia.
- d) Difusión das actividades da Xerencia e impulso e colaboración entre os diferentes departamentos do organismo autónomo e do Concello.
- e) A xefatura superior de todos os servizos, dependencias e unidades, asumindo a dirección, impulso e a súa inspección.
- f) Exercer a dirección, xestión e goberno do persoal que presta servizos na Xerencia, baixo a dependencia superior do Presidente.
- g) Prestar, cando proceda, conformidade ás propostas que eleve cada Xefatura de Servizo, para a súa aprobación polo Consello de Xerencia.
- h) Elevar ó Consello de Xerencia o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de xeito que o Consello poida propoñer a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
- i) Incoación de modificacións orzamentarias de competencia presidencial.
- j.) Preparar o inventario de bens e dereitos da Xerencia e as súas actualizacións anuais, sendo responsable da custodia do mesmo.
- k) Elevar ó Consello proposta do orzamento anual da Xerencia, para a súa aprobación polo Pleno do Concello.
- l) Formular e someter a aprobación do Consello os plans de actuación da Xerencia.
- m) Colaboración na redacción da relación de asuntos para formar a orde do día das sesións do Consello da Xerencia.
- n) Aquelas que expresamente lle atribúan por delegación.

2.- En caso de ausencia, impedimento ou enfermidade do xerente, serán exercidas polo Delegado de urbanismo e vivenda.

Artigo décimo terceiro.- De Secretaría, de Intervención e dos Servizos Económicos.

As persoas titulares dos órganos da Secretaría Xeral do Pleno e da Intervención Xeral Municipal da Corporación exercerán na Xerencia Municipal de Urbanismo as funcións que lle están encomendadas na lexislación vixente e as que se atribúan na relación de postos de traballo compatibles coas anteriores, sen prexuízo dos Servizos de Asesoría e os Servizos Económicos que estableza a Xerencia e das delegacións que poidan realizar en funcionarios do organismo autónomo (propios ou adscritos).

As funcións de xestión orzamentaria, contabilidade, xestión en sentido amplo dos tributos e ingresos propios e de xestión financeira serán exercidas por funcionarios propios ou adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo, sen prexuízo da inspección e coordinación da contabilidade que realice a Intervención Xeral (ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade) de acordo coa normativa reguladora das Facendas Locais.

### **CAPÍTULO TERCEIRO.- PERSOAL DA XERENCIA.**

Artigo décimo cuarto.- Réxime, características e condicións do persoal.

A Xerencia Municipal de Urbanismo dispón dos seguintes efectivos:

- a) Persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo en réxime de adscrición.
- b) Persoal funcionario de carreira propio do organismo autónomo.
- c) Con carácter excepcional, persoal laboral fixo ou temporal para o desenvolvemento de funcións e tarefas que non impliquen o exercizo de potestades reservadas aos funcionarios de carreira nin salvagarda dos intereses xerais municipais nos termos do previsto na lexislación vixente.

Artigo décimo quinto.- Dereitos e obrigas do persoal.

Os dereitos e obrigas do persoal da Xerencia de Urbanismo serán os propios dos empregados públicos das Corporacións Locais e os que son derivados dos contratos específicos, do ordenamento xurídico vixente e do acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Vigo. A RPT da Xerencia deberá incluír como postos de traballo reservados a persoal funcionario todos aqueles nos que as súas funcións impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou a salvagardara dos intereses xerais do Concello de Vigo.

Artigo décimo sexto.- Relación de postos de traballo e organización administrativa.

- 1.- As funcións e tarefas a cada posto de traballo serán as definidas na relación de postos de traballo do organismo conforme ó establecido na lexislación vixente.
- 2.- A Xerencia organizarase administrativamente segundo o disposto no seu regulamento de réxime interior.

Artigo décimo sétimo.- Funcións e tarefas.

- 1.- As funcións e tarefas correspondentes a cada posto de traballo serán as

definidas na relación de postos de traballo do Organismo, conforme ao establecido na lexislación vixente.

2.- Con independencia do posto de traballo específico que se asigne a cada elemento persoal da Xerencia, o xefe de cada dependencia e, en todo caso, o Xerente, poderán encargarlle a realización daqueles cometidos, en calquera órgano da Xerencia que, por razóns de servizo e dentro da súa mesma categoría profesional, sexan necesarios en cada momento para o adecuado cumprimento das funcións asignadas a cada unha das dependencias da Xerencia.

#### **CAPÍTULO CUARTO.- RÉXIME ECONÓMICO.**

Artigo decimo oitavo.- Réxime económico e orzamentario.

1.- A Xerencia Municipal de Urbanismo disporá dos seguintes recursos:

- a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.
- b) Os tributos propios constituídos por taxas e contribucións especiais.
- c) Subvencións, auxilios e donativos concedidos para fins urbanísticos.
- d) Os percibidos en concepto de prezos públicos.
- e) O produto das operacións de crédito.
- f) O produto das multas e sancións no ámbito das súas competencias.
- g) Asignacións que para os mesmos fins se consignen no orzamento xeral do Concello de Vigo.
- h) Cotas de urbanización.
- i) Participación en ingresos procedentes de convenios con outros organismos públicos ou privados, para a realización de obras e servizos urbanos da súa competencia.
- j) Produtos dos alleamentos de terreos ou parcelas integradas no Patrimonio Municipal do Solo.
- k) Calquera outro recurso que proceda legal ou regulamentariamente.

2.- A Xerencia redactará anualmente un proxecto de orzamento que deberá ser sometido ao Concello de Vigo para a súa aprobación de acordo co establecido na lexislación vixente. Así mesmo, a Xerencia deberá someter anualmente ao Concello a rendición de contas e liquidación do seu orzamento.

Artigo décimo noveno.- Obxecto, natureza e réxime xurídico patrimonial.

1.- O Patrimonio da Xerencia municipal de urbanismo, estará constituído polo conxunto de bens e dereitos da súa pertenza. Os mesmos poderán ser adscritos ou propios do organismo autónomo.

2.- O réxime xurídico dos mesmos será o que lle corresponda a súa cualificación xurídica segundo estean clasificados de dominio público ou patrimoniais, tendo en conta a especialidade dos bens integrantes no Patrimonio municipal do solo.

3.- A Xerencia formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible. O inventario revisarase anualmente e someterase a aprobación do Pleno do Concello.



Artigo vixésimo.- Bens e dereitos integrantes no patrimonio municipal do solo.

1.- A Xerencia municipal de urbanismo, ostenta a titularidade fiduciaria respecto dos bens integrantes do patrimonio municipal do solo, ó que se refire o artigo 176 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Ten pleno poder dispositivo podendo exercer sobre eles, as facultades e potestades propias do dominio.

2.- O Concello de Vigo seguirá ostentando a titularidade dominical.

3.- A Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. O seu inventario será remitido anualmente ó Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello.

4.- A Xerencia remitirá anualmente á Xunta de Goberno Local un informe sobre os actos de disposición e administración dos bens integrantes no Patrimonio municipal do Solo.

Artigo vixésimo primeiro.- Dos bens adscritos

O Concello, poderá adscribir á Xerencia municipal de urbanismo, para o cumprimento das súas finalidades e exercizo de competencias, bens patrimoniais ou, no seu caso, de dominio de uso ou servizo público. Estes bens, polo feito da súa adscrición, non verán alterada a súa natureza ou cualificación xurídica, estando sometidos ó réxime xurídico que lles resultase de aplicación.

## **CAPÍTULO QUINTO.- RÉXIME XURÍDICO**

Artigo vixésimo segundo.- Eficacia e executoriedade dos seus actos.

1.- Os actos de natureza resolutiva ditados polos órganos da Xerencia, se presumen válidos e producen efectos dende o día no que se diten, salvo cando neles se dispoña outra cousa ou estean suxeitos a notificación, publicación ou aprobación superior.

2.- A Xerencia poderá executar forzosamente os actos ditados polos seus órganos, cos límites e coa utilización de calquera dos medios ou procedementos previstos no Capítulo V, do Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo vixésimo terceiro.- Actos que poñen fin á vía administrativa e recursos sobre os mesmos.

1.- Os actos e acordos de carácter resolutivo do Consello da Xerencia, do presidente, do vicepresidente, o delegado de Urbanismo e Vivenda e do xerente, poñen fin á vía administrativa.

2.- Contra os mesmos, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, previo, no seu caso, ou potestativo de reposición previsto na Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo vixésimo cuarto.- Accións civís e penais

Non se poderán exercitar accións civís ou laborais contra a Xerencia sen a previa interposición de reclamación previa ante a mesma, nos termos contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Artigo vixésimo quinto.- Responsabilidade patrimonial da Xerencia

1.- Toda persoa, física ou xurídica, pública ou privada, terá dereito a ser indemnizada pola Xerencia de toda lesión que sufra en calquera dos seus bens e dereitos, nos supostos, co alcance e termos previstos no Título X da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

2.- O procedemento de responsabilidade patrimonial seguirá os trámites previstos no artigo 142 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e no Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de esixencia da responsabilidade patrimonial ás Administracións Públicas.

3.- Será competente para a resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial o Presidente.

Disposición adicional primeira.- Modificación dos estatutos.

A modificación ou derogación dos presentes estatutos só poderá ser acordada polo Concello en Pleno, axustándose ós mesmos trámites esixidos para a súa aprobación, así como, en xeral, ás normas e disposicións que lle sexan de aplicación.

Disposición adicional segunda.- Disolución da Xerencia municipal de Urbanismo.

1.- A Xerencia municipal de Urbanismo poderá ser disolta cando se considere conveniente polo Concello en Pleno, mediante acordo razoado e con base ás facultades de aprobar as formas de xestión dos seus servizos que lle confire o artigo 123.1.k da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 297 da Lei 5/1997, do 20 de xullo, de Administración Local de Galicia. O acordo de disolución poderá ser adoptado de oficio ou a proposta da propia Xerencia.

2.- No suposto de extinción do organismo autónomo, establécese a sucesión universal do Concello de Vigo en canto ao persoal funcionario, sen distinción ningunha. En canto ao persoal laboral, estarase ao disposto na normativa laboral que resulte de aplicación.

3.- Unha vez extinguida a personalidade xurídica da Xerencia de Urbanismo, reverterán ó Concello os bens, dereitos e accións, dotacións que este constituíu cos incrementos experimentados por beneficios derivados do servizo ou de achegas de terceiros non destinados a unha finalidade específica.

Disposición adicional terceira.- Control de eficacia e da calidade da prestación do servizo.

No prazo dun ano a Xerencia municipal de Urbanismo, establecerá mecanismos de control do grao de eficacia e calidade da prestación do servizo encomendado polos presentes estatutos. Procurarase a implementación de procesos de racionalización e simplificación dos procedementos administrativos ó abeiro do establecido na Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 12.12.06.

Disposición final única.- Publicación e entrada en vigor.

De conformidade eco previsto nos artigos 65.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no artigo 217 da Lei 5/1997, do 20 de xullo, de Administración Local de Galicia, a publicación e entrada en vigor dos estatutos procederase da seguinte forma:

1.- O acordo de aprobación definitiva da modificación dos presentes estatutos comunicarse á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Transcorrido o prazo de quince días dende a recepción da comunicación, o acordo de modificación e os estatutos refundidos serán publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

3.- Os estatutos entrarán en vigor ó día seguinte de súa publicación no citado Boletín.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

14.- (181).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A MODIFICACIÓN DO DECRETO DO 01.07.10 DE AXUDAS Á RENOVACIÓN DE VIVENDAS NO MEDIO RURAL E CASCOS HISTÓRICOS. DOC. 100110980.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110980, o Delegado de Patrimonio Histórico Sr. Álvarez Álvarez, do grupo municipal do BNG, formula a seguinte moción:

“No proceso xeneralizado de crise que estamos a vivir, un dos sectores máis afectados e o sector da construción e en especial o da promoción e construción de novas vivendas. Un dos xeitos de paliar parte desta crise era impulsar os proceso de

rehabilitación e reforma do parque de vivendas no rural, primando esta sobre a nova construción e facilitar os procesos de rehabilitación. Tanto a administración central como a autonómica estaban de acordo nos anos 2008 e 2009 en impulsar estes procesos de rehabilitación. A lei de vivenda de Galicia así o establece en disposicións moi claras e o Ministerio chegou a anunciar medidas mesmo fiscais para apoiar os distintos procesos de rehabilitación tanto nas áreas rurais coma nos cascos históricos.

A cidadanía acreditou no discurso das administracións e comprometeuse aínda en período de crise a abordar procesos de reforma nas súas vivendas. Estas persoas son de clase media ou con recursos limitados, interesados en volver recuperar para habitar os núcleos históricos das cidades. Neste sentido os esforzos feitos nos últimos anos pola Consellería de Vivenda da Xunta, o Consorcio do Casco vello e o Concello de Vigo son un bo exemplo de concertación equilibrio e acordo.

O 1 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia aproba un decreto de axudas que reduce en dous terzos as cantidades que aboará a administración nos procesos de rehabilitación. Así as cantidades pasan de 30.000 euros nas rehabilitacións estruturais a 8.600 no novo decreto, e nas obras de renovación de 20.000 a 6.600 euros. Este recorte complica máis tendo en conta que moitos solicitantes con cédula de rehabilitación iniciaron obras e solicitaron adiantos tendo presentes as propostas de axudas que obraban nos seus documentos de concesión de cédula. No caso de Vigo estabamos a xestionar axudas por un montante de 516.000 euros que co novo decreto só se poderán outorgar pouco máis de 207.000 euros.

En definitiva, trátase dun prexuízo moi grave para os solicitantes, e a revogación implícita dunha política de mellora e apoio á recuperación dos ámbitos históricos das nosas cidades e un profundo desánimo para abordar novas reformas no rural.

Por todo o dito, o grupo municipal do BNG presenta ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que a Xunta de Galicia modifique o decreto do 1 de xullo de 2010 de convocatoria de axudas á renovación de vivendas no medio rural e nos cascos históricos, co obxectivo de manter a contía de axudas dos tres últimos anos, e á súa vez cumpra coas obrigas que ten contraídas cos actuais solicitantes.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 30 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Esta moción ven motivada pola Orde que recentemente acaba de ditar a Xunta de Galicia que reduce dun xeito considerable as axudas motivadas polo Decreto de axudas ós cascos históricos e áreas de rehabilitación rural que se implementaron no goberno anterior.

No anterior punto eu falaba da necesidade da colaboración, era un bo exemplo desa colaboración a que resultou de poder firmar acordos e convenios entre o Estado,

Xunta de Galicia e Concello de Vigo.

O Estado incrementou nunha cantidade pequena pero significativa de 600 euros no actual convenio, ó igual que o Concello de Vigo que incrementou dun xeito substancial tamén neste ano as axudas á rehabilitación. Pola contra a Xunta de Galicia, contra todo prognóstico porque non se agardaba, sorpréndenos cun decreto que reduce en dous terzos esas axudas. Logo falarei das causas

O Decreto de axudas para cascos históricos pretendía dous obxectivos tal e como quedou configurado: mellorar os procesos de rehabilitación e reforma que combinaba a mellora da habitabilidade coa utilización de materiais que se axustaran dun xeito acaído ás necesidades que os cascos históricos representaban e esa maior esixencia técnica na rehabilitación dos cascos históricos permitía a homoxeneización nos procesos de rehabilitación que desapareceran, se buscaban as disfuncionalidades nos procesos de rehabilitación e se conservara o espírito histórico que lle deu sinais de identidade a aqueles espazos.

Esta maior esixencia premiábase por un incremento das cantidades a financiar pola parte da administración xa que o ben protexido superior era o carácter histórico.

Nese momento e derivado dese Decreto, o Concello de Vigo estaba a xestionar axudas onde a subvención acadaba algo máis dos 500.000 euros, proxectos todos eles de extremo interese e de gran relevancia que permitían unha serie de actuacións que en moitos casos encamiñarían e serían mostra do proceso de recuperación en moitos proxectos. Como saben vostedes a maioría destes proxectos tiñan unha subvención de aproximadamente 30.000 euros.

Este descenso que propón e ó que obriga polo tanto a nova Orde da Xunta produce, ó noso modo de ver, tres efectos importantes que son por orde de importancia: creba da confianza de moitos no conxunto dos procesos de rehabilitación en marcha xa que produce a sensación de que as administracións non queren ou non van cumprir coas súas obrigas; no presente supón un descenso de case 300.000 euros nas axudas para este ano, non sabemos o que pode acontecer para o ano que ven e dificulta polo tanto en moitos casos as actuacións que xa estaban en marcha para se poder rematar.

Se todo isto era grave, hai que dicir que todo se fixo como sempre, o que empeza ser un costume por parte da Xunta, sen previo aviso ós concellos, sen ningunha negociación e por suposto sen a máis mínima explicación ás administracións locais. Concretamente ás áreas de rehabilitación, coma é o caso do Concello de Vigo,

almorzaron un bo día con esta redución e apresuradamente eses funcionarios das áreas de rehabilitación tiveron que dar explicacións ós veciños que tiñan en marcha procesos de rehabilitación dificilmente entendibles por moitos deles.

Do que se trata con esta moción é de pedir á Xunta de Galicia unha reconsideración desa decisión cando menos para este ano, reconsideración que pasaría pola anulación ou a ratificación da anterior orde de axudas e, aínda que non se di na moción, tamén se querería trasladar a necesidade dun proceso de negociación para establecer un novo marco de traballo entre a administración local e a autonómica para facer fronte a esas axudas.

Sabemos que as realidades son distintas. Eu non pretendo compararme con ninguén e neste caso as comparacións son máis odiosas que a maioría das veces. Por exemplo non quero falar de como cascos coma o de Santiago recibiron enormes cantidades de diñeiro nestes dous decenios, falamos case dende o ano 90, e a día de hoxe seguramente acadan o triplo ou cuádruplo do que ten recibido o Concello de Vigo por este concepto. Está ben que se faga, é a capital de Galicia e polo tanto é correcto, pero acontece que xustamente nestes dous ou tres últimos anos se estaba producindo o gran proxecto de recuperación do casco histórico que todo o mundo recoñece e este asunto cando menos pon en cuestión todo o que estamos a dicir.

Por parte do Concello de Vigo tomaremos as medidas que sexan oportunas. Gustaríanos seguir mantendo un nivel de colaboración e de discusión coa Xunta de Galicia se esta quere. As explicacións do conselleiro non nos parecen razoables, non entendemos que quere dicir cando fala dunha razón de aforro. Seguramente esta razón de aforro non se aplica noutras áreas nin outros ámbitos do seu traballo e dende logo non entendemos para nada como se pode *ningunear* tan absolutamente ós distintos concellos de Galicia que neste momento están implicados en procesos de rehabilitación dos seus cascos históricos.

Polo tanto unha chamada para a rectificación é o que pretende neste caso a moción e tamén unha chamada á negociación para nos poñer de acordo sobre o camiño a seguir. A imposición absurda sobre a base dun hipotético ou falseado aforro non nos conduce absolutamente a nada.

Este é o obxectivo fundamental e básico da moción que traemos aquí.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sorprendeume que dixera “contra todo prognóstico”, non esperaba esa frase de seu, Sr. Álvarez, porque as declaracións que fixo e que

apareceron na prensa, a Xunta pode ter tomado esta decisión ante a eventualidade de que o Ministerio de Vivenda reduza os fondos que transfira ás comunidades autonómicas con esta finalidade. Non pode ser contra todo prognóstico se xa sabe previamente esta circunstancia. Díxoo vostede e por conseguinte sabe que non é así. É incomprendible que sabendo o que fixo o Partido Socialista, que é o partido do Sr. Caballero, que o Ministerio de Vivenda reducira os fondos que transfire ás comunidades autónomas con esta finalidade e que continuara con esta moción. Sabe perfectamente que quen reduciu todas as partidas para esta situación é o Ministerio de Vivenda do Partido Socialista. A única explicación é que este goberno tente confundir ós cidadáns de Vigo, o que non lle permitiremos e dirémoslles a todos os vigueses o esforzo que por parte da Xunta se está a realizar con relación a isto, xa que as contías autonómicas para a rehabilitación de vivenda en conxuntos históricos e medio rural modificouse para adaptalas ó resto de axudas de Galicia, as propias e as cofinanciadas, porque as arcas da Xunta de Galicia quedaron secas polo malgasto que vostedes tiveron estes últimos anos.

Pese a este axuste realizado nas contías das axudas financiadas pola Xunta, que financiará a cargo de fondos exclusivamente propios, a contía é máis elevada que a que achega o Ministerio de Vivenda quen as reduciu, ministerio do mesmo partido socialista do alcalde Sr. Caballero. Reduciunas a través do plan de vivenda de rehabilitación 2009-2012.

Deste xeito podemos dicir que a Xunta neste intre está ofrecendo unhas axudas de 8.600 euros para a rehabilitación e renovación de vivenda e conxuntos históricos no medio rural, mentres que o Ministerio de Vivenda para as mesmas circunstancias ofrece de 2.500 a 2.700 euros por vivenda, dependendo se o propietario é maior de 65 anos, discapacitado etc. Ademais a característica primordial do ministerio é que as obras teñen que estar destinadas a actuacións de mellora enerxética de vivendas, senón non se conceden. Non é unha rehabilitación total senón que é ás medidas enerxéticas, se non fan estas melloras a subvención non se lles facilita fronte á Xunta que si o fai.

A conclusión de todo isto é que o Ministerio ten pouca confianza na rehabilitación de vivendas de conxuntos históricos e no medio rural que choca co investimento do Sr. Feijóo da Xunta de Galicia.

O presuposto destinado ó Instituto Galego de Vivenda e Solo para este ano aumentouse no 6,8%, a diferenza da época do Sr. Touriño en que tan só destinaba o

4,9%. Falamos de que nos momentos nos que estamos ese presuposto destina o 6,8% á rehabilitación da vivenda. O esforzo que está a realizar a Xunta de Galicia en relación coas medidas de rehabilitación e renovación das vivendas é totalmente axeitado ó momento.

Non se reduce a isto o feito que realmente a Xunta de Galicia está experimentando para beneficiar a rehabilitación, senón que ademais a porcentaxe da subvención de rehabilitación e vivenda auméntase do 50 ó 75%. É algo moi elemental porque o axuste do importe máximo das axudas económicas faise compatible entre administracións. Anteriormente a concesión dunha subvención por parte da Xunta de Galicia non permitía compatibilizala con outra do Ministerio de Vivenda; agora si, e acádase que a porcentaxe de subvención suba do 50 ó 75. Segunda medida adicional. Vemos coma a Xunta está a traballar pola rehabilitación a diferenza do Ministerio de Vivenda que reduce os datos.

Isto é unha realidade da actual Xunta que se contrapón coa burbulla inmobiliaria, urbanística e a burbulla por parte do Sr. Touriño na época da concesión das subvencións para rehabilitacións, xa que se incrementaron os presupostos para os anos 2008 e 2009 e en cambio no que afecta a Vigo no 2008 foi de 358.000 euros nada máis. Tanto destinaba, tanto actuaba e en definitiva só esa cantidade. No 2009, 472.000. Que cantidades estamos a pedir se ó final vostedes non xestionaron? O problema é da xestión e iso coa irresponsabilidade de ter subido os topes máximos de concesións: de 24.000 a 30.000 dependendo se é rehabilitación ou renovación, cando sabían que non se ían adxudicar por falta de crédito, creando unha falsa expectativa na concesión porque eses cartos non estaban destinados para iso.

Ata o ano 2007 as axudas para rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos e no medio rural estaban dirixidas a familias con ingresos ponderados e limitados e o importe das subvencións era semellante do que imos coñecer agora. A partir deste ano o bipartito modifica esta situación e adapta a cédula de rehabilitación de calidade eliminando os requisitos de ingresos e podendo facer a picaresca de que aquela persoa que teña varias vivendas con inquilinos destine a rehabilitación e logo poida vendelas porque non estaban protexidas coma estaban as vivendas protexidas fronte á venda, que tiñan que estar trinta anos antes das vender.

Os novos límites da Xunta supoñen volver a unha realidade presupostaria, axustando as subvencións e situándoas nos presupostos actuais co fin de proporcionar axudas realistas que se poidan traducir no pagamento ós cidadáns xa que ó resultaren



mellores estes límites, iso traducirase no pagamento efectivo das circunstancias o que non ocorre ata agora porque había suficiente crédito. Nestes momentos temos crédito para pagar o que imos ofrecer, non como vostedes, non coma a Xunta do bipartito que non pagaba o que ofrecía.

De continuar con este sistema de subvencións para a rehabilitación de vivenda se necesitaría multiplicar por dez o presuposto destinado para axudas dende o ano 2007, en que foron vostedes aumentando na Xunta de Galicia as subvencións, habería que multiplicar por dez, algo nestes momentos incomprensible e que non pode ser asumido.

Resulta evidente que os comunicados, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego, e as súas anunciadas iniciativas en municipios no Parlamento Galego non son máis que unha cortina de fume para evitar a realidade, a desaparición de ó redor de 150 millóns de euros para a subvención de vivendas protexidas. Na páxina web do Ministerio de Vivenda aparece que non se concederán axudas para as vivendas e tampouco para renovación estatal, para xanelas únicas, das que vostede falou antes, para a rehabilitación de vivendas. Como vemos estase suprimindo todo e a única que aumenta é a Xunta de Galicia, que aumenta o seu presuposto con relación ó do Sr. Touriño, 6,8 agora e 4,9 o do Sr. Touriño.

Hai unha cousa que quero facer constar. Sr. Álvarez, hai que poñerse as pilas e poñerse a traballar porque esta circunstancia tena toda España. En Barcelona tamén se reducen as axudas e o que fixeron foi asinar seis convenios de remodelación de barrios o 15 de xullo de 2010, o que suporá un investimento de 20,95 millóns co Ministerio de Vivenda.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Cando fixen aquelas declaracións e o Sr. Conselleiro contestounos, coido que a confusión que se produciu entre todos os concelleiros que tiñamos esta responsabilidade foi tan grande que realmente non dábamos crédito ó que estabamos a oír. En todo caso imos empezar polo que estamos de acordo, tanto o Bloque coma o PP.

Estamos de acordo en que o Ministerio de Vivenda non ten sentido e pedimos, como xa fixemos cando estabamos no goberno da Xunta, as transferencias desas partidas á Xunta de Galicia e ás comunidades autónomas. Dito isto ó César ó que é do César. Acábase de asinar un convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Vivenda con data 19 de febreiro deste mesmo ano, onde o único que incrementa as achegas é o

Ministerio. Digo isto tendo dito antes o que dixen.

Vostede empezou falando dunhas declaracións miñas. Efectivamente, pero a continuación dixen que seguramente a Xunta de Galicia pon o carro diante dos bois. Neste momento vai haber unha xuntanza a nivel central onde as distintas comunidades autónomas e os concellos vanlle pedir á ministra que rectifique algúns acordos que en principio está pensado tomar. Xa veremos que é o que aparece nos presupostos xerais do ano 2011. A día de hoxe o que temos é isto.

Como se xustifica esa actuación por parte da Xunta de Galicia cos Concellos? Iso si que non acabo de entendelo. Nin nota, nin comunicación, nin referencia, nin explicación, nin comentario, absolutamente nada. Non coñecemos absolutamente nada das decisións da Xunta de Galicia, o único que temos que facer é poñer a cara, que iso si, polo señor conselleiro e polo señor director xeral do Instituto dicíndolles ós cidadáns que acaban de investir unhas cantidades importantes na súa vivenda que non llas imos poder pagar. A día de hoxe iso é o único que sabemos.

Dado que iso xa o fixemos, eu tamén espero que o conselleiro dirixa unha carta a eses cidadáns explicándolles o que vostede me acaba de dicir a min porque eu non me considero máis listo que eses cidadáns, téñao por seguro, pero non entendo absolutamente nada.

Cando falamos de axudas á rehabilitación estamos a falar de dous conceptos fundamentais como vostede sabe, un o plan de vivenda e outro as axudas complementarias que a Xunta de Galicia instrumenta e tamén neste caso as axudas que o Concello de Vigo presentou. Destas segundas, das axudas complementarias, é das que estamos a falar.

Tamén quero dicir que o 75% de subvención sobre a protexida do que vostede nos fala ven do ano 2008, da señora conselleira Teresa Táboas e do goberno bipartito. Aí se establece claramente nun artigo ese tope de financiamento. Pero vostedes poden poñer o 100% de protexido porque se baixan a 10.000 ou 12.000 euros as cantidades a achegar ós cidadáns daralles exactamente igual.

Cando a Xunta de Galicia fixo esta aposta había consignación presupostaria e segue a habela o que pasa é que isto da crise está probando un efecto moi curioso que é que sobre a base do aforro estanse xustificando as maiores atrocidades por parte dalgunhas administracións. Eu agora non vou entrar no que fai o Estado, xa dixen o que tiña que dicir. Agora ben, a Xunta de Galicia non está implementando esa política de aforro igual en todos os ámbitos. Por exemplo os cidadáns de Galicia teñen que

pagar máis polos seus libros de texto este ano que o que pagaron os anos anteriores e non porque existan máis libros de texto, senón porque...

A PRESIDENCIA: Sr. Álvarez , céntrese na moción.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Sr. Alcalde, estou a falar dun efecto comparativo desas axudas porque o señor concelleiro estaba falándonos da necesidade de reconducir ese aforro e dicía que este incremento dos custes prodúcese por un decreto do galego que realmente está afectando gravemente ós cidadáns, sobre todo a aqueles do segundo e terceiro nivel.

A PRESIDENCIA: Sr. Álvarez, rematou o seu tempo, xa lle din uns segundos pola interrupción.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Sr. Alcalde, eu agardo que esta interrupción que vostede, coido que razoablemente me fai, lla faga tamén ós concelleiros do Partido Popular cando empezan a falar nas súas mocións de cuestións relativas a estes temas e entran en debates a respecto de calquera outra cousa que non ten nada que ver coa moción. Digo iso porque é o pan de cada día, vivímolos todos os días e outros non o facemos.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias. Tomamos nota pero xa acabo de interromper ó Sr. Figueroa hai un rato cando cambiou o obxecto da moción. En todo caso coido que ten razón.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno,

Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo Delegado de Patrimonio Histórico, Sr. Álvarez Álvarez, do Grupo municipal do BNG, instando a modificación do decreto do 01.07.10 de axudas á renovación de vivendas no medio rural e cascos históricos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (182).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE UTILICE A IMAXE CORPORATIVA “CONCELLO DE VIGO”. DOC. 100110817.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110817, o voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Este Goberno Municipal ven usando de xeito cotián dúas marcas distintas na publicidade e nas propias actuacións do goberno, tendo por un lado o logo de “Alcaldía” e por outro o de “Tenencia de Alcaldía”.

Preocúpanos dende o Partido Popular o malgasto económico que supón esta dobre sinalización así como a renuncia á denominación “Concello de Vigo” que é a que oficialmente lle corresponde ás actuacións do Concello.

Ademais cabe destacar que neste sentido Vigo está a ser a única cidade do noso contorno, gobernada por un bipartito “PSOE-BNG”, na que se renuncia á imaxe corporativa oficial do Concello en prol dunha cartelería destinada á clara diferenciación partidista dos investimentos municipais.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde a ditar as directrices necesarias fin de que a partir deste acordo plenario o goberno utilice a imaxe corporativa oficial do “Concello de Vigo” e, en consecuencia, deixen de diferenciarse a Alcaldía e Tenencia de Alcaldía como se fosen dous Concellos distintos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 30 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Esta moción seguramente deberíamola apoiar todos os grupos porque cando facemos promoción ou tentamos prestixiar á nosa cidade o lóxico é que falemos do noso Concello, da nosa institución. Supoño que a institución que predomina de momento en Vigo é o Concello de Vigo.

Está sucedendo algo grave e insólito que dende a oposición coidamos que temos que criticar ou polo menos denunciar, coma é o feito de que nos últimos dous anos estanse a levar a cabo todas as promocións de campaña institucional con dous lemas: por unha banda Alcaldía, que predomina dun xeito claro, e pola outra Tenencia de Alcaldía.

Pareceríanos ata normal que dentro da promoción de cada unha das actividades se poida facer, coma é normal que cando hai un anuncio do Concello apareza a concellería correspondente, pero o que xa non nos parece tan lóxico é que esta sexa una actuación predominante, ó 100%. Por calquera lado que vaiamos da cidade xa non existe Concello de Vigo, existe Alcaldía de Vigo. Imos a calquera romaría é sería normal que se o Concello patrocina teña os seus anuncios e parécenos lóxico, non estamos en contra desa publicidade pero si o estamos de que parece que hai unha rivalidade, unha pelexa entre os dous equipos de goberno.

Iso en calquera acto. Onte houbo un acto deportivo e sorprendeunos chegar ó pavillón e aparece totalmente enchido de carteis de Alcaldía. Que nós saibamos a concellería responsable de Deportes non a leva a Alcaldía. Que puxese Concello de Vigo sería o lóxico.

Coido que isto está a xerar unha confusión á opinión pública en xeral, os cidadáns xa non saben se temos Concello ou non, se é de Abel Caballero, se é só do alcalde. Coido que hai dúas cuestións que subxacen dun xeito claro. A primeira é que o alcalde se arroga todas as competencias e parece que na cidade só existe el, non existe equipo de goberno, nin institución, nin Concello. A outra evidentemente é que existe unha rivalidade entre a Alcaldía e a Tenencia de Alcaldía a ver quen é quen leva a cabo cada unha das actividades.

Coido que a confusión máis grave é a da cidadanía porque parece que dende o propio goberno estase desprestixiando á institución, parece que hai vergoña dela, que dar publicidade a unha obra ou a unha actividade co Concello de Vigo é negativo, un demérito, algo que os cidadáns aborrecen e nós coidamos que é todo o contrario. Creo que hai que prestixiar ó Concello de Vigo, prestixiar esa publicidade e esa promoción coma institución propia e imos solicitar que se vote dun xeito claro que

toda a promoción, publicidade e actividades que se leven a cabo dende a Alcaldía, Tenencia de Alcaldía ou cada unha das concellerías polo menos leven “Concello de Vigo”.

Se logo cada quen quere poñer ata o nome, non nos parecería lóxico pero aquí parece que só falta que o alcalde, debaixo de Alcaldía, poña Abel Caballero e ademais ten sitio no logo que fixeron, que pouco a pouco o vaia substituíndo e xa poña só Abel Caballero, Vigo. É o único que nos faltaría.

Coido que na historia democrática deste Concello no que sempre excepto nun período gobernaron varios partidos, nunca aconteceu o que está a pasar agora. Eu animaría a todos e pediría un pouco de responsabilidade, de sensatez, de coherencia. Estamos facendo esta moción dun xeito positivo para que o Concello de Vigo non desapareza. Xa somos maiores, estamos no século XXI e coido que todo o mundo sabe que temos un alcalde, que hai un tenente de alcalde, que hai unha Corporación, que hai unha serie de actividades, que cada concellería ten os seus actos e parécenos que iso é o normal. Pero chegar ó extremo de que cada valado leve Alcaldía, que se impoña ás empresas que ten que levar o nome de Alcaldía, coido que estamos chegando ó ridículo e parécenos que o Concello de Vigo merece algo máis, merece un respecto institucional.

Os veciños e veciñas de Vigo merecen un respecto e coido que se lles pode dar se aparece en todas actividades Concello de Vigo. Por suposto que ten que aparecer, non nos negamos a que as actividades se promocionen e se anuncien, podemos discutir se ten que ser ou non no momento de crise que estamos a vivir, pero o que estamos a discutir aquí agora mesmo é que nos parece que o correcto sería que toda a promoción e actividades da cidade leven o nome de Concello de Vigo como prioridade, se logo queren poñer concellería ou Alcaldía, xa non quero nin discutir iso, pero nos parece que como norma institucional, como respecto ós cidadáns e ó Concello, existe o Concello de Vigo que é quen nos ampara a todos, quen nos da nome a todos, quen nos representa e a representación do pobo debe estar aí.

Supoño que haberá xente afín ó alcalde, outra ó tenente de alcalde e outra á oposición pero coido que a xente se quere ver representada pola institución coma é o Concello de Vigo que loxicamente ten que predominar por riba de todas en calquera tipo de actividade. Que logo cada quen dea publicidade ás súas cuestións, non imos entrar niso. Podemos entrar no custe desas promocións, que nestes momentos poida ser unha prioridade ou non, pero en calquera caso solicitamos que toda a actividade,

toda a promoción, todas as campañas que se leven a cabo, cando aparezan en calquera obra ou programa de actividades desta institución, que se vexa “Concello de Vigo” dun xeito claro e que non haxa ningún tipo de dúbida nin de interpretación.

SR. LÓPEZ FONT: O único que trata de confundir á cidadanía é o Partido Popular con esta moción. Sr. Figueroa, leva moito tempo querendo convencer ós cidadáns de que este é un goberno dividido, con dúas partes diferenciadas. Ata o de agora non o conseguiu e o que os cidadáns perciben é xustamente o contrario. Hai un goberno único, un goberno que funciona correctamente en base a un pacto de goberno e hai unha distribución orgánica como a que tiveron outras corporacións noutros momentos. Sempre houbo tenentes de alcalde, pode haber un ou máis, e sempre houbo alcalde e cada quen ten as súas funcións.

Na nosa política de comunicación non facemos ningunha renuncia ó que vostede está tratando de trasladar coma imaxe do Concello de Vigo. Ten que ver ben os logos que os cidadáns identifican perfectamente. Está “Alcaldía”, que ademais é un concepto certamente bonito no que se identifican os cidadáns; está “Vigo” e está o escudo oficial do Concello. Ós únicos que lles confunde esta política informativa nosa é a vostedes.

Á parte de falar como se houbese dous gobernos, na moción falan de malgasto económico. Malgasto ningún. Cando antes debatemos a conta xeral dicíalle a concelleira de Facenda do que gastou a ex-alcaldesa do Partido Popular en cinco meses en publicidade, que paralizou a Xunta Electoral e é o mellor exemplo. Este goberno gasta en publicidade o que está exclusivamente e de forma oficial nos presupostos e non hai ningún malgasto porque do que se trata é de trasladar á cidadanía as moitas realizacións que se están a facer nesta cidade.

Escoitando a vostede e ó Partido Popular parecería como que a publicidade por poñer “Alcaldía” ou “Tenencia de Alcaldía” é máis cara ou que duplicaríamos a publicidade e isto non é así, Sr. Figueroa.

Vostedes adícanse a colocar ós seus militantes a contar carteis pola cidade, o que me sorprende porque ultimamente están facendo unha campaña de reconto de cantos carteis hai na cidade, pero é que son moitas as realizacións, non é de estrañar que cando os cidadáns ven obras realizadas polo Concello de Vigo, gústalles moito que se identifiquen e estean sinalizadas para orgullo dos cidadáns.

Non hai ningunha pelexa nin rivalidade e non nos enganemos, ó longo de todos os

anos de democracia no Concello de Vigo sempre se identificaron as campañas por cada concellería, por cada tenencia de alcaldía ou en todo caso por Alcaldía. Coido que os cidadáns non só non se avergoñan dos carteis da campaña de información que se está a realizar, senón que están moi orgullosos da cantidade e da calidade das actuacións que se fan na cidade.

Máis que este discurso de seu de desprestixiar, o que este goberno está a facer é prestixiando á cidade de Vigo, cumprindo todos os sonos que esta cidade tiña pendentes dende hai moitos anos e realizando moitas obras que vostedes nunca fixeron. Sería bo que vostede, que é o vicepresidente primeiro da Deputación de Pontevedra, ogallá puidésemos ver carteis desa Deputación nesta cidade. Ogallá se lle ocorrese a brillante idea dunha campaña persoal, segundo vostede, baseada na vicepresidencia primeira da Deputación e ogallá esta cidade estivese chea de carteis. Pero vostede, que é o brazo executor da política da Sra. Porro nesta cidade, ten unha grave responsabilidade co que está a facer a Deputación Provincial de Pontevedra nesta cidade e todo o que propuxo o alcalde ó presidente da Deputación, coa súa complicidade e coa da Sra. Porro, non se fixo e por iso non hai carteis da Deputación provincial de Pontevedra na cidade.

Iso si, cando vostede fala de que se podería poñer o nome do actual alcalde de Vigo, don Abel Caballero, nos carteis porque parece que hai sitio e tenta ridiculizar a situación, téñolle que lembrar que son vostedes, como Deputación provincial de Pontevedra, os únicos que nas súas campañas de publicidade insiren fotos nunha situación de promoción persoal, cousa que nós non facemos. Cando entregan uns premio do deporte da Deputación, aparecen o Sr. Louzán, a Sra. Porro e máis vostede. Cando felicitan a deportistas galegos por ter gañado nas Olimpíadas aparece o seu nome, Sr. Figueroa, e estame a dicir que lle parece moi ben pero logo critican o que facemos os demais.

As campañas informativas que fai este goberno son perfectamente legais, estamos ante unha situación na que non estaban vostedes. Na súa moción fala de publicidade partidista e vostedes si que fixeron ese tipo de publicidade por cinco millóns no ano 2007. Cando vostedes tiñan na campaña electoral unha campaña titulada “O novo Vigo” coa que pretendían conseguir a Alcaldía en maio de 2007, inseriron todos estes anuncios como campaña institucional do Concello de Vigo. Agora ven dicir vostede e o Partido Popular na moción que temos unha utilización partidista da publicidade? Non, Sr. Figueroa, o que fixeron vostedes cando presentaron a candidatura da Sra.



Porro ó Partido Popular; e isto, asinado por vostede como contratos menores de 12.000 euros, son insercións ata chegar ós dous millóns de euros, que lles tivo que paralizar a Xunta Electora que dixo que estaban como Concello utilizando o mesmo lema que utilizaba o Partido Popular.

Coido de verdade que mocións si, tarefa de oposición si, preocuparse polo goberno si, pero vostedes de publicidade, de utilización partidista e sobre todo de utilización ilegal desta publicidade deberían estar durante moito tempo moi calados.

Imos seguir coa nosa política de comunicación dentro da legalidade. Imos continuar con esas insercións nas que figure Alcaldía ou Tenencia de Alcaldía porque son dous conceptos que calaron nos cidadáns, perfectamente identificados como Concello de Vigo e dos que os cidadáns se senten moi orgulloso polas realizacións que se están a facer en todas as zonas da cidade.

Falando de carteis e dada a forma de gobernar do Partido Popular, o cartel máis indigno que hai nesta cidade é un do Porto de Vigo porque unha presidenta do Partido Popular que pretende ser alcaldesa consente que nunha instalación pública, de todos os vigueses, se coloque un cartel que di “Obra paralizada polo Concello de Vigo”, un cartel que non leva ningún logo ó carón doutro cartel do Ministerio de Fomento. Vostede ven aquí dármonos leccións sobre carteis? Sobre a utilización da publicidade?

O primeiro que lle ten que dicir á Sra. Porro é que retire este cartel ou en todo caso que poña “Obra paralizada polo Concello de Vigo por non se ater á legalidade e por estar a presidenta do Porto imputada por un delito de prevaricación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai un baremo para medir as realizacións dun ou doutro goberno que normalmente sempre da un resultado bastante exacto de coma está a facer a acción política un determinado goberno. Ese baremo e ver a acción e o traballo da oposición.

Está claro que atendendo a ese baremo coido que hoxe, polo menos eu como tenente de alcalde e representante do Bloque, podemos estar satisfeitos desa acción que levamos no goberno porque se a primeira moción que hoxe nos presenta a oposición é para falar de carteis e de logos, se estes son os grandes temas da política local, o que realmente pensa a oposición que lles importa ós veciños e veciñas das nosas parroquias, ós traballadores e traballadores coa crise económica, debe ser que o estamos a facer bastante ben.

Se os veciños e veciños desta cidade nos escoitaran neste Pleno coido que chegarían á conclusión de que estar máis de media hora discutindo por un cartel ou por un logo di moito do desleixo político que nestes casos está a ter a oposición. Non haberá temas que realmente importen á economía das nosas familias, temas que importe debater e clarificar entre a oposición e o goberno, que estamos aquí a discutir por un ou dous carteis.

A cidadanía non está confusa, sabe que hai un goberno de coalición. Nisto si que debo matizar ó Sr. Font porque é verdade que é un goberno con dúas partes, claro que si e á cidadanía non lle importa. Dúas partes diferenciadas politicamente, no Bloque Nacionalista Galego temos criterios políticos diferentes do Partido Socialista. O que lle importa á cidadanía non é iso porque para iso cando hai temas nos que non estamos de acordo cada unha das dúas formacións políticas explícalle á cidadanía cales son as súas postura e xa tivemos exemplos nesta cidade. A nivel político global nin o Partido Socialista vaille dicir ó BNG como ten que actuar politicamente nin o BNG llo vai dicir nin pretende dicirlllo nunca ó Partido Socialista.

Somos dúas partes pero o que á cidadanía lle importa é o que votaron, é que depositaron uns votos e dixeron que nesta cidade non querían que o Partido Popular tivera maioría absoluta; dixeron que querían que esta cidade estivese gobernada por un goberno nacionalista e de esquerdas, co Partido Socialista e co Bloque Nacionalista Galego e iso nin máis nin menos é o que estamos a facer: gobernar esta cidade.

A oposición está confundindo porque calquera cidadán sabe que aquí hai un goberno formado polo PSOE e máis polo BNG e non hai dous gobernos. Os do Partido Popular tamén son moi especialistas en carteis. O primeiro ano de lexislatura o cartel que vostedes puxeron era que aquí había dous alcaldes. Iso demostroume que non era así porque eu teño dito e repito que eu serei alcalde cando os cidadáns me voten, non como fan no PP que son alcaldes non porque os cidadáns lles voten, senón porque compran vontades de tráfugas e demais, esa é a gran diferenza. Pois cando iso se desmontou poñían o cartel de que este goberno non ía durar. Logo de tres anos e de tres novos orzamentos tiveron que cambiar ese cartel.

Despois dicían que eu mandaba máis mesmo que o alcalde. Esa nunca foi a miña pretensión, a miña pretensión é defender á miña formación política e gobernar nesta cidade. Ese cartel tamén tiveron que quitalo e agora, como non lles queda outra, imos falar dos carteis de verdade, imos falar se Alcaldía ou Tenencia de Alcaldía.

Dígolles con todo o respecto que vostedes practican sempre un dobre xogo, cando están na oposición e cando están gobernando. Os cidadáns de Vigo lémbrense e eu tamén de cando vostedes tiveron unha maioría absoluta de quince concelleiros e concelleiras e das loitas, que eran públicas, entre concelleiras do seu mesmo goberno, hai testemuñas. Se lle daba a unha concelleira unha subvención á outra xa non lla daba porque lle daba á súa compañeira. Iso pasou cun goberno monocor. Vostedes son os que confunden.

A Tenencia de Alcaldía, a diferenza doutras épocas, é unha Tenencia única e é a primeira vez que neste concello por mor duns pactos se chega a que haxa unha Tenencia de Alcaldía única e como tal órgano único a Tenencia funciona como calquera outro departamento deste goberno municipal, como calquera outra concellería máis. É lóxico que cando hai unha acción encamiñada por parte da Tenencia de Alcaldía se poña, igual que o poñen vostedes na Xunta. Eu non vexo nos anuncios da Xunta do PP que en todos poña Xunta de Galicia, poñen consellería de tal ou de cal, dirección xeral. Iso é o que pasa coa Tenencia.

Pero tamén lle vou dicir que en todas e cada unha das áreas do BNG que son as que eu coordino, sempre aparece Concello de Vigo: Tenencia de Alcaldía-Concello de Vigo, Concellería de Benestar Social-Concello de Vigo.

Cando falo do dobre xogo é porque teño aquí folletos e propaganda que utilizaban vostedes cando gobernaban. O Sr. López-Chaves creou un logo do Servizo de Normalización Lingüística e en anuncios non aparece nin o escudo oficial de Vigo, so aparece un G cunha especie de altofalante e nada máis. Programa de Festas: aparece no logo Festas e Animación Sociocultural e en todo o folleto non aparece o escudo oficial de Vigo. A Sra. Molares crea un novo logo para a Concellería de Muller e utilízao sen que apareza en absoluto o escudo oficial de Vigo.

En resume, deixen vostedes de confundir á cidadanía que o que quere é que haxa realización nos barrios, nas parroquias, no Casco Vello, que se cren infraestruturas deportivas, culturais, que se atenda ós necesitados, a esas familias en risco de exclusión, a eses inmigrantes, a aquelas familias que o están pasando mal. Iso é o que quere a cidadanía e modestamente creo que é o que estamos a facer neste goberno. O outro á cidadanía tenlle absolutamente sen coidado.

Preocúpalles a vostedes porque parece que o deses carteis xa se lles desmontou e estamos a dar mostras de que non somos un goberno dividido. Seguramente si somos un goberno no que algunha das partes discrepa algunha vez e seguramente

seguiremos facéndoo porque somos dúas forzas políticas distintas e en ningún caso asinamos un pacto de goberno onde non puidéramos disentir unha da outra, pero estamos gobernando, estamos actuando sobre a cidade e a proba diso é que vostedes non traen aquí mocións para criticar o que facemos ou deixamos de facer. O único que traen é unha moción para criticar o logo que poñemos ou deixamos de poñer. Esa é a realidade da súa moción.

SR. FIGUEROA VILA: Para ser unha moción que non é un tema importante estanse empregando bastante todos, o voceiro do Partido Socialista e o do Bloque Nacionalista Galego.

Sr. Domínguez Olveira, si é importante este tema porque se xoga cos sentimentos e cunha institución que é o Concello de Vigo. Onte nun sinxelo acto de deportes o goberno fixo o ridículo publicamente en Carballal perante a cidadanía porque un falaba e o outro non, o alcalde e o seu concelleiro de Deportes. Ó final tiveron que falar todos porque a xente sente vergoña do seu comportamento.

Cando o alcalde vai a un sitio vostede renuncia a ir. Esa é a verdade e a situación que temos nesta cidade, un bipartito dividido. Con todo respecto, que vostede non pinta moito xa o sabemos, cada día menos, así o alcalde fixo unha estratexia do absorber totalmente e ridiculizalo, aparecer só Alcaldía en todos os lados. Non só iso porque este é un tema que vai a maiores.

Hai programas pagados por este Concello onde vai só o alcalde e non vai só promocionar e difundir as actividades do Concello, senón que vai criticar a vostede e á Sra. Porro, que é o único que fai. A vostede pouco e á Sra. Porro moito. É lexítimo que a un programa pagado polo Concello de Vigo o alcalde vaia exclusivamente coa obsesión de desprestixiar á oposición?

Imos ter que entrar na mesma dinámica que vostedes. Que lles parecería se a oposición tivese un programa e criticase ó alcalde no que dixo o día anterior? Pareceríalles ben que durante unha hora e media un programa pagado por todos os vigueses e as viguesas o seu único obxectivo sexa criticar a vostede e máis á Sra. Porro?

O do Sr. Font é lamentable. Seguen absolutamente obsesionados coa Sra. Porro. Xa lle direi cando chegue o momento, hoxe non é o día nin o momento para falar desa cuestión. Claro que esa obra a paralizou o Concello e tentou paralizar máis pero lle digo que non hai unha soa paralizada no Porto de Vigo xudicialmente. A única obra

paralizada están polo Concello de Vigo e hai un recurso presentado.

Factura de só un logo de Alcaldía: Inserción e desenvolvemento de logo da Alcaldía 20.000 euros. Iso só por facer o deseño dese logo. Está no Rexistro. Como non nos vai preocupar?

O que si saben facer vostedes é malgastar. Nos contamos por riba uns tres mil carteis, iso non ten ningún custe? Quen os paga? Obríganlles ás empresas a pagalos para que logo teñan ingresos e poidan facer publicidade por detrás? Xa lles anuncio que imos denunciar ese tema, nas obras están tendo un sobrecuste coas empresas que logo utilizan para publicidade fóra do Concello. Rebátanme isto: estou a dicir que hai empresas ás que vostede pagan o cartel do plan E, factúranlles un sobrecuste para logo vostedes facer publicidade. Xa lles direi a empresa, correos electrónicos e xa lles pasarei absolutamente todo cando proceda.

Multipliquen vostedes 6.000 euros que lle están cobrando a cada empresa por cen obras. Canto diñeiro engadido hai en publicidade fóra do propio Concello? Iso non é para preocuparse, Sr. Domínguez? A nós si e por iso consideramos que isto é un malgasto, que están utilizando diñeiro público para malgastar, unicamente para a promoción dos seus departamentos. Se vostedes consideran que é tan sinxelo poñan Concello de Vigo.

Ou é que vostedes onte non fixeron o ridículo en Carballal diante de todo o público?

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, o ridículo fíxoo o goberno da Sra. Porro, foi o único ridículo que se fixo nesta cidade. Hai moita diferenza na xestión que se fixo nos tres anos e medio anteriores fronte ós tres anos que leva este goberno.

Lémbrolle unha frase: “Xa lle direi”. Lévame facendo durante tres anos neste Pleno ameazas de xa me dirá, xa me informará, xa debaterá comigo pero aínda non foi quen de demostrar absolutamente nada. En primeiro lugar non hai ningún programa na televisión pagado por este Concello de Vigo. Demóstreo. Non hai ningún sobrecuste de publicidade nas obras. Demóstreo.

Sei que lle gusta moito o xogo da cámara, mirar á cámara e dicir que xa demostrará. Vostede non demostrou nestes tres anos absolutamente nada, ningún dos concelleiros que se sentan aí demostraron ningunha ilegalidade en relación con este goberno e eu demostreille a vostede unha ilegalidade que vostede asinaba.

Vostede asinaba publicidade de “O novo Vigo” que era o logo da campaña do Partido Popular como publicidade institucional do Concello de Vigo por importe de dous

millóns de euros. Demostreillo e como ben sabe vostede isto está pendente dunha demanda contra a Sra. Porro coma alcaldesa por utilización partidista. Vostede que é o brazo executor da Sra. Porro, como xa o era antes, asinaba os contratos menores. Están aquí coa súa firma.

Eu non estou en absoluto obsesionado coa Sra. Porro, pero ela si está imputada. Contéstame sempre co mesmo cando eu lle digo unha verdade. A diferenza entre vostede e máis eu é que vostede se deita polas noites coa súa xefa política imputada e eu déitome pola noites co meu xefe político, que leva moitos anos en política sen ter estado imputado nunca. Hai unha gran diferenza á hora de facer política e é que o antigo secretario de organización do Partido Popular de Galicia está na cadea e o do Partido Socialista non. Esa é a diferenza.

Ríanse pero é o sorriso nervioso de quen ten nas súas fileiras a moitos corruptos. Ten nas súas fileiras á presidenta do Partido Popular que se imos ó Xulgado de Instrución número 6 a Sra. Porro está imputada por un delito de prevaricación. Esta é a realidade e o peor de todo é que o Sr. Figueroa, voceiro do partido Popular, aínda esquece en que si hai unha paralización dunha obra do Porto de Vigo polo xulgado. Aquí non se pode traer toda a documentación pero logo o concelleiro de Urbanismo vaille dar o ditame xurídico polo que se paraliza unha obra do Porto polo Xulgado.

A diferenza de vostedes nós facemos publicidade legal. O que lles molesta é que facemos publicidade de realizacións que fixemos durante estes tres anos que vostedes non fixeron e estamos moi orgullosos de conceptos coma Alcaldía.

Alcaldía é un concepto ata se queren romántico, no que os cidadáns se identifican. A unha persoa chámasele cidadán, en singular e abstracto, e cando se fala de cidadanía ten un halo romántico. Dito doutro xeito, Sr. Figueroa e señores do Partido Popular, en termos políticos Alcaldía é absoluta poesía.

SR. FIGUEROA VILA: Vou felicitar ó Sr. Font e non o vou criticar. Está inspirado. Como din os mozos ou “se lle foi a olla” ou eu nunca vin nada parecido neste Pleno. Sr. Font, nora boa ou é que “se lle foi a olla”, unha de dúas.

Aquí hai dúas cousas. Unha que vostedes están enganando claramente coa publicidade e a comunicación. Vostede dixo claramente que hai un programa da televisión que non o paga o Concello. Entón quen o paga? Quero que me diga publicamente quen o paga. Di que a televisión non ten ingresos por ese programa e eu dígolle que si os ten. Vostede terá que demostrar que non os ten e eu terei que

demostrar que si. Os medios de comunicación e máis o público que está presente son testemuñas de que vostede dixo que ese programa non está pagado e que é gratis. Pois eu esixo que se faga un programa gratis ou a parte proporcional para o Partido Popular e voulle remitir un escrito á dirección desa televisión hoxe mesmo. Se o alcalde vai alí, non só a vender o bo da cidade senón a criticar á oposición, teremos que ter algún tempo dentro dese programa. Demostrareille que si se paga, Sr. Font. O que pasa é que vostedes non o pagan legalmente, fano ilegalmente cos cartos que lles cobran polos carteis ás empresas, a través dunha empresa de comunicación fan o pagamento dalgunhas cantidades. Xa se demostrará e xa lle remitirei en correos electrónicos como alguén do Gabinete do alcalde dille ás empresas o que custan os carteis. Dareillos cando proceda, cando nós queiramos non cando vostedes queiran. A segunda cuestión que coido que é o fundamental é que vostedes están obsesionados coa Sra. Porro e é normal. Deixoulles seis aparcadoiros con custe cero que agora din que son de seu; deixoulles dúas piscinas climatizadas como dixo o Sr. Concelleiro de Deportes, nas que non fixeron absolutamente nada; deixoulles un auditorio adxudicado que o único que fixeron vostedes foi recortarlle un soto de aparcadoiro que no canto de 650 prazas agora vai ter 250. Ese era o interese que tiña a concesionaria e a empresa cando nos premeu a nós para non facer o auditorio, agora xa se sabe que no auditorio o alcalde axeonllouse ante a empresa para non construír os tres sotos de aparcadoiros.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando a utilización da imaxe corporativa oficial “Concello de Vigo”,

co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (183).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CONTRATACIÓN URXENTE DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO TÚNEL JULIÁN ESTÉVEZ. DOC. 100110818.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110818, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O 30 de decembro de 2008 o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes subscribiron o convenio de colaboración para a construción do túnel da rúa Xulián Estévez.

A importancia deste túnel reside en que é un novo vial duns 1.400 metros que comunicará a rúa Xulián Estévez coa ETEA pola costa e cos túneles do Areal, que contribuirá a desconxestionar a rúa Sanjurjo Badía.

En virtude do dito convenio o Concello de Vigo sería o encargado da tramitación do expediente de contratación da redacción do proxecto, expediente que a día de hoxe permanece sen tramitar.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno que tome o acordo seguinte:

Esixir ao Concello de Vigo a contratación urxente da redacción do proxecto de execución do túnel de Xulián Estévez ”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 30 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Decía o Sr. Domínguez Olveira que non traemos temas importantes. Parécenos que este si o é porque nós denunciámos que se iniciara o expediente para elaborar os pregos de condicións e a adxudicación da redacción do proxecto, non se tomaron máis decisións e así se demostrou. Hai quince ou vinte días fixemos unha denuncia e logo presentamos unha moción para cumprir un convenio entre o Concello, a Zona Franca e a Xunta de Galicia para a construción do túnel de Julián Estévez.

Coido que estamos todos de acordo en que esta é una infraestrutura importante e



fundamental para o desenvolvemento da parroquia de Teis pero o goberno ata hai poucas horas tíñao totalmente paralizado. Facemos mención na nosa moción a ese convenio que se asinou no seu día onde había un compromiso claro do Concello que era, e vou ler o acordo para que non nos desviemos.

“Realizar as actuacións necesarias para reducir a carga urbanística que actualmente ten a actuación de solo urbano non consolidado de Guixar, para financiar o túnel de Julián Estévez de 15.525.000 a 4.025.000 euros. Así mesmo asignar á citada actuación unha carga urbanística por importe de 11.500.000 euros destinados a financiar a obtención do solo do plan sectorial. Impulsar a xestión urbanística do solo urbano non consolidado de Guixar para materializar as previsións do PXOM, así coma as establecidas no presente convenio.”

Aquí había un compromiso da Xunta de Galicia que era “...Financiar a redacción dos proxectos necesarios para a construción do túnel de Julian Estévez, así como dos documentos precisos para impulsar a tramitación medio-ambiental que corresponda destinando a tal fin unha cantidade de 1.100.000 euros dos orzamentos da comunidade autónoma, distribuídos nas seguintes anualidades...”

Tiña as anualidades distribuídas que agora xa están modificadas e o cofinanciamento do túnel cun importe de once millóns e medio de euros. Logo había o compromiso do Concello de Vigo que era “A execución desta obriga por parte da Consellería está supeditada ó cumprimento con carácter previo por parte do Concello da materialización da achega prevista como carga urbanística, tal e como se recolle na cláusula dous deste convenio”.

Creo que todos coñecemos o convenio, lino por riba para facer un pouco de historia e o que realmente nos preocupa é que a Xunta de Galicia xa ten consignados nos presupostos deste ano 1.100.000 euros e a maiores ten un compromiso de financiamento de once millóns e medio e o Concello non fixo o seu traballo de aprobar os pregos e adxudicar a redacción do proxecto.

Hoxe aparece nalgún medio de comunicación que o xoves se vai adxudicar. Dámolo por bo e se é así parécenos ben pero este é o papel da oposición. Como dicía o Sr. Domínguez Olveira que a oposición ás veces non trae proposta claras, pois co noso traballo o que facemos e axilizar e lembrar ó goberno que tiña un compromiso que non cumpriu e esperemos que o cumpra. Se é así nos damos todos por satisfeitos, sobre todo porque a Xunta de Galicia ten consignada unha cantidade de diñeiro nos presupostos deste ano que se podería perder se non se lle remite o estudo dese

proxecto do túnel de Julián Estévez que é unha obra fundamental.

É fundamental para o desenvolvemento da ETEA, para o desenvolvemento da Cidade do Mar, para o desenvolvemento de todas as actividades e unha alternativa de comunicación fundamental a Sanjurjo Badía, como todos entendemos e polo tanto, Sr. Domínguez Olveira, mire como o traballo da oposición é importante. Un proxecto fundamental para a cidade parece que o goberno, en vista que a oposición o denunciou e presentou unha moción, axiliza este proxecto.

Se é así damos por ben empregado o noso traballo e o goberno o que ten que facer é trasladarlllo á Xunta de Galicia o antes posible para que consigne as correspondentes contías económicas de acordo con este convenio. Por suposto tamén esperamos que o Concello traballe, colabore e participe dun xeito claro e decidido para que todos os terreos de Guixar e desa zona se poidan desenvolver o antes posible e poidamos ter esas cargas urbanísticas que son tan necesarias para o desenvolvemento de todas esas infraestruturas.

Esta é unha moción positiva e esperemos que sirva para axilizar a xestión do goberno paralizada durante todo este tempo, o que coido que é bo.

SR. MARIÑO MENDOZA: Gustaríame facer mención a unha cousa que dixo o Sr. Figueroa antes de todos os grandes logros que nos deixou a Sra. Porro. E unha sentenza de cinco centos millóns de euros na Finca do Conde, iso tamén nolo deixou a Sra. Porro.

Dinos que con esta moción vaille lembrar ó goberno os seus deberes. Estamos todos de acordo con esta moción pero voulle explicar a vostede e a todos os cidadáns porque a historia non é coma a contou.

Empeza non sei se tentando mentir ós cidadáns ou é que a moción a preparou o Sr. Martiño que soe equivocarse bastante. Di que "O 30 de decembro de 2008 o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes subscribiron o convenio..." O convenio asinouse o 10 de febreiro de 2009. Comeza enganando.

Na súa intervención fala de que o convenio está asinado a tres partes. Non, asinan dúas partes: Concello e Xunta de Galicia. Zona Franca non asina ese convenio. Prepare os temas, Sr. Figueroa, porque ou lle prepararon a moción ou está tentando enganar ós cidadáns como soe facer habitualmente.

Como vostede ben dixo o prego para a contratación do proxecto irá á próxima

Xerencia de Urbanismo. Vostedes fixeron chamadas á Xerencia a finais do mes de xullo para preguntar como ía a tramitación deste expediente e, obtendo respostas positivas de que se estaba a tramitar, vostedes presentaron esta moción. Non deixa de seren unha moción oportunista pero vou explicar por que chegamos aquí.

O 24 de marzo deste ano o conselleiro de Política Territorial, logo dun ano no goberno paraliza o proxecto da ETEA. Di que vai volver pensalo, que hai novas propostas. Gustaríame lembrarlle dende aquí que as únicas propostas posibles para a ETEA, tal como di o convenio porque senón habería que asinar outro, son un campus científico tecnolóxico, usos deportivos, instalacións portuarias e unha contorna urbana. Así o recolle o convenio, nada máis e nada menos.

Vostede fala do túnel. O que di do túnel ese convenio, que vostede relatou pero non quixo ler o que lle pareceu, na disposición cuarta di “Comisión de seguimento”. Sabe quen estaba encargado de convocar esta comisión? A Xunta de Galicia. Sabe que día convocou a primeira reunión para esa comisión? O día 27 de xullo deste ano, hai un mes, un ano logo de entrar no goberno. Ese é o traballo da Xunta de Galicia.

Nós asistimos a esa comisión de seguimento con dous representantes e alí estaban os representantes da Xunta de Galicia: un subdirector xeral de planificación e programación e unha xefa de sección. O máis interesante de todo foi o que nos dixeron nesa reunión. Debería falar máis cos membros do seu partido, Sr. Figueroa. Entregáronnos este documento que pide ó Concello de Vigo que se faga unha addenda ó convenio para atrasar as anualidades, pero o mellor de todo é o punto número 2 que é fantástico: “O financiamento por parte da Xunta de Galicia da execución do túnel de Julián Estévez queda sen efecto”. A Xunta tenta non financiar este túnel. Este é o seu goberno, Sr. Figueroa, debería darlle vergoña vir presentar esta moción aquí.

Nós fixemos o proxecto, estamos en tempo e en prazo e a Xunta de Galicia é quen pide atrasar as anualidades e deixar sen efecto a súa participación, “xa se valorará nun futuro convenio”, iso é o que di o parágrafo. A Xunta di que de momento quede sen efecto a súa achega de once millóns e medio de euros e vostede ven aquí dicirmos que cumpramos coas nosas obrigas. Xa o estamos a facer, vostedes e a Xunta de Galicia non.

Ten paralizada á ETEA e non sabemos o que vai pasar alí. Si o sabemos porque hai un convenio asinado e a menos que a Xunta teña pensado alterar ese convenio os usos están moi claramente definidos. Estaba o proxecto sectorial aprobado; vano

modificar. Levamos dende marzo esperando saber que é o que vai pasar, hai un par de meses parecía que ían facer un anuncio. Tamén lle lembro dende aquí ó Partido Popular que isto non vai de anuncios, se se modifica o convenio as tres partes teñen que estar de acordo.

Sr. Figueroa, vostede nunca se vai decatarse das cuestións urbanísticas, só entende de edificabilidade e de plusvalías, son os únicos dous termos que domina, nada máis. Os outros termos urbanísticos non os entende. Lea os convenios, é sinxelo, ó final aparecen os asinantes e ó principio aparecen os reunidos. Para o túnel dous, a consellería e o alcalde e para a ETEA as tres partes. Na súa próxima intervención léao en voz alta como fixo agora.

A realidade é que nos si cumprimos cos nosos compromisos e o túnel vaise facer pero esperemos que vostedes apoiem dende aquí que a Xunta de Galicia poña ese financiamento que vostede di que ten porque o que pide ao Concello de Vigo neste documento entregado o 27 de xullo é eliminar o financiamento da Xunta e ademais atrasar un ano os pagamentos do proxecto. Iso é o que nos propón a Xunta.

Asistimos á primeira comisión de seguimento á que se nos convocou. Se existe algún atraso é por parte da Xunta de Galicia.

Xa falando de compromisos. Corría o ano 2006, 2007, vostede era concelleiro de Urbanismo e a Sra. Porro era alcaldesa da cidade e vicepresidenta da Deputación e puxeron uns compromisos no Plan Xeral para a Deputación. Eses compromisos ascendían a 21.500.000 euros para o primeiro cuatrienio, eran para zonas verdes na Guía, na Riouxa, en Alcabre, en Saiáns, no Lagares, no Monte da Mina, no Monte da Serra, no Parque Botánico, no Parque da Madroa, nas Roteas, na Xunqueira do Vao; dotacións e equipamentos no Zoo, pistas deportivas; o parque metropolitano... Agora é vostede vicepresidente da Deputación e espero que isto se cumpra porque van con dous anos de atraso. Escribírono vostedes, supoño que estando nas dúas bandas estarían completamente de acordo en proporcionar a esta cidade os 21.500.000 euros.

Iso si que é cumprir os compromisos. Esta é a súa proposta, Sr. Figueroa, este documento do estudo de valoracións seguro que tampouco lle soa. Este documento é de seu, Sr. Figueroa, "Programa da Deputación". Non incrementamos ningunha partida no primeiro cuatrienio. Escribiuno vostede, Sr. Figueroa, aínda que seguramente non sabía o que estaba a propoñer, todo o que excedía das plusvalías e das edificabilidades non eran temas relativamente importantes para vostede.

Esa é a realidade, vostede ven aquí dicir que o goberno cumpra coas súas tarefas e eu dígolle que xa o fai, que o único que incumpriu o convenio da ETEA, o convenio do túnel de Julián Estévez e propón agora modificalo é a Xunta de Galicia, neste escrito do 27 de xullo, primeira convocatoria da comisión de seguimento. Que estiveron facendo ata entón? Sabía que había unha comisión de seguimento? Porque estaba na parte do convenio con non leu, aínda que tampouco é un convenio tan longo que son só catro follas e debería ter tempo para ler esa cláusula que saltou.

Levamos a esa comisión os documento do túnel que tiñamos e pechámolo en vinte días, Sr. Figueroa, e vostede di que non estamos a facer o noso traballo. Vostede si que non fai o seu traballo, non saben en que data se asinou o convenio, non sabe que o asinou, non sabe que paga a ETEA. Sr. Figueroa polo menos cando presente este tipo de mocións infórmese por favor.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Desculpe Alcalde, antes na moción que defendeu o Sr. Figueroa empezouse falar de carteis e rematouse falando do aparcadoiro do Areal. Coido que con iso estase incumprindo un pouco os acordos que tiñamos de traballar en profundidade falando das cousas. Dígoo pola interrupción que antes se me fixo. Rógolle polo tanto que nese sentido teña máis ecuanimidade porque senón si que imos ter concelleiros de primeira e de segunda.

Sobre este tema teño que dicir que estamos diante dun asunto moi importante tal como dicía o Partido Popular. Efectivamente o túnel de Julián Estévez axuda a coordinar e a desenvolver un proxecto de infraestruturas nun ámbito fundamental coma é a conexión do futuro espazo de servizos da Universidade, non xa co barrio de Teis senón coa propia cidade.

Como saben ese proxecto, que tamén estaba definido no Plan Xeral, no seu momento o BNG impulsouno en primeiro lugar facilitando a compra dos terreos de CAMPSA por parte da Zona Franca e establecéronse unha serie de compromisos, tanto no Plan Xeral como nos convenios, para desenvolver ese túnel.

Sorprende por tanto en primeiro lugar a nova actitude da Xunta a respecto deste proxecto. Todo parece indicar que a Xunta de Galicia proximamente pretende desembarazarse, ou deixar a súa responsabilidade, ou conculcar, ou revisar os acordos dese convenio, asunto que resultaría moi preocupante de se producir. Xa veremos que é o que pasa.

En todo caso a moción tal coma está ímola apoiar porque nos parece un proxecto

fundamental. Como tamén nos parece fundamental que o Ministerio de Fomento, como xa dixemos no seu momento, converta unha vía local, que permita a permeabilidade á zona da AP9 dende Rande ata a cidade, cun proxecto que tamén foi defendido hai máis de dez anos por parte do BNG no goberno e que hoxe volvemos recordar ó Ministerio para que o faga.

Dito isto, estase albiscando de novo unha situación na que outra vez a Xunta de Galicia, utilizando algunhas manobras coído que arteiras, pode ser que volva furtar unha infraestrutura básica á cidade. Dígoo porque eu asistín con outros concelleiros á sinatura do famoso convenio da depuradora e poucos días despois se producía unha lea por unhas declaracións do Sr. Concelleiro ás que tivo que contestar o alcalde nas que parecía que había algunha dúbida a respecto do propio convenio asinado poucas horas antes.

Este espectáculo, xunto con outros que logo poderei comentar, realmente non son nada edificantes para a cidadanía porque ó final a confusión instálase na vida política e non sabemos quen ten que facer que e facer para que. Iso é o que pode acontecer no tema de Julián Estévez e que esperamos que non aconteza se polo camiño se corrixe.

Hai que dicir claramente algo importante: no convenio se fala dunha achega da administración local de máis de catro millóns de euros para financiar esa obra. A Xunta de Galicia achegaría ó redor de once millóns de euros. Os catro millóns de euros que tería que achegar a administración local derivarían da xestión do ámbito de CAMPSA. A Xunta de Galicia comprométese a partir do ano 2012 a executar esa obra.

Non sei se o Concello de Vigo neste momento e con estas circunstancias nas que está será quen de dar cumprimento pola vía da xestión urbanística a ese pagamento dos catro millóns de euros. Non o sabemos porque a situación económica é extraordinariamente complicada. Digo isto porque é importante aclararlllo ós cidadáns, xa que falamos do convenio falemos un pouco de todo. É difícil e por iso creo que neste sentido é bo que o Concello de Vigo vaia pensando para o ano 2012 en como poder achegar esa cantidade debida de catro millóns de euros.

Lembro tamén que había unha cláusula no convenio que condicionaba a execución por parte da Xunta de Galicia desa obra á achega deses catro millóns. Dígoo porque ó mellor o conselleiro, como non lle imos dicir que non a esa addenda, agárrase a eses catro millóns que non están achegados.

En calquera caso no Concello de Vigo debemos buscar as fórmulas para achegar esas cantidades que en principio están comprometidas do xeito que sexa, coido que é importante. Pero indubidablemente a Xunta de Galicia ten que facer valer os seus compromisos e obrigarse coa posición que ten asinada nese convenio.

Non queremos que volvan acontecer cousas no barrio de Teis a respecto da ETEA coma aconteceu na autopista que fixo na Xunta de Galicia ata Baiona que deixou á nosa Universidade sen conexión. Coido que é unha das poucas universidades do Estado español que non ten conexión a unha autopista cando esta pasa exactamente a 250 metros da Universidade. A quen se lle diga non o cre pero é a realidade. Parece que había algún problema económico coa concesionaria á hora de colocar a algunha persoa que vixiase a entrada e saída dos coches e cobrase as peaxes. Estamos ante esa posibilidade.

Digo todo isto para poñer todas as cartas sobre a mesa, saber o que cada quen ten que facer e ten que asumir. Mal estamos se a vocación da Xunta de Galicia é o que nos expoñía o concelleiro de Urbanismo, por iso quero dicir que ou ben non ten interese na consignación presupostaria ou ben vai buscar razóns, formas ou hábitos, como sempre coñecemos, para non exercer os compromisos. E por parte do Concello tamén teremos que facer o esforzo imprescindible para acometer ese investimento que en principio temos condicionado no convenio.

Parece mentira que teñamos que ser o BNG quen estea a lembrar estas cousas cando xa dixemos no seu momento que os convenios da ETEA e de infraestruturas non nos convencían, parecíanos un convenio demasiado alambicado, con problemas de execución e que agora posiblemente poida ocasionar este asunto. Pero resulta que ante a eventualidade de revisar un convenio e convertelo en papel mollado, nós preferimos que se execute nos seus termos por parte de todos, da Xunta de Galicia e tamén do Concello de Vigo e esperemos que se faga para non seguir enganando entre todos, especialmente neste caso polas posicións que estamos a ver por parte da Xunta de Galicia á hora de acometer unha obra importante.

Unha nota final: para nós é tan importante o túnel de Julián Estévez que se fose necesario non descartaríamos a intervención das infraestruturas do Estado, ben o Porto de Vigo ben o Ministerio de Fomento, para que botaran unha man na execución desa obra. Para nós é moi importante, é fundamental e estas son as claves do tema. Seguro que desgraciadamente non vai ser a última vez que o traíamos ó Pleno pero esta é a nosa posición.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Mariño, vostede quedouse nas infografíaas cando fixo un boicot ó Plan xeral e logo as tivo que tragar, coido que as fixo ata en Portugal.

Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e o Concello de Vigo para a construción do túnel de Julián Estévez. Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008. Asinado polo Sr. Alcalde e dona María José Caride. Pásenllo ós medios para que saiban quen di a verdade. Pero iso é unha cuestión ata menor, dáme igual que sexa o 30 de decembro que o 8 ou o 6 de febreiro.

O único que está claro é que vostedes non foron quen de aprobar a redacción do proxecto do túnel de Julián Estévez como di ese compromiso. Son uns ineptos politicamente e como xestión cero porque dende decembro ou febreiro ou dende a data que vostede queira, a día de hoxe está sen adxudicar o proxecto. A Xunta mándalle ese escrito porque ten 1.100.000 euros consignados, vostede sábeo Sr. Álvarez, e pode perdelos. Non é como no Concello, vostedes saben que na Xunta de Galicia chega o mes de outubro/novembro e Economía dita unha orde que di que todo aquel diñeiro que non estea executado ou en fase de execución retírase e pérdese esa cantidade diñeiro. Ese é o por que dese escrito, non manipulen. A Consellería quere financiar o proxecto de redacción do túnel de Julián Estévez cun millón e medio de euros.

Vostedes teñen un problema que é que se non executan Guixar como di o Sr. Álvarez, teñen un problema grave porque non se pode construír o túnel de Julián Estévez. Iso é certo diga vostede o que diga, pódenos chamar o que queira, insulte o que queira. Eu non sei o que vostede fai na Xerencia pero eu síntome moi orgulloso do traballo que fixen e só por unha cousa: vostedes prometeron 6.000 vivendas protexidas e a día de hoxe vostede non firmou ningunha, logo de tres anos e medio e coa situación de crise que estamos a vivir. Ese é un dato obxectivo, real: un concelleiro de Urbanismo, cando un alcalde prometeu 6.000 vivendas para facer en catro anos, logo de tres anos e medio non asinou ningunha. Iso é o que lles ten nerviosos.

Eu con esta man asinei 3.200. Vostedes só saben descualificar e teñen un problema engadido en Urbanismo: que o Plan Xeral é un fracaso, non se desenvolve nin Guixar nin nada porque non son capaces, moita publicidade e moita prensa pero cando remate o mandato estará sen desenvolver nin un só ámbito porque son incapaces. É inviable o Plan Xeral que vostedes deixaron, fixérono de cara á galería, ese e o seu



problema, que non son quen de xustificar nin de facer unha xestión e cada día os ingresos da Xerencia caen máis e vostede só descualifica, iso si, duplican o persoal. Ata hoxe mesmo que resulta que se meten co Sr. Príncipe porque nas torres de IFER non son quen de lle votar as culpas ó Partido Popular e fano co Sr. Príncipe, cambian de diana, senón á Sra. Porro e senón a min.

Sentímonos moi orgullosos porque de momento só hai quince millóns de euros en efectivo que teñen que aboar vostedes de sentencias de gobernos socialistas. De momento nós cero euros e iso que están tentando manipular a xestión para endosarnos unha cuestión concreta. Noutras cousas atacan vostedes por detrás e hoxe atacan ó Sr. Príncipe, só hai que coller os medios de comunicación dicindo que a culpa a ten o urbanismo do Sr. Príncipe do ano 93, dos socialistas.

SR. MARIÑO MENDOZA: Sr. Figueroa, vostede xa aproveitou para tocar todos os temas e tocarémolos. Repito que nós fixemos o noso traballo, o proxecto do túnel estaba listo, vostedes sabíano e estivemos esperando a que a Xunta nos convocase na comisión de seguimento porque ese túnel que se cofinancia, o prego ten que ser decidido entre ambas partes, o que é razoable porque a Xunta vai achegar once millóns e medio de euros. Polo tanto mentres a Xunta non nos convoque para esa reunión, cousa que fixo o 27 de xullo, fomos alí cos nosos documentos e vinte días logo vai ó Consello da Xerencia.

A única que non fixo o traballo foi a Xunta de Galicia que neste documento pide atrasar as anualidades, non sei para que as quere, e o segundo llo vou ler textualmente porque é unha cláusula moi importante, punto número 2: “O financiamento por parte da Xunta de Galicia da execución do túnel de Guixar queda sen efecto”. Isto é o que nos propón, que os once millóns e medio de euros non queden acordados coma están, xa decidirá a Xunta no seu día e cando estea o proxecto se financia ou non.

Xa que vostede fala de que o túnel de Julián Estévez depende do ámbito de Guixar, quero dicirlle que iso é completamente falso. A achega de catro millóns e medio de euros é de Zona Franca, non do Concello. É peor, o Concello ten que achegar quince e medio. Pero non ten nada que ver co ámbito de Guixar porque Zona Franca anticiparía ese diñeiro exactamente igual. O preocupante Sr. Figueroa, son os quince millóns e medio pero non se preocupe que sempre cumprimos cos nosos deberes e seguiremos a facelo.

Aproveita e fala de todo como do Plan Xeral. Vai seguir mentindo como ata agora? Cinco millóns de metros cadrados de solo en marcha. Dígame cantos puxo vostede. Non lle preocupou nada, sempre lle preocuparon máis as licenzas. Cantos sistemas xerais de dotacións? Cantos parques novos? Nin un so. Esa é a súa xestión, a vostede o único que lle preocupaba era coma ía a Xerencia. Agora lle preocupan os ingresos da Xerencia e o número de persoal, coida que ter máis persoal para que a xente teña as súas licenzas en prazo e non só os amigos está mal. Pois nós queremos que todo o mundo teña as licenzas en prazo.

Déixeme dicirlle que todo aquel que teña unha sentenza coma a de Torres Ifer ou coma a de Finca do Conde debería estar afastado dos cargos públicos, sexa do Partido Socialista, do Partido Popular ou de calquera partido. Con que mano asinou as licenzas de Finca do Conde? Temos unha sentenza que di que hai que derrubalas? Canto custa Finca do Conde e o centro comercial? Existe esa sentenza ou é que tamén minto?

Logo hai algo tan triste como que lles da un convenio á prensa. A prensa foi ó acto de sinatura deste convenio, estivo alí, non necesita que vostede falsifique un borrador. É cuestión de ir ás hemerotecas dos periódicos, Sr. Figueroa. A prensa estivo alí pero vostede non, lembro que algún membro do seu partido si estaba pero non debeu prestar moita atención ou non estaba moi contento con que ese gran proxecto urbano e cidadán se abrise. Mire nas hemerotecas o día que foron os periodistas porque a data do 30 de decembro sempre a terán na cabeza porque foi cando aprobamos o Plan Xeral, compromiso deste alcalde e en só seis meses. Seguramente ese é o seu problema, que seguen confundidos.

O convenio asinouse o 10 de febreiro e a prensa, a cidade e os vigueses estaban alí polo tanto non sega mentindo porque iso está nas hemerotecas. Calquera pode buscalo en Internet e verá como aparece o 10 de febreiro.

Fágase responsable dos seus actos e móstrenos a man coa que asinou a licenza de Finca do Conde, con informes negativos en contra. Vostede e máis a Sra. Porro, e foron á inauguración.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que ó Partido Socialista non lle van ben as cousas, cada día ratifico máis que os datos non lles deben cadrar porque están moi nerviosos.

Eu non falei de catro millóns e medio, falou o Sr. Álvarez, porque o espírito da construción do túnel de Julián Estévez é que se desenvolva Guixar e iso sábeo todo o

mundo menos vostede, o concelleiro de Urbanismo.

Eu sempre estiven calado e respectuino porque cando un desempeña unha concellería logo é moi difícil criticar a un compañeiro porque sabe das dificultades que ten e nunca o fixen. Pasoume igual co Sr. Domínguez Olveira, sempre estiven calado nese aspecto.

Vostede fala de xente que se ten que ir. Pregunte ó Sr. Calviño que por culpa del hai que pagar 200 millóns de pesetas de taxis das arcas municipais, por licenzas duns auto-taxis que lle condenaron. Pregunte por Miraflores que hai que pagar doce millóns de euros. Iso si que é real, está en Intervención, téñeno que consignar senón lles van paralizar os próximos presupostos. Quince millóns de euros en sentenzas de goberno socialistas.

O Plan de 93 deixou as secuelas que deixou e vostede hoxe critica ó Sr. Príncipe porque lle interesa, está nos medios de comunicación. Agora se mete coa Sra. Porro, connosco e con todos. Claro que me sinto moi orgulloso da nosa etapa. Se un concelleiro de Urbanismo dun partido tan progresista coma o de seu, prometeu seis mil vivendas protexidas e non firma ningunha en tres anos, ten que presentar a dimisión e vostede non as firmou. É vergonzoso que non dera nin unha soa licenza de vivenda protexida, vostedes que defenden tanto ós desfavorecidos e todas esas cousas. Están caendo nos seus propios erros.

O Plan Xeral é un fracaso. Claro que non se vai desenvolver o túnel de Julián Estévez nin Guixar nin nada parecido porque é inviable. Fixeron un Plan Xeral de cara á galería e agora van pagar as consecuencias porque en política sempre hai un efecto búmerang e vostedes só teñen a obsesión da Sra. Porro.

Mostre vostedes as infografíaas que fixo para o goberno anterior, para o Sr. Ruiz Ceniceros. Non era moi bo porque logo tivo que tragar todo.

Esa é a cuestión urbanística desta cidade da que nós nos sentimos orgullosos. O túnel de Julián Estévez é unha obra fundamental e importante e vostede desvíase cunha data que é a que eu teño porque está aí o convenio asinado, pero dáme igual, como se é o 20 de febreiro. Din que o próximo xoves van a adxudicar o prego de condicións para elaborar o proxecto de redacción. Están mentindo, non o teñen a día de hoxe e terán que levalo a unha Xerencia. Están mentindo á cidadanía.

Claro que a Xunta de Galicia lle manda ese escrito porque ten un diñeiro consignado en anualidades e se non se cumpre o convenio perden o diñeiro.

(Están ausentes os Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez do Grupo Popular, e a Sra. Abelairas Rodríguez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando a contratación urxente da redacción do proxecto do túnel de Xulián Estévez, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (184).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN LOCAL DE DROGAS. DOC. 100110820.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110818, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“O primeiro Plan Local de drogas (PLD) xorde no ano 2002 dende as inquedas políticas, sen distinción de cor, conxuntamente cos anhelos das entidades que están a traballar en calquera dos ámbitos da promoción da saúde cunha calidade destacada é a conxunción do político, o técnico e o social, nunha mesma liña.

No PLD de 2006-2008, cun goberno do Partido Popular, púxose en marcha una oficina técnica cunha coordinadora e una técnica para cubrir as necesidades de xestión, coordinación, promoción da saúde e prevención do plan.

Hoxe en día, móstrase o retroceso. É o persoal do centro de atención para drogodependencias do Concello de Vigo CEDRO, o que está a desenvolver os obxectivos do plan, tendo para iso que compaxinar o seu de traballo no plan ca súa función profesional no centro de atención a drogodependentes, asemade de que o persoal do centro é cada vez menor debido a que as baixas laborais están sen cubrir.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

Contratar os técnicos para desenvolver de xeito eficaz o plan Local de drogas sen prexuízo doutros servizos”.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 30 de agosto, ditaminou

favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Quero dicirlle algo ó Sr. Domínguez Olveira: se o fixera tan ben como fala non habería 43.000 persoas baixo o limiar da pobreza nesta cidade; contrataría traballadoras sociais para que as persoas que máis necesitan para comer non teñan que agardar na nosa cidade seis meses por falta de persoal nas UBAs; se o fixera tan ben como fala, Sr. Domínguez, contrataríanse ás dúas profesionais que se necesitan no Plan Local de Drogas para poder levar a cabo unha prevención eficaz e efectiva na nosa cidade.

Ademais diso vostedes en materia de drogodependencia gastan o 54% do presuposto en publicidade e en asistencia técnicas, polo tanto cremos que todo iso que tanto promove e do que tan ben fala, de que aos cidadáns lles importa a economía das nosas familias, que lle preocupan os inmigrantes, que ao BNG lle preocupan as familias que o están pasando mal, cremos que non é certo, que a súa política non é a política das persoas.

En Vigo multiplicouse por tres o consumo de drogas. Os catorce anos é a idade media do inicio de consumo de cocaína, de alcohol, de heroína, de cannabis... Pero os doce anos é a idade crítica onde comezan os mozos a drogarse. Vigo converteuse nunha zona quente, unha zona de alto risco con respecto a outras cidades galegas.

A partir do ano 2007, coincidindo co seu inicio no goberno vigués, incrementouse por primeira vez en seis anos o número de pacientes drogodependentes, case 3.000 persoas actualmente na nosa cidade. Os estudantes e os parados son os máis consumidores de drogas. Entre os doce e os dezoito anos son bebedores abusivos por riba da media xeral que en Galicia está en un 3,8 % e en Vigo sitúase nun 7,6%, nenos entre doce e dezoito anos. O consumo de cocaína en estudantes e parados é dun 13,2%, o éxtase entre os doce e dezoito anos está no 22,5%.

A maioría dos mozos consume ata catro drogas diferentes nas nosas noites de botellón: o alcohol, o cannabis, o éxtase e a cocaína, e o 75% destes menores non teñen hora límite para chegar ás súas casas.

Todo isto provoca que os servizos de urxencia da nosa cidade atendan a máis de 750 persoas ao ano, mozos de dezaseis a vinte e catro anos con brotes psicóticos, con alucinacións, moi axitados, violentos, con intentos de suicidio, delirios por consumo de cocaína e alcohol, 750 persoas ó ano entran no servizo de urxencias con todos estes síntomas polo exceso no consumo de alcohol e cocaína na nosa cidade. Non

incluímos o resto das drogas porque non temos información acerca delas pero probablemente o incremento sea moito maior.

O exceso no uso destas substancias fai que cinco familias ó mes teñan que recorrer á Xunta para controlar aos seus fillos, piden axuda á Xunta porque non son capaces de controlar nin de dominar a situación que están a vivir os seus fillos.

O Concello de Vigo ten a obriga, segundo a Lei de Galicia e a estratexia nacional sobre drogas, de establecer uns principios enfocados á prevención que non se están a cumprir na nosa cidade.

O Concello de Vigo debe impulsar políticas de prevención integrais. Que medidas tomaron? Co goberno da Sra. Porro existía unha forma de reducir a demanda no consumo de drogas que era o programa “Noites vivas para mozos” e vostedes eliminárono sen alternativa ó botellón, sen opcións nin programas de ocio e tempo libre saudables.

Outro dos puntos que o plan estratéxico de drogas nos informa e que é moi importante é a educación, que se configura como a ferramenta central da acción preventiva; educación para a saúde. Dos cen colexios de Vigo onde se poderían levar a cabo estas accións preventivas, vostedes só o desenvolveron en cinco centros escolares da nosa cidade.

Outro punto importante é que os programas de prevención deben facilitar a sinerxia e complementariedade de actuacións entre os distintos ámbitos de intervención. En Vigo non hai actuacións transversais en ningunha das áreas do goberno; non hai en cultura, nin en deportes, nin educación, nin en igualdade, nin en xuventude, nin en participación cidadá, nin en normalización lingüística, nin en turismo e por suposto tampouco se levou o plan contra o absentismo escolar que o alcalde comprometeu no ano 2007. Foi un dos seus compromisos de goberno.

Por todo isto Sra. Méndez, cremos que debemos comezar a ter en conta ás persoas mais necesitadas da cidade, como ben falaba o Sr Domínguez, a levar a cabo medidas efectivas que melloren a calidade de vida dos cidadáns, dos nosos mozos e dos nosos parados porque ó consumo estase incrementando e a situación estase complicando, non soamente con respecto á saúde física destes menores, senón á vida social, á vida familiar do contorno destas persoas.

Hoxe en día mostrase o retroceso, é o persoal do centro de drogodependencias quen se está a ocupar do plan local de drogas, quen está a levar a cabo esas medidas preventivas, colapsando e provocando o desmantelamento do centro de

drogodependencias da nosa cidade. Estase a facer un traballo de terceira categoría e solicitamos que se comece a tomar en consideración, como xa o fixera a Sra. Porro no seu momento.

Por todo isto solicitamos contratar ós técnicos necesarios para desenvolver de forma eficaz o plan local de drogas sen prexuízo doutros servizos. Deixen de facer alardes de grandeza, de falar de persoas, dos necesitados, dos desfavorecidos, cando en realidade vostedes están a gastar o noso diñeiro en publicidade, en asistencia técnicas e en placas megalómanas de Alcaldía.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A verdade que non me deixo de sorprender coas mocións que presenta o PP e coido que este Goberno ten que felicitarse porque realmente debémolo estar a facer moi ben cando están repetindo mocións. Exactamente esta moción, cos mesmos datos e coa mesma demanda, fíxose en marzo do ano 2009, exactamente coa mesma argumentación.

Vostede que está tan informada o primeiro erro que comete é dicir que o Plan local de drogodependencias e outras adiccións iniciouse no ano 2002. Téñolle que corrixir porque foi no ano 1998 e cumprimos o décimo aniversario cunha serie de actividades precisamente hai dous anos ás que vostede asistiu. Cando fala de retroceso a respecto da oficina do Plan local de drogas, realmente non sei como non se lles cae a cara de vergonza porque precisamente o que se fixo na oficina do Plan local de drogas era algo absolutamente interino, sen estabilidade porque tiñan que estar contratadas dúas persoas que tiñan un contrato laboral que cesaba cada seis meses, estabamos seis meses ata que se elaboraba o seguinte contrato, foi exactamente *funcionarizar* esas prazas e poñer a dúas persoas, unha traballadora social e unha psicóloga, a desenvolver esa responsabilidade. Déuselle estabilidade e consolidouse á oficina o Plan local de drogas dentro do organigrama de Benestar Social e polo tanto mellorou a eficiencia, a proxección e a calidade do que se presta a través desta oficina.

Recibimos felicitacións de todos os membros do Plan local de drogas por esta nova estabilidade e non soamente deles, senón de todos usuarios aos que chegamos. Para iso voulle dar uns datos que precisamente van contrarrestar a mentira que acaba de dicir porque vostede case nos acusa de “camelos”, parece que a oficina do Plan local de drogas non fixo absolutamente nada e que somos os Gobernos os culpables do consumo. Pois se hai que lle votar a culpa a alguén, será a vostedes que non fixeron

a prevención porque a prevención como todos saben é labor de anos e da resultado a longo prazo.

Vostedes foron os que non fixeron esa prevención e iso non soamente se pode achacar a causa de non facer prevención senón tamén ao consumo da xente nova que, por certo, o mesmo habería que dicir polo tanto da Xunta de Galicia porque ese incremento que houbo en Vigo, o houbo en todas cidades e en todos os pobos de Galicia e polo tanto na Xunta de Galicia. Que fixeron vostedes ata o 2005 e dende o 2009? Agora llo vou dicir pero primeiro voulle dar os datos deste Concello.

No ano 2007 e ata principios do ano 2008 que non puidemos facer un novo orzamento, houbo un programa de prevención en todo Vigo para 2.500 persoas. Sabe a cantas persoas chegamos no ano 2009? Exactamente a 9.894, entre mestres, alumnados, persoal educativo, profesionais do tema. 9.894 en dous anos, este é o equipo de prevención que nós puxemos. No ano 2007 desenvolvéronse exactamente 80 accións e chegouse a cinco colexios, vostede ten confundidas as cifras. Este ano mandóuselle información a 120 colexios e participaron activamente 60 colexios en todos os programas, aos demais se lles informou e se lles deron charlas, pero participar activamente exactamente eses.

Houbo 453 accións. Iso é o que fixo esta concellería e este Goberno. Menten porque nin sequera collen as memorias antes de traer unha moción e nin sequera se preocupan. Mellor dito, cóllenas e terxivérsanas, 10.000 usuarios; nenos, nenas, pais, etc. aos que chegamos.

Cando eu cheguei a este Concello implementaránse cinco programas de prevención; este ano foron trece programas de prevención e así se demostra que nós si miramos pola xente e polas drogodependencias.

Xa que falamos de accións, non soamente se fixo iso senón que se puxo unha páxina web “podemosprevir.com”, onde entran todos os colexios e fan consultas todos os días máis de cinco ou seis colexios e tamén poden entrar pais e nais de familias.

Adaptáronse os contidos e aumentamos as subvencións a todas as organizacións que colaboran con nós nos Plan local de drogodependencias e outras adiccións, sen prexuízo para iso de outros servizos. Este ano atendéronse en Cedro a 1.323 persoas, o que significa 60 persoas máis que o ano pasado e bastantes menos que no ano 2007 onde vostedes deixaron o Goberno.

Unha traballadora social de Cedro atende por persoa ó día 4,60 casos, unha psicóloga atende 4,10, e dicir, catro persoas. Vostede cre que iso é unha sobrecarga cando



estas dúas persoas adícanse todo o tempo a atender á xente de Cedro? Estas persoas incrementaron as accións e sobre todo non deixaron de atender á xente de Cedro. O que non conta a señora García é que efectivamente reducimos moito o perfil que necesita axuda social dentro de Cedro. Non son os consumidores de heroína os que agora veñen a Cedro; son os consumidores de cocaína, alcohólicos, etc., que teñen un perfil social que evidentemente non necesita o mesmo tempo que antes, por iso se distribuíu o traballo en Cedro.

Vostedes que tanto falan a respecto do aforro e de que temos que funcionarizar, din que contratemos unha asistencia técnica. Onde está a austeridade do PP? Agora lles vou dicir onde está esa austeridade. É esta a austeridade do PP, vergoña lles debería dar presentar esta moción cando no programa de asistencia que desenvolvemos na UAD de Cedro hai exactamente 81.000 euros menos que o ano pasado, señores tanto da prensa como da cidadanía, a Xunta de Galicia deulle 81.000 euros menos ao Concello de Vigo para a asistencia de drogodependentes. Isto é o que lle interesa a toxicomanía ó Goberno do PP, isto son as políticas da austeridade do Goberno Feijóo aplicadas sobre os que menos teñen.

Iso nos plans de asistencia. Saben cantos euros menos? 4.000 euros menos no Plan de Prevención, dábannos 56.000, o resto tíñao que poñer este Concello e este ano nos dan 52.000. A Sra. García, representante neste caso do mesmo partido que goberna en Galicia, di que hai que incrementar. Que pretende señora García? Que máis datos quere para demostrarlle que este Goberno e esta Concellería están actuando coherentemente? Voulle dar máis datos.

A nivel galego desmantelaron a dirección xeral de drogodependencias e outras adiccións e a converteron nunha subdirección xeral de asistencia médica e social; agora esa subdirección tamén desapareceu porque a señora directora, como houbo crise no gabinete da Sra. Farjas, pasouse a outro posto e agora non hai con quen falar dentro da Xunta de Galicia sobre as drogodependencias. Dividírona en dúas partes e unha delas agora nin sequera existe porque non está dirixida. Non só iso senón que ademais o que fixeron foi reducir considerablemente todas as subvencións que lle daban a asociacións como "Alborada", "Érguete", etc. e reduciron en toda Galicia 1.100.000 euros nos orzamentos de 2010 en toxicomanía.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Paréceme que os datos que vostede ten non coinciden coa realidade. Acaba de dicir que a Xunta reduciu 80.000 euros e as cifras que teño din

que a redución foi de 4.000 euros en prevención e en asistencia técnicas 32.000 euros.

A redución que aplicou a Xunta é dun 6%. Este recorte, como vostede ben sabe, non é un recorte que a Xunta impuxera senón que ven dirixido polo Goberno central, polos presupostos xerais do Estado e o recorte en materia de drogodependencias é dun 37%. Un presuposto no que vostedes se abstiveron, poderían telo votado en contra pero se abstiveron co cal vostedes aproban este recorte dun 37% para á Xunta de Galicia neste tema de drogodependencias. A Xunta de Galicia fixo unha redución dun 6% e o Goberno central dun 37%. Quéixense vostedes onde se teñen que queixar, non nos veñan dicir a nós que é o que está a facer a Xunta de Galicia, dígallo vostedes en Madrid a través das persoas que alí lles representan.

Tamén nos sorprende enormemente que levaran as súas campañas de prevención a sesenta colexios cando en FOANPAS non teñen ningún coñecemento de que se fixera absolutamente nada nesta materia este ano e eu casualmente buscando en internet atopei un proxecto que leva a cabo Alborada que se chama "Creative" e hai cinco colexios dos 120 aproximadamente onde se poderían levar a cabo en materia preventiva todos estes traballos que cremos que son moi importantes.

Evidentemente desde que vostedes gobernan nesta cidade non había ningún incremento ata ese ano no número de intervencións. Para vostede non será significativo pero cremos que a xestión do Goberno é fundamental á hora de levar a cabo materias preventivas e especialmente dende o ámbito municipal, canto mais.

Pois claro que presento a moción e presentareina as veces que fagan falta ata que vostedes teñan a ben ocuparse destes adolescentes que están empezando no consumo de drogas e que despois o que viviremos é que haberán moitas máis persoas durmindo nas rúas da nosa cidade porque todas esas persoas veñen desta falta de política de prevención e de fomento de hábitos de vida saudables que non están a levar a cabo.

Non collemos as memorias porque é moi difícil que alguén nolas poida dar. Desde logo dende o Concello de Vigo non nos facilitaron a memoria de Cedro de 2009, por suposto que non.

Ademais ocultan os datos. Témoslos e non só os de Cedro senón tamén de Alborada porque hai que ver á hora de traballar coas drogodependencias as dúas redes asistenciais que temos na nosa cidade que son Alborada e Cedro. Evidentemente o Plan local de drogas e os dous profesionais que requirimos son para evitar ese

incremento no consumo.

Tamén cremos que é moi importante falar da web do Concello que leva sen actualizarse dende o ano 2008, seguen aparecendo os nomes das profesionais que se contrataran co Goberno da Sra. Porro. Niso se ve falta de interese e falta de transparencia á hora de que os cidadáns poidan saber onde chamar, con quen entrevistarse e quen lle pode dar información.

Cedro gastouse neste pasado ano 2009 moito máis en publicidade e asistencia técnicas que en traballar por unha asistencia e unha prevención adecuada porque se se gastan case 18.000 euros en publicidade pero en talleres de actividades gástase moito menos, en educación de rúas, en programas para persoas enfermas de SIDA, en convenios de exclusión social gastase moito menos, en que estamos? Cal é a política social deste Goberno?

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Realmente sigo sorprendida polos datos que ten a Sra. García, sobre todo porque a memoria da que tanto fala fíxose pública nunha rolda de prenda, todas as memorias de todas as concellerías poden irse pedir directamente á Concellería sen problema de ningún tipo e a prensa ten os datos que ademais foron uns datos moi rechamantes e puxéronse en varios xornais. Eu aquí agora no teño as hemerotecas pero vostede podería ter perfectamente acceso a estas memorias, memorias que se lle entregan á súa vez á Xunta de Galicia. Repito, 9.894 número de usuarios a nivel de prevención con colexios, etc.

Só este ano chegamos a cento cinco colexios cun programa chamado “Máis que un teito” De onde sacan vostedes os seus datos? Da mentira, da calumnia e de querer enlamar a este Goberno. O que nos faltaba por oír é o que hoxe escoitamos de que temos a responsabilidade de que se incrementara o consumo de determinado tipo de drogas.

Efectivamente claro que nos interesa Alborada e neste Concello hai dous meses presentouse unha moción pedindo precisamente que a Xunta cumprira cos seus deberes e o que fixo a Xunta de Galicia foi atrasarnos un convenio que tiña que asinar por seiscentos noventa e seis mil euros, porque tiñamos o Plan de calidade que vostede non deu conta e por iso son oitenta e un mil euros menos, atrasala ata xullo deste ano e tiña que entregar en xaneiro do ano pasado. O convenio de prevención acabámolo de recibir practicamente hai un mes, cando tiñamos que telo asinado xa en marzo e só nolo fan ata decembro, non sabemos se imos poder

continuar con Cedro porque sempre nolo fixeron por un ano ou dous e este ano nolo fan por seis meses, remata o 30 de novembro. Temos que xustificar todas as actividades que desenvolvemos en prevención en dous meses. Non sei como non lles cae a cara de vergoña coa política que están a desenvolver en drogodependencias.

Todos os Concellos que teñen unidades de drogodependencias que son un total de trece, están absolutamente desesperados pola redución que vostedes fixeron. O anterior convenio coa Xunta do bipartito asinámoslo por dous anos en cento setenta e dous mil euros; este ano vostedes dánnos cincuenta e dous mil euros e a Alborada redúcenlle máis que a este Concello. En Vigo reducen máis dun 20% en canto a políticas para prevención e asistencia a drogodependentes. Isto é a política da Xunta de Galicia e é a política que desenvolvía o PP cando estivo neste Goberno.

Pero non se preocupe porque nós como Goberno si queremos o benestar para todas as persoas e si facemos políticas de igualdade para todas as persoas e por iso dende que nós estamos neste Goberno a Concellería de Benestar duplicou o seu orzamento, collemos Benestar Social con catro millóns catrocentos mil e estamos neste momento en nove millóns e pico de euros. Isto é apostar polas políticas de benestar social, nun momento de crise económica apostar pola xente mais desfavorecida e apostar por prevención e non todo o que fixeron vostedes.

Pídanlle o seu Goberno e ao señor Feijóo que actúe como ten que actuar nun momento de crise e que non se dedique a facer propaganda, a deixar incendiar Galicia e que faga exactamente o que ten que facer con Vigo, que faga políticas de prevención tamén en drogodependencias, esas que vostedes din que nós non facemos e que estamos poñendo en marcha duplicando os orzamentos.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O que se están a incendiar son moitas casas nesta cidade con persoas que non teñen onde durmir e é a súa responsabilidade. Quen empezou falar do tema dos incendios non fun eu. Vostede sabe que iso está pasando na nosa cidade e é a súa responsabilidade así que atenda aos problemas da nosa cidade que é o que vimos resolver, os problemas das 43.000 persoas que viven baixo o limiar da pobreza na nosa cidade e ás tres mil persoas que consumen activamente drogas, ós parados e ós estudantes que son os que están nun índice de risco moi elevado de consumo de drogas. E vostedes dedícanse a falar mentres estamos a falar dun tema máis importante.

As memorias teralas presentado na rolda de prensa pero dende logo non son

accesibles a ningún cidadán desta cidade, de feito se ten sen actualizar dende 2008 a páxina web do Concello en materia de drogas, evidentemente as memorias non están e menos a de 2009.

Tamén me sorprende enormemente que informe de que case dez mil persoas participaron no Plan Local de drogas de Vigo e que o número de beneficiarios duplicouse con respecto ó ano anterior cando o presuposto de 2009 e 2010 era exactamente o mesmo. Se isto é así significa que o ano 2009 estiveron mal xestionando o noso presuposto, estiveron gastando o diñeiro probablemente na publicidade, na propaganda e en todo ese tipo de cousas que a vostedes lles encantan en vez de adicarse a traballar neste tema. Se co mesmo diñeiro fan o dobre coido que está moi claro que están mal xestionando o noso diñeiro.

Que pasa co persoal que se supón que podería mellorar a prevención de drogas na nosa cidade? Que se pode traballar con respecto a isto? Por que soamente en cinco colexios da nosa cidade se levou a cabo a pesar de que vostede fale de sesenta colexios e ninguén teña coñecemento disto? Nin FOAMPAS, nin ningún centro que se dedique a facer prevención, non se sabe moi ben dende onde e como se enfocou esta prevención. Que pasa con esas sesenta familias ao ano que teñen que pedir axuda á Xunta porque os menores están sen opcións de lecer e tempo libre saudable nas noites da nosa cidade? Por que entran nos servizos de urxencia máis de cincocentos menores con síntomas de abuso de alcohol e drogas ou de alcohol e cocaína?

A PRESIDENCIA: Hai unha cousa que dixó que é certa: hai xente que evidentemente está a vivir en casas que se queiman por accidente porque non teñen un teito, porque a Xunta ten un albergue pechado. Iso é verdade.

(Están ausentes os concelleiros do Grupo Popular, Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez. Tamén está ausente o Alcalde-Presidente Sr. Caballero Álvarez. Preside o Pleno o tenente de alcalde, Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. García Míguez, solicitando a contratación de técnicos para desenvolver o plan local de drogas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (185).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO O ACCESO A TODA A DOCUMENTACIÓN NO PRAZO DE DEZ DÍAS. DOC. 100110822.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110822, o concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“O acceso aos antecedentes, datos e informacións que sexan necesarios para o desenvolvemento da súa función é un dos dereitos recoñecidos aos membros das Corporacións Locais.

Dende o Grupo Municipal do PP se solicitou ao Alcalde, en numerosas ocasións, o exercicio deste dereito sendo negado polo Alcalde mesmo nos casos en que por escrito se afirmaba que dita documentación estaba a disposición do Grupo Municipal do PP e indicaban que “poderían atopala” no departamento correspondente.

A ocultación reiterada desa documentación, a falla de corrección democrática que amosa o Alcalde da cidade ao impedir acceder aos expedientes, mesmo nos casos nos que se invita ao seu exame, é un intento como xa temos sinalado noutras mocións, de ocultar datos ao máis importante grupo municipal do Concello e un intento de limitar o labor de control que corresponde ao Partido Popular.

Despois do moitos meses o Grupo Municipal do PP non tivo acceso a esa documentación.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

O Alcalde de Vigo permitirá, no prazo de dez días a contar dende a aprobación desta moción, o acceso a toda a documentación que, ata esta data, se ten ocultado ao

Grupo Municipal do PP.

A comisión informativa de xestión municipal en sesión do 30 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CHAVES CASTRO: Nesta moción do grupo municipal do PP volvemos solicitar a documentación que o alcalde socialista Caballero negou de forma reiterada ó PP, partido que máis votos obtivo nas eleccións municipais do ano 2007. É increíble a obstinada negativa do Goberno municipal a acceder ou obter copia do que está a realizar este Goberno. Solicitouse algunha información ata en tres ocasións e nunca se nos permitiu acceder a ela .

Este negativa a sacar á luz esa documentación algunha razón terá, algún motivo terá porque realmente deben facilitar o acceso a esa documentación a todos os concelleiros. Antes un concelleiro falaba de se había concelleiros de primeira e de segunda, será dentro do Goberno porque no Pleno hai concelleiros de primeira que teñen acceso á documentación e concelleiros de segunda que non teñen acceso malia estar equiparados legalmente en dereitos para acceder á mesma.

Ao negar e ocultar eses datos demostran que teñen vontade de exercer os medios de poder, pero tratan de evitar as regras para o seu control. Unha das características do Estado de Dereito é o control da administración e unha das formas dese control é a institucionalización da discrepancia a través da oposición, pero para iso é necesario o acceso á documentación pública. Seguiremos insistindo.

No Pleno pasado votaron en contra de facilitar ós grupos municipais a documentación que se solicitara polo PP, dixeron que non serían transparentes, que non facilitarían esa documentación que solicitara o PP. Votaron a favor de incumprir o que establece a normativa legal, mesmo a propia normativa que aprobou o Pleno desta Corporación. Cal é o motivo desa negativa? Cales son as razóns para non permitir o acceso á documentación ó PP? Porque algunha razón existirá xa que legalmente teñen obriga de permitir ese exame. Por que razón o Goberno socialista do señor Caballero non facilita esa documentación á oposición?

Seguiremos insistindo aínda que esta sexa a quinta vez que pidamos algún tipo de documentación e ó final os datos coñeceranse, sairán a luz e coñecerémolos porque nunca se puido evitar nun sistema democrático que a documentación saia a luz e tampouco vai poder evitalo o socialista Sr. Caballero. Espero que coa quinta solicitude

desa documentación teñamos a posibilidade de acceder a ela.

Agora varios concelleiros do Goberno dixeron que temos todo. Eles teñen todo pero aquí non hai concelleiros de primeira e de segunda. A oposición non ten todo, nin sequera ten o que reclama a través do procedemento establecido legalmente. Non parece moral que o Goberno municipal reteña os documentos públicos, que vote a favor de ser opacos porque o Goberno municipal do socialista Sr. Abel Caballero ten a obriga de velar pola legalidade. Non parece moral que declare expresamente que non a vai cumprir e vote como fixo no anterior Pleno que non vai facilitar a documentación á oposición. Non parece moral que sexa imposible coñecer a relación de persoas que cobran nómina deste Concello por exemplo, ou as que foron dadas de alta nos últimos anos. Por que non se poden coñecer a documentación do Plan E ou por que non se poden coñecer por exemplo os datos dos matriculados na escola de Artes e Oficios. Non parece moral o que está a facer o socialista Abel Caballero.

Seguiremos insistindo, pedindo esa documentación e ao final sairá á luz.

SR. LÓPEZ FONT: Gracias ó Sr. López-Chaves, que hoxe ten un día totalmente inspirado, por recordar permanentemente que o alcalde de Vigo é o socialista Abel Caballero. Coido que os cidadáns saben que esta cidade ten un alcalde socialista porque efectivamente así o decidiron nas urnas, malia o que lles custou a vostedes decatar-se e así cuestionaron o pacto político democrático que fixeramos, pero ten hoxe moito interese o Sr. López Chaves en lembrar que o alcalde de Vigo é socialista o que eu agradezo, certamente.

Dicía a Sra. Méndez a propósito da moción que debatemos anteriormente que moi ben o debe de estar a facer o Goberno cando a oposición repite moción, referíase a unha moción que parece ser que se presentara en marzo de 2009. Pois o Sr. López Chaves aínda é máis orixinal porque repite a moción que presentou no Pleno do mes pasado e, repasando a resposta á esa moción, dicíalle que é unha moción que soamente vostede podería presentar. Ratifícome no dito e tamén é só vostede quen é capaz de volver repetir a mesma moción e cos mesmos argumentos.

Díxenllo no Pleno do mes de xullo: o Concello de Vigo gobernado polo alcalde socialista Abel Caballero non infrinxe ningunha norma e tampouco en relación co acceso á documentación. Tamén como lle dixen no mes de xullo, se o Alcalde socialista Abel Caballero infrinxise algunha norma vostede estaría nos tribunais, cousa que a pesar das moitas veces que o dixeron o Sr. Figueroa e máis vostede,



aínda que vostede leva menos tempo de concelleiro, aínda non fixeron.

Quen teñen que demostrar a ilegalidade son vostedes. Quen teñen que demostrar que este goberno non está a actuar legalmente son vostedes e teñen todos os instrumentos para o facer. Vostede ten uns dereitos como concelleiro que lle son respectados como xa lle dixen no outro Pleno. Vostede é un exemplo paradigmático de como actúa o Partido Popular en política: repetir o mesmo moitas veces ata que, sexa verdade ou mentira, a xente acabe créndolle. Coido que vostede ten certo futuro no Partido Popular, outra cousa é como lle irá ó Partido Popular con concelleiros como vostede.

A entrega da documentación está regulada expresamente no ROF e no regulamento orgánico deste Concello. Díxenllo no Pleno do mes de xullo e sábeo perfectamente. Os artigos 14, 15 e 16 do ROF e no artigo 2 do aínda vixente regulamento orgánico municipal, polo tanto ten o acceso a toda a documentación. O que pasa é que vostede necesita en cada Pleno o seu minuto de gloria, xa o tivo no Parlamento co tema da Cidade da Cultura, etc. Hai que lle recoñecer certa habilidade á hora de querer entorpecer a acción do goberno solicitando información, machucando en sentido figurado ós funcionarios e á estrutura administrativa para que se lle entregue documentación cando sabe que a ten.

Tamén lle dixen no mes de xullo que vostede ten os seus dereitos. Este goberno vainos respectar e respéctaos pero ese espectáculo que vostede quere de que o socialista Abel Caballero, alcalde de Vigo, lle entregue os papeis no seu despacho como vostede pretende non se vai dar, Sr. López-Chaves. Desengáñese non unha vez senón cinco veces. Cúmprense todas as normas, entrégaselle a documentación totalmente necesaria e á que vostede ten dereito e o que pretende con isto é outra cuestión moi diferente.

O que pasa é que nesta certa habilidade que lle recoñezo di que o vai pedir por cuarta ou quinta vez pero cambiou a moción que presentou no mes de xullo pola que presenta agora. Evidentemente cambiouna porque estou seguro que se deu conta que coa do mes de xullo non ía ben, o debate saíulle bastante mal, deuse de conta de por onde podería ir para acadar que o goberno aceptase a súa proposta e cambiouna.

No mes de xullo di que “O alcalde de Vigo entregará ós grupos municipais no prazo de dez días a documentación”. Este é o espectáculo que vostede quería e ao que eu me referín. Evidentemente lle dixemos que non coas mesmas argumentacións que lle

estou a dar agora. Pero o 25 de agosto vostede estaba un pouco máis inspirado á hora de facer novamente a moción para ter outra posibilidade no Pleno de culpar de todos os males planetarios ao socialista Abel Caballero e ocorréuselle outra redacción que literalmente é: "O alcalde de Vigo permitirá no prazo de dez días ... o acceso a toda a documentación". Esta é a diferenza.

No mes de xullo vostede quería esa entrega simbólica que tanto lle agradaría e deuse de conta, seguro que polas argumentacións que se lle deron neste Pleno, que ten todo o dereito ó acceso á documentación e ten a obriga de saber onde está esa documentación e ir solicitala, non a que lla entregue persoalmente o alcalde de Vigo, o socialista Abel Caballero.

Por iso non vai facer falla que vostede volva presentar esta moción, Sr. López-Chaves. Revisando os antecedentes que teña para o Pleno ordinario do mes de setembro pode ver que moción repetirá para que novamente teña a posibilidade de intervir, pero esta xa a conseguiu porque a tiña conseguida como debería saber. Menos mal que fun quen de convencelo no Pleno do pasado mes de xullo. Tal como está a moción non hai nada que obxectar como xa lle dixen no mes de xullo.

Se non quere facer ningún discurso político máis contra o socialista alcalde de Vigo Abel Caballero, aforrámonos un tempo precioso que lle virá a vostede ben e a nós tamén. Case que non interveña xa vostede e eu tampouco e votaremos a favor da súa moción porque efectivamente este goberno, de acordo coa normativa do ROF e do regulamento do Pleno deste Concello, permitirá a vostede e a todos os concelleiros o acceso a toda a documentación, porque non hai neste Concello concelleiros de primeira ou de segunda.

Unicamente lle rogo igual que fixen no Pleno do mes de xullo no sentido de que busque realmente o que necesite, que busque a eficiencia á hora de facer oposición e non tente obstaculizar a acción de goberno deste Concello e da súa administración, cousa que coído que as veces pretende, permítame dicirillo.

De paso lle pediría ó favor de que como ten preto ao vicepresidente primeiro da Deputación de Pontevedra lle traslade o rogo de que na Deputación de Pontevedra non haxa deputados de primeira ou de segunda, que como no Concello de Vigo sexan todos iguais e que cando a persoa que se senta á miña dereita solicite información en aras á transparencia e todas estas cousas como fai vostede, o popular Sr. Louzán lle entregue esa documentación á Sra. Abelairas e ó resto dos deputados para que estean en igualdade de condicións.

Xa lle anticipo que imos votar a favor da súa moción porque se axusta literalmente ó que di a normativa e tamén ás miñas argumentacións do mes de xullo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O socialista Caballero e o socialista Zapatero, evidentemente son socialista e non o imos negar nós nin vostedes. Hai moitos socialistas.

Vostede fala de acudir á xustiza. Teñen a manía de xudicializar a vida política. Referinme a que o control da administración pública exerceuse a través do dereito á discrepancia e da oposición política. Algúns como non cren niso cren que o único sistema é a xudicialización da vida política. O Sr. Font parece que di que exercer a oposición é entorpecer e iso non é así, é exercer o que nos corresponde e que se recoñece legalmente a cada un dos grupos municipais.

Eu non quero demostrar ningunha ilegalidade, só quero acceder á documentación e vostede dime que a vaia consultar. Petición de documentación: 20 de abril de 2010 dirixida ó Sr. Alcalde. Contesta o voceiro: teñen esa documentación no departamento de Vías e Obras. 21 de xuño de 2010: advertimos que imos ir ver esa documentación. O día 28 de xuño dicimos que imos baixar o día seguinte para ver a documentación. Estamos esperando vela dende hai dous meses. Vostedes votan a favor pero agora cambian de táctica, van seguir sen dar esa documentación.

No mes de novembro votamos unha moción vostede e o Sr. Alcalde socialista Abel Caballero sobre a documentación da biblioteca pública do Estado dicindo: "O Alcalde entregará ós grupos municipais no prazo de cinco días". Dende esa data estamos a esperar.

Esta moción van votala a favor para non cumprila porque en dous ocasións baixamos varios concelleiros a ver esa documentación e nos impediron acceder a ela; a última o 29 de xuño.

Agora vai votar a favor da iniciativa porque sinxelamente ten medo de que vaíamos reclamala a algún lado. Iso é o que fai vostede porque sabe o que pode pasar e entón di que nola van facilitar e cando vaíamos vela non nos van deixar porque é o que fixeron durante moito tempo.

Por certo, desta documentación non era solicitude de copia, tamén pedíamos a vista en numerosos supostos e non nos deixou nin ver, nin copiar, nin acceder, nin nada durante preto de dous anos.

Sr. Font, imos tela igual. Agora vota a favor sinxelamente por medo ó que poida pasar

logo pero a citada documentación da relación de nóminas de persoas contratadas por este Concello non a vai dar. Baixamos ó departamento a buscar documentación invitados por vostede e non nola deixaron ver. Agora di que vai votar a favor pero hai dous meses nos dixo que fósemos vela e non nos deixaron.

Ó final esa documentación vai saír á luz, o que vostedes queren tapar non van poder evitalo. O que están facendo é sinxelamente tentando ocultar algo porque levamos meses pedindo a vista da documentación, invitounos vostede a vela e nunca nos deixaron ver esa documentación sobre a relación de persoas contratadas e do plan E. Que pasa con esa documentación que non podemos acceder a ela? Que hai de risco para o Partido Socialista e para o alcalde Sr. Caballero nesa documentación que non nola deixan ver dende hai meses? Por certo, a relación de nóminas pedíamos vista e copia, podían elixir calquera das dúas cousas. Copia non pero tampouco nola deixaban ver. Non nos van deixar, agora votan que si porque ten que cambiar de táctica porque xa sería excesivo.

Á quinta vez conseguimos que dixera que si para que logo o incumpra. Sabemos que o Sr. Caballero non é precisamente un alcalde que cumpra a súa palabra. Aquí temos a moción da biblioteca pública do Estado votada para entregar a documentación en cinco días e non a entregou. Quen se pode fiar agora de que vostedes voten a favor desta moción? Non a van cumprir, xa temos os seus precedentes, quen incumpre unha incumpre máis.

Insisto que a imos conseguir porque nun sistema democrático non se pode agochar documentación pública. Imos acceder a ela aínda que vostede actúe como defensor e tente de que non cheguemos. Ó final si chegaremos.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. López-Chaves, non deixa de sorprendeme. Cando acabo de demostrar que é vostede quen cambia de estratexia e de redacción nas mocións que presenta, di que agora quen cambia son eu

Van ver a documentación, non se preocupe porque o alcalde de Vigo, o socialista Abel Caballero, é un alcalde que a criterio dos cidadáns que é o que verdadeiramente importa, non dos seus partidistas, que cumpre coa cidadanía e por iso vostede, que é moi dado a ver información política aínda que logo non a diga aquí toda, é moi dado a saber quen son os políticos mellor valorados, sabe perfectamente que por ese grao de cumprimento do alcalde de Vigo, o socialista Abel Caballero, é o político mellor valorado nesta cidade de todos os políticos do Estado español. Sábeo perfectamente

e xa vexo que o sorriso nervioso fai hoxe efecto cando non hai outro tipo de argumentacións.

Sr. López-Chaves, non hai absolutamente nada que tapar nin nada que agochar. Deixe de lanzar ós cidadáns este discurso velado que parece que hai algo que agochar cando é absolutamente falso. Este goberno non ten nada que agochar e vostede non vai atopar absolutamente nada ilegal, díxeno por activa e por pasiva, como tamén lle dixen neste Pleno que estivo vostede durante case tres anos buscando documentación e argumentacións sobre ilegalidades no porto de Vigo e está coma o primeiro día. PEDIU escritos, documentación, revisou documentos e ó final todas aquelas acusacións veladas que vostede facía quedaron como o primeiro día, sen poder demostrar absolutamente nada.

Vou votar a favor desta moción porque hoxe é o momento en que vostede a presenta correctamente. É increíble que con tanta ficha que manexa, con tanta argumentación xurídica que utiliza vostede neste Pleno, non coñeza o artigo 14 do ROF que di que a petición de acceso á información entenderase concedida por silencio administrativo se non se dita resolución no termo de cinco días. Ten vostede dereito á documentación pero non vaia ao despacho do alcalde nin ao de ningún concelleiro que ese é o número que vostede quere.

Tiña dereito dende o primeiro momento. O que ocorre é que a vostede lle interesa máis a imaxe, tentar desprestixiar a este goberno e acabao de demostrar nesta intervención porque cando fala dunha documentación que segundo vostede non a ten nin a mirou, xa sabe que vai atopar algo que este goberno tiña que tapar ou ocultar. Chegaremos ás eleccións municipais de maio de 2011 e vostede e todos os concelleiros seguirán coma o primeiro día, sen demostrar absolutamente nada de ilegalidade deste goberno.

Digo o mesmo que dixen na primeira intervención: concelleiros do Partido Popular, quen ten que demostrar é quen acusa, eu non teño que demostrar absolutamente nada se non cometín ningunha ilegalidade e non a cometín nos tres anos que levo neste goberno, nin eu nin ningún dos meus compañeiros. Cando vostedes fan mención a cousas que parecen verdade e o que son é acusacións sen ningún fundamento, son vostedes quen o teñen que demostrar, a proba téñena que expoñer vostedes.

Por todo isto non cambiamos de criterio no goberno, dicimos o mesmo que dixemos no mes de xullo. Iremos votar a favor desta moción e só dicirlle que vaia a onde

realmente lle teñen que dar a información.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Xa sabemos que o alcalde é o cuarto peor valorado de toda España.

Teña coidado con ser tan cortesán co Sr. Abel Caballero non lle vaia suceder coma a Pulio Afranio Polito que era un cortesán que cando Calígula se puxo enfermo ofreceu a súa vida pola súa pronta recuperación; cando Calígula se recuperou pediulle a vida pola promesa que fixera.

O único que pedimos é a documentación, de ilegalidades fala vostede. Moción aprobada do mes de agosto do ano 2009 sobre a biblioteca pública do Estado; aínda non entregaron nada, non a van cumprir, non van deixar acceder a esa documentación. Pedimos a vista desa documentación e nola negaron. Outras veces nos din que vaíamos vela; imos e non está.

Sr. Font, o único que está a facer agora é tentar atrasar o que está a acontecer, trata sinxelamente de ocultar o que pasa en contratación deste Concello. Vostede sábeo. Tamén o que pasaba no porto. Falamos das contratacións vinculadas co PSOE no Porto? Que persoas había? Fillos, netos, noras, afiliados ó Partido Socialista que vostede coñece e ben que o tapaba, que houbo que ir ó Congreso dos Deputados para poder acceder a esa documentación porque ó Parlamento de Galicia non lle deixaban acceder a ela.

Aquí hai o mesmo sistema que no Porto: había que conseguir votos dalgúns militantes socialistas non sei por que e conseguiron contratar. No goberno municipal de Vigo queremos esa documentación porque vai suceder o mesmo

Imos ter esa documentación. Como dicía Martín Fierro: *“Así como tal les digo que vivan con precaución, nadie sabe en que rincón se encuentra el que es enemigo”*. Imos ter acceso a esa documentación e o alcalde socialista Abel Caballero, que durante estes anos impediu que coñezamos cal é a relación de persoas contratadas, ó final terémola e veremos vinculacións, relacións, altas nalgún partido relacionadas coa contratación no Concello de Vigo que é o que están tratando de evitar.

Isto é un engano máis porque van votar a favor e imos seguir sen ter acceso a esa documentación. Ó final terémola.

(Están ausentes os concelleiros do Grupo Popular, Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, solicitando o acceso a toda a documentación no prazo de dez días, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (186).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE NON SE INCLÚA NO ORZAMENTO PARTIDA PARA O DENOMINADO PROXECTO MONEO. DOC. 100110824.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110824, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“Na actual situación de crise económica, as administracións públicas deben priorizar os investimentos públicos, destinando os mesmos a obxectivos que resulten esenciais e necesarios para a satisfacción dos intereses xerais.

Na actual situación de crise económica debe evitarse poñer en marcha proxectos que poidan supoñer unha custosa carga aos contribuíntes e que poidan supoñer a distracción de fondos públicos doutros investimentos mais urxentes.

Ademais a anunciada posta en marcha deste tipo de proxectos tan gravosos e custosos para a facenda municipal cando faltan menos de nove meses para unas eleccións municipais, supón un intento de comprometer os orzamentos de futuros gobernos, no caso de que dito anuncio se convertese en realidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo acorda non incluír nos orzamentos do Concello para o ano 2011 ningunha partida orzamentaria para o denominado proxecto Moneo de construción dunha nova Casa do Concello para o Concello de Vigo”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 30 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Grupo municipal do Partido Popular solicita

que non se inclúan partidas no Concello para o denominado proxecto Moneo de construción dun novo edificio municipal. Un proxecto opaco e pouco transparente. A documentación relativa a este proxecto solicitámola ata en tres ocasións e só a coñecemos cando tivo que vir aquí para validar o gasto das facturas. Por iso vemos que é habitual no alcalde Sr. Caballero o de ocultar a documentación.

Dende o Partido Popular consideramos que nunha época de crise tan grave como pola que estamos pasando, á que nos levou a xestión do socialista Rodríguez Zapatero, que outro socialista, o Sr. Caballero, se dedique a construír un novo Concello é algo que non corresponde ós criterios da lóxica. Que se destinen fondos públicos para esa finalidade neste intre apártase de todos os criterios da racionalidade.

Non estamos nunha época de crecemento, pregúntenlle ó socialista Sr. Zapatero. Non estamos nunha época de superávit público senón en época de déficit, pregúntenlle ó señor socialista Rodríguez Zapatero; non estamos nunha etapa de incremento dos ingresos públicos, que llo pregunten tamén ó socialista Rodríguez Zapatero; e non estamos na etapa de creación de emprego senón que estamos nunha etapa de destrución de emprego e de paro como foron todas as socialistas e que lle pregunten tamén ó socialista Rodríguez Zapatero.

Por iso este proxecto non obedece a criterios de racionalidade. En primeiro lugar porque supón gastar fondos públicos escasos en época de crise, decenas de millóns de euros. En segundo lugar porque se afirma que o custo é cero e xa se fixeron gastos. Logo veremos que mesmo hai a contradición de que se van incluír partidas nos presupostos municipais e fálase dun canon anual que ten que pagar o Concello, por tanto si vai ter custo para o Concello.

Non obedece a criterios de racionalidade que o socialista Caballero estea a gastar millóns en obra nova no propio edificio que logo vai demoler; nin non ter feito nada en catro anos e agora, cando quedan catro meses para as eleccións realice este anuncio, aínda que si fixo unha maqueta de 120.000 euros.

Sempre o socialista Caballero coma o socialista Zapatero realizan anuncios uns meses antes das eleccións que logo nunca cumpren. Lembremos: AVE directo a Madrid no ano 2012, así o anunciou antes das eleccións municipais do ano 2007, mesmo comprometeu niso o seu futuro político. Non era verdade nin se cumpriu, nin cumpriu o que prometeu nin o que faría se non se cumpría a súa promesa. Era un *bluff*.



Corenta e sete escolas infantís no momento de presentar as eleccións municipais na campaña electoral. Outro *bluff*. Seis mil vivendas protexidas neste mandato municipal. Cantas levan? Nin unha. Poderíamos seguir con outros anuncios que fai o Sr. Caballero antes dunhas eleccións: trece centros de día, a Carta de Municipalidade, tamén a biblioteca pública do Estado. Por certo, Sr. Caballero, onde está? Ultimamente deixámola no auditorio, estivera antes na Escola de Artes e Oficios, diante do Concello... Probablemente a perdésemos como aconteceu no ano 1979. Mesmo o teleférico da Madroa. Onde está? Campaña electoral de abril 2007, programa en materia de tráfico, teleférico á Madroa e un centenar de axentes de Policía. Ningunha das dous.

Todos os anuncios do Sr. Caballero antes das eleccións son un *bluff*.

Tampouco obedece a criterios de racionalidade crer nos proxectos do socialista Caballero porque nunca se executan.

Plan Nouvel: gasto de máis de dous millóns de euros nun concurso de ideas, nin sequera proxecto. Un proxecto irrealizable, inexecutable, desproporcionado economicamente. Aqueles Intercity de alta velocidade que ían estar en marcha no ano 93 coma anunciaba, mesmo poderíamos falar do túnel debaixo do Estreito de Xibraltar e poderíamos continuar con outras ilusións do Sr. Caballero que anuncia sempre en períodos electorais.

Non obedece a criterios de racionalidade esta proposta e por iso pedimos que non se inclúan partidas para este gasto porque en época de crise, de déficit e de desemprego á que nos levou o socialista Zapatero, o socialista Caballero quere destinar decenas de millóns de euros nun novo edificio municipal.

Ademais improvisando porque o obxectivo é chegar ás eleccións e logo esquecelo. Onde está o custe cero porque resulta que xa gastaron 120.000 euros nun guión e queren gastar máis durante o ano 2011.

Por certo, cales serían os honorarios profesionais dun arquitecto por un proxecto desta contía? De 80, 100, 120 millóns de euros? Canto sería o custe total do proxecto? Nunca o dixeron. Dá o mesmo o que custe porque non se vai facer, pódese anunciar calquera cantidade.

É tan pouco serio este proxecto que se gastan 130.000 euros nunha maqueta; logo din que o Concello vai pagar un canon anual durante non sei cantos anos para pagar a obra aínda que sexa de custe cero; logo o 18 de agosto o Sr. Font di que no presuposto do ano 2011 vai haber partidas destinadas ó proxecto Moneo e dous ou

tres días logo o Sr. Caballero, non a través do seu voceiro senón que el mesmo, di que non haberá partidas. Vai ver gasto ou non? Xa se gastou, vai haber un canon... é dicir, todo este proxecto é moi pouco serio. Van seguir gastando nesta idea do Sr. Caballero?

O PP teno claro, nestes momento non. Ou é que como aconteceu ata agora van seguir gastando sen que exista partida? Ó mellor a mensaxe é que o Sr. Font di que van dicir o que van gastar e o Sr. Caballero corrixiuno e dixo que van gastar sen ter que dicilo. Co que vimos nos últimos días probablemente sexa iso, que non van meter partida pero van gastar igual para presentar esta idea que como se demostra ó longo da súa traxectoria política é un *bluff*.

É unha mostra máis da mitomanía do socialista Caballero. Antes das eleccións dálle o mesmo dicir, prometer ou anunciar o que sexa. O que queremos é que o Sr. Caballero en época de crise abandone este proxecto porque sabemos como as gasta o Sr. Caballero. Cando chega a época das eleccións o Sr. Caballero empeza a prometer. Quen non vai cumprir pode prometer o que queira, é como quen non vai pagar unha débeda, que lle dá o mesmo deber 50, 100 ou un millón porque total nunca vai pagar e quen nunca vai facer nada dálle o mesmo prometer un teleférico, o AVE en 2012, 47 garderías, 13 centros de día ou un novo edificio municipal, se nunca o vai cumprir que importan esas promesas.

Polo tanto o que pedimos é un criterio de racionalidade. Dende logo que habería que facer reformas no edificio municipal pero para iso tiveron vostedes catro anos e un presuposto disparado, tiveron diñeiro para facer todo o que quixeron, nunca un goberno municipal tivo tanto diñeiro. Que se atope na situación actual este edificio será responsabilidade de quen gobernou durante tantos anos con tantos cartos.

Pedimos que se abandone esta situación, que o Sr. Caballero que ultimamente presentou dous proxectos, que polo menos non custen diñeiro público. Pedimos que o presente e que diga o que queira pero con custe cero. Ata agora gastaron 130.000 euros e anuncia que van gastar máis porque vai haber un canon anual.

Non sabemos se o que van gastar máis vai ser vía presupostaria ou fóra do presuposto sen dicir o que van gastar. Por tanto sinxelamente é un rexeitamento a ese proxecto nestes momentos o que presenta o Partido Popular a través desta iniciativa.

SR. LÓPEZ FONT: Na súa tónica habitual o Sr. López-Chaves aproveita cal vai ser a

resposta a esta moción porque foi un pronunciamento moi explícito por parte do Alcalde de Vigo de que o proxecto Moneo non vai custar un euro ós cidadáns vigueses e polo tanto apúntase vostede a esta moción para que non se inclúa nos presupostos.

As contradicións só están na súa cabeza e canto máis repita a denominación “socialista” máis orgullosos estamos de nos sentir socialistas. Para moitos españois ser socialista significa moito porque os socialistas somos quen logo da restauración da democracia trouxemos a este país todo o progresos do que se benefician os populares. Por iso cando fala dos socialistas con ese ton pexorativo, que é o que pretende, voulle contestar cun refrán: non ofende quen quere senón que pode. Non só non nos ofende senón que moi pola contra, vendo a políticos do Partido Popular como vostede en fronte, cada vez nos sentimos máis orgullosos de seren socialistas.

O socialista Rodríguez Zapatero é o único que aposta por esta cidade. Dende que Abel Caballero é alcalde desta cidade, ó seu pesar cumpríronse todos os proxectos e todos os soños que tiña a cidade. A pregunta non é como ma fai vostede a min senón ó revés: onde estaba o AVE de Ourense a Vigo naquela xuntanza na que o Sr. Fraga manda calar á Sra. Porro? Se quere achéguese a Redondela, vexa a licitación do proxecto para a nova estación de Urzáiz por onde vai entrar. Neste Pleno trataron de ridiculizar a entrada do AVE a Vigo dicindo que ían facer un churrasco nunha explanada; pois naquela explanada puxéronse en marcha dúas tuneladoras que as vai ver entrar en Urzáiz. Se quere, porque maxino que ese día lle vai dar certa aprehensión política.

Onde estaba a ampliación do aeroporto cando era presidente Aznar, ministro Álvarez Cascos e alcaldesa a Sra. Porro? Que se estaba a facer coa depuradora cando durante 16 anos gobernou Fraga e durante 8 anos gobernou Aznar e tivo que vir o presidente Núñez Feijóo a este salón de Plenos ós catro meses de saír elixidos, permítame a expresión, a pedir papas ó alcalde de Vigo Abel Caballero para que conseguira o financiamento do ministerio de Medio Ambiente. Esa é a realidade da depuradora.

Onde estaba a ampliación de Rande cos gobernos do Partido Popular e do Sr. Aznar? Que fixo o pontevedrés Mariano Rajoy por esta cidade? Non pregunten o que fixemos, a pregunta importante é que fixo o Partido Popular durante 16 anos de goberno en Galicia e durante 8 anos de goberno en España.

A mitomanía tena vostede na súa cabeza porque a mitomanía do Sr. Caballero non

existe. A xestión do alcalde socialista Abel Caballero nesta cidade está chea de realizacións: 200 rúas e vostedes fixeron 10; fixemos decenas de parques e xardíns e vostedes non fixeron ningún. Onde está a biblioteca do Estado? Nos presupostos xerais do Estado e haberá biblioteca cousa que non había cando vostedes gobernaban.

Haberá vivendas cando se desenvolvan. Cantos anos estiveron vostedes para facer o Plan Xeral? Como ben lembra o concelleiro de Urbanismo a vostedes o que lles preocupaba eran as licenzas e as plusvalías.

Os únicos que se preocupan por esta cidade son os socialistas. Os que se preocupan porque neste país haxa o maior progreso social son os socialistas porque os populares levaron ó Tribunal Constitucional o divorcio e o aborto e gracias a leis do Partido Socialista os populares se divorcian e as populares abortan. Esa é a diferenza do que fixeron os socialistas por este país.

Custe para esta cidade do proxecto Moneo cero, como lle está custando cero a esta cidade o AVE, a depuradora, o aeroporto, o porto, a ampliación de Rande, as autovías que se van facer. Dende que Abel Caballero é alcalde de Vigo todo lle está a custar cero euros a esta cidade. Como vostede viu na prensa que o alcalde socialista de Vigo Abel Caballero dixera que o proxecto Moneo vai custar cero euros, apúntase a isto.

O que eu dixen foi literalmente que cando se faga o proxecto Moneo terá aprobación política dentro da legalidade. E dixen que a Sra. Porro abandonou durante tres anos e medio este edificio para se facer un despacho de dous millóns no Areal. Non o digo eu, dino todos os funcionarios porque os despachos e as instalacións que nós arranxamos, que son as mínimas imprescindibles para que se poida traballar, poderían terse arranxado durante tres anos e medio mentres a Sra. Porro se facía o despacho do Areal.

Vostede non se lembra como concelleiro, mentres gobernaba a Sra. Porro, que os cidadáns de Vigo cando entraban na lonxa a facer as súas xestións lles chovía? Quen arranxou a lonxa para que cando un cidadán veña facer unha xestión no Concello non se molle nunha instalación municipal? Fixémolo o goberno que preside o socialista Abel Caballero.

Terei outra oportunidade na segunda quenda pero cando fala do esforzo de investimento e do compromiso co gasto, como xa lle dixen os únicos que aportan nesta cidade son os socialistas e o goberno de Rodríguez Zapatero. Iso si, o popular

Louzán dálle 18 millóns ó Concello de Pontevedra para facer un novo campo de fútbol. Preguntábase vostede se en tempos de crise se pode facer isto. En tempo de crise pódese facer que dun plan anti-crise da Deputación Provincial de Pontevedra de 70 millóns se estean destinando o 85% a concellos do Partido Popular? Pódese consentir co que representa Vigo na provincia de Pontevedra que se lle exclúa do reparto deses 70 millóns? Ven vostede darme leccións a min de como se debe administrar o diñeiro cando o Sr. Louzán resérvase 14 millóns de libre disposición? Eu estarei *sembrado* esta mañá pero vostede está dun cinismo político que se lle debería caer a cara de vergoña. A tres municipios de esta provincia gobernados por tráfugas que asisten a actos do Partido Popular se lles deu tantos cartos coma ós do Partido Socialista e ós do BNG porque evidentemente a estratexia de corrupción e de transfuguismo que ten o Partido Popular para a provincia de Pontevedra xa se anunciou pola súa parte, Sr. Figueroa, nun Pleno da Mancomunidade: “Houbo mocións de censura e vai haber máis”. Isto é sinxelamente o que vostedes fan. Conclúo dicindo que custe cero do proxecto Moneo, totalmente necesario para este Concello.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar teño que dicir que mentres estaban falando, tanto o representante do Partido Popular coma o compañeiro de goberno Carlos Font, tiven que repasar unha vez máis a moción porque non sei moi ben se estamos a falar do proxecto Moneo, de soños, ilusións e fantasías que ten cumpridas esta cidade, se a moción é a favor ou en contra do alcalde da cidade. De verdade que coido que hai que ter un pouco de rigor con esta Corporación municipal.

Estamos a falar do proxecto Moneo e teño que dicir que as dúas intervencións me pareceron que estamos xa en plena campaña electoral e que cada quen fai o seu panexírico do que se fixo e do que non.

Sr. Font, sinxelamente unha corrección: non é certo que os únicos que se preocupan por esta cidade son os socialistas; os nacionalistas levamos moitos anos preocupándonos por esta cidade, traballando nela. Se o Sr. Zapatero trae cousas para esta cidade tamén é porque temos dous representantes no Parlamento Español que mentres dende o Partido Socialista se dicía que os orzamentos para esta cidade eran magníficos, non eran tal cando os nosos compañeiros no Parlamento tiveron que negociar moitas das partidas que agora si aparecen nos orzamentos do Estado.

A min non me gusta iso de atribuírme o de “somos os únicos que...” Coido que nesta

cidade hai moitos homes e mulleres, sexan socialistas, do Partido Popular ou do BNG que traballamos por ela. Ás veces os do Partido Popular algo equivocados pero tampouco hai que lles quitar ese mérito de traballar pola cidade. Polo tanto imos arrogármolos todos e todas as consecucións que esta cidade ten conseguido porque non é mérito nin de un nin de outro. En todo caso é mérito da propia cidadanía viguesa.

Vou entrar no fondo da cuestión que é ese proxecto Moneo do que vimos falar aquí. Como dixen antes o Partido Popular segue a traballar cun dobre xogo. Efectivamente a Sra. García nunha intervención anterior e máis noutra que fixo na prensa, dicía do BNG que non nos preocupaban os pobres. Vaia truco, cando os pobres seguen a durmir na intemperie porque vostedes teñen un albergue pechado. A ver a quen lle preocupan realmente os pobres, preocúpanlles máis eses emprendedores económicos ou non sei que máis que van poñer nese local cando os podían poñer en calquera outro sitio.

Pero, sen que serva de precedentes, hai unha cousa na que estou completamente de acordo cos antecedentes da moción do Sr. López-Chaves, estou completamente de acordo e non lle poño nin unha soa tara ó que di: “Na actual situación de crise económica as administracións públicas deben dar prioridade ós investimentos públicos, destinando os mesmos a obxectivos que resulten esenciais e necesarios para a satisfacción dos intereses xerais”. Estou completamente de acordo con este parágrafo pero vostedes llo terán que ler a algúns membros do seu partido.

É un dobre xogo falar aquí do plan Moneo e parece que é esencial para a satisfacción dos intereses xerais facer unha fonte no porto de dous millóns de euros ou facer restaurantes nun espazo portuario cando xa hai moitos no casco vello. Segue dicindo o Sr. López-Chaves: “Debe evitarse poñer en marcha proxectos que poidan supoñer unha custosa carga ós contribuíntes e poidan supoñer a distracción de fondos públicos doutros investimentos máis urxentes”. Catro millóns de euros coa visita do Papa e máis de tres millóns na retransmisión que a compañía da televisión pública vai efectuar.

Isto é un dobre xogo, por políticas electoralistas non se pode criticar un proxecto coma este e logo defender outros proxectos tan faraónicos, como lle chamaron vostedes, como puidera ser este do Sr. Moneo.

Eu estou de acordo coa moción. Non se debe gastar nin un duro do Concello neste proxecto. Estou completamente de acordo pero o que non nos vai dicir o Partido

Popular é como temos que facer nós os orzamentos, nin nos pode dicir que non metamos ou deixemos de meter unha partida ou outra nos orzamentos. Este goberno sabe facer os orzamentos, leva tres anos facendo uns orzamentos que están respondendo ás necesidades, como vostede di na moción “urxentes e esenciais da cidadanía”.

Dígolle con toda claridade que os nacionalistas cremos que nesta cidade hai prioridades e proxectos máis urxentes nestes momentos que o proxecto Moneo, pero tamén hai proxectos máis prioritarios e máis urxentes que facer unha fonte de dous millóns de euros, ou oito restaurantes novos no porto de Vigo, ou gastarse a millonada de euros que se vai gastar a Xunta con esa visita do Papa.

Estou de acordo que hai cousas máis prioritarias como por exemplo abrir o albergue para os sen teito. Iso é máis prioritario que o proxecto Moneo e que calquera fonte que poidamos construír no porto de Vigo.

Imos votar a favor da moción porque os nacionalistas non queremos que apareza nin un só euro nos orzamentos de 2011. Non se preocupen os señores do Partido Popular que imos facer os orzamentos como viñemos facendo os tres anteriores. O BNG ten dito moitas veces que hai unha prioridade que é a crise económica e atender ás necesidades máis urxentes dos traballadores e traballadoras desta cidade.

Sres. do Partido Popular, teñan a tranquilidade absoluta que o BNG non vai permitir que se aprobe un orzamento que reduza cartos para atender a esas necesidades reais por iniciar proxectos que nestes momentos nós cremos que non son prioritarios. Antes a súa compañeira falaba do plan de drogas, insistíanos ós nacionalistas que o incrementáramos. Evidentemente ó final tivo que defender á Xunta porque a culpa non é dos nacionalistas. Sra. García, convenza vostede á Sra. Porro que non faga agora esta fonte e que eses dous millóns de euros os doe o Porto de Vigo para incrementar todos plans de prevención e de drogadicción, para incrementar as bolsas e comedores escolares e para todo aquel esforzo que o Concello de Vigo está a facer. Non se pode criticar un proxecto cando estamos defendendo outros tanto ou máis faraónicos que este que vimos criticar.

Remato dicindo que dende o BNG imos apoiar sempre calquera proxecto que nesta cidade signifique riqueza, promoción da cidade e signifique atender ás necesidades e ás demandas da cidadanía, pero dando prioridades en cada momento. Gobernar non é poñer enriba da mesa moitos proxectos; gobernar é priorizar o gasto e iso é o que a cidadanía pide dun goberno responsable. Nós imos facelo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Domínguez Olveira, priorizar foi darlle á Universiada case dous millóns de euros? Por que en vez de pedirlo ó Porto non os puxeron nos presupostos para gastar no plan de drogas? Falamos do que facían vostedes na Xunta? Plan de vivenda: 1.200.000 euros na campaña de publicidade da vivenda e no programa de vivenda 1.400.000 euros. Gastaron tanto en publicidade como no problema da vivenda cando estaban no bipartito.

Falamos doutros casos que houbo durante o bipartito? Gobernar é priorizar, pois ter dado prioridade en vez á Universiada ou á publicidade na vivenda á construción de vivendas de protección oficial, de promoción pública. Cantas levan neste goberno municipal? Cero. Non foron entón unha prioridade as vivendas de protección oficial, as vivendas públicas, neste goberno municipal? Levan tres anos, quedan oito meses para as eleccións.

En segundo lugar me gustaría que me aclarasen por que agora pelexan entre vostedes para saber quen é o salvador de Vigo, o PSOE di que son eles, o Bloque di que sen eles o PSOE non tivera feito nada. “A natureza dos homes, satisfacción das súas propias obras” dicía Santo Tomás de Aquino e dende logo vostedes están satisfeitos porque senón ...

“Cinismo político” e outros termos que emprega o Sr. Font. Dicía Juan Belmonte que cada quen tourea coma é. Pois cada quen fai política coma é, hainos que a fan con elegancia, insistencia, ó mellor reclamando a documentación varias veces e outros fan unha política navalleira. Eu iso non o vou facer, cada quen fai política coma é e ningún ton da miña intervención deu pé a que vostede se adicase a reiterar os insultos que de xeito continuo fai neste Pleno.

O Sr. Caballero saberá onde está a biblioteca pública do Estado. Vostede di que a hai, que está no BOE pero o BOE é papel, a biblioteca é un ben inmovible, o papel é un ben moble. En papel está debullado o diñeiro, o diñeiro hai que executalo. Cando executaron a biblioteca pública do Estado? Outro *bluff* do Sr. Caballero. Por certo, no ano 79 xa perdemos cun alcalde socialista unha biblioteca do Estado por non ceder os terreos. Imos volver perdela por culpa do socialista Abel Caballero. Ve coma os socialistas teñen algún tipo de relación nalgunhas cousas?

Na súa intervención, que non se centrou nada no proxecto Moneo, foi case un auto de fe socialista, tiña que auto convencerse nestes momentos de que si é socialista e de que é bo ser socialista. Non sei se era unha mensaxe para outros ese auto de fe



nestes momentos.

O que vostede dixo é que ía haber partidas no orzamento do ano que ven. Recollérono os medios de comunicación. O Sr. Alcalde dixo que non ía haber partidas. Quizais gasten sen haber partidas como é habitual neste goberno municipal. De todos os xeitos aínda sen partidas hai gasto.

Vostede falou de proxectos do pasado. Pois falemos dixo. Xuño de 2008, o Sr. Caballero di “Teño elaborado o borrador de carta de cidade”. Onde está? Está coa biblioteca pública do Estado? Promesas en eleccións do Sr. Caballero, maio de 2007: “Vixiarei que en 2010 estea a autovía a Pontevedra”. Xa estamos en 2010, onde está esa autovía? Iso é o cumprimento dos compromisos ós que se comprometeu o socialista Caballero?

Primeira parada do AVE en Galicia: “Abel Caballero garante que a alta velocidade dende Madrid chegará no 2012, antes que á Coruña”. Nin en 2011 e agora di que ó mesmo tempo que a Coruña. Maio de 2007: “Moitos dubidan de que as datas sexan realistas. Absolutamente. No AVE estudo informativo este verán, declaración ambiental en decembro. No 2009 licitación e 2012 funcionando. Traballaremos coma un reloxo. Estou orgulloso de ter posto a miña candidatura en xogo por isto e seguirei co pulso firme”. O AVE non estará no 2012 en Vigo e o Sr. Caballero puxo a súa candidatura en xogo.

“Vigo pode permitirse o luxo de perder IKEA”, di o Sr. Caballero. Xa non sacamos este texto que é a continua relación de mentiras: 6.000 vivendas, 43 garderías. É hábito no Sr. Caballero.

Cando foron as leccións de 1997 en campaña electoral prometeu 50 institutos nun semestre. Dálle o mesmo, quen non vai cumprir pode prometer o que queira.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. López-Chaves, o de seu é sorprendente. Pregunta por IKEA; sendo alcaldesa a Sra. Porro decidiuse que se instalase en Coruña en non en Vigo e ela tiña dito que ía estar nun mes. Como pode atreverse dicir iso se están aí as hemerotecas? Aínda saíu o outro día. No momento en que IKEA decide instalarse en Galicia a Sra. Porro dixo publicamente que nun mes estaría solucionado. Fala vostede de compromisos?

Como lle dixen antes o presidente da Xunta fixo moitas peticións ó alcalde de Vigo e o alcalde solucionou ó presidente da Xunta e a esta cidade o tema da depuradora. Ocorre que non llo di a vostede pero o seu presidente pediulle que non presentase a

Carta de Municipalidade. O importante é que vostede diga aquí se quere verdadeiramente que Vigo teña ese status porque ó mellor é vostede, como membro do Partido Popular, quen non quere que Vigo o teña.

Dende que gobernamos esta cidade todos os proxectos que tiñamos pendentes a custo cero son unha realidade. Acabará indo vostede no AVE. Non sei se lle oín ben pero coido que non me contestou que pasou cando o Sr. Fraga mando calar á Sra. Porro. Xa lle dixen neste Pleno que o Sr. Caballero comprometeu que o AVE chegaría á cidade de Vigo no mesmo momento que ó resto das cidades galegas. Isto cumprírase e sei que lles pesa e que teñen unha espiña cravada porque o AVE vai ser unha realidade e chegará a Vigo nunhas condicións que a Sra. Porro no fixo.

Os que gastan sen presuposto son vostedes. Nada máis chegar a este goberno nós tivemos que facer unha modificación presupostaria de moitos millóns de euros polo que vostedes gastaran ilegalmente e eu demostreilles que todo o contratado dende que Abel Caballero é alcalde de Vigo primeiramente foino co voto favorable do Partido Popular e en segundo lugar en condicións de legalidade, cousa que vostedes non demostraron.

En canto á moción esta cidade cumprirá todos os seus sonos. O plan Nouvel é un sono desta cidade coma o foi para Barcelona, Valencia, Alacante, Avilés a modificación do seu ámbito portuario para compartir cos cidadáns. O problema é que os socialistas faremos o plan Nouvel e ata agora a única que o quere enterrar é a Sra. Porro. Pero non só enterrou o plan Nouvel senón que se cargou quince millóns de euros para esta cidade na autopista do mar na que traballaron os socialistas para que viñese e non chegou porque ela matouna.

O Plan Moneo é unha necesidade para esta cidade. Coa complicidade de seu durante tres anos e medio este edificio cáese, necesita modificacións e cando se poida e nas mellores condicións para a cidade este edificio debe ser demolido, reformado e debe recuperarse o espazo público pero como xa lle dixen con custe cero para esta cidade. O proxecto Moneo tamén significa emprego e co ben que xestiona este goberno, na medida na que academos un bo concurso e un bo desenvolvemento para que se poida facer este edificio, tamén será beneficio para esta cidade.

Polo tanto todos os proxectos que tiñamos en mente e que o Partido Popular non foi quen de desenvolver cumpríronse nesta cidade. Nós non imos incluír ningunha partida presupostaria sobre o edificio Moneo no presuposto do ano que ven como xa tiñamos decidido. Hai a afirmación tallante do Alcalde de que queremos que sexa a

custe cero coma o AVE, o aeroporto, a depuradora, Rande, coma os máis de oitenta millóns de euros que os cidadáns hoxe gozan en duascenas rúas mentres que cando vostedes gobernaban tiñan o apoio da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vaia darlle leccións ó Sr. Louzán de como se xestionan os cartos en épocas de crise e dígalle outra vez da miña parte que atenda á cidade de Vigo como se merece.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Di que vostedes solucionaron os problemas de todos pero en cambio non arranxan os de seu. Unha construción que o Sr. Caballero puxo en marcha en todo o seu goberno municipal pola súa parte de goberno: cambio de lousas. Non hai máis.

A Carta de Cidade: “Teño elaborado o borrador de Carta de Cidade”. Hai dous anos. Non é verdade, non o tiña e íao presentar nunha semana. Autovía Vigo-Pontevedra: no 2010 estaba en funcionamento, díxoo o señor que ten vostede á esquerda, prometeuno e non o cumpriu. “Cando entre en Galicia pasará antes Vigo que A Coruña” e asegurou a data: 2012. Repito o que dixó: “Ano 2012 funcionando. Traballaremos coma un reloxo. Estou orgulloso de ter posto a miña candidatura en xogo. Por iso seguirei co pulso firme”. Puxo a súa candidatura en xogo para a chegada do AVE directo a Madrid no ano 2012. Quen pode crer ó Sr. Caballero?

Débedas. Falemos do que nós atopamos con vostedes, entre outros o reformado de 1.800.000 euros no Marco, no Verbum, expropiacións de Zamáns... millóns de euros, algúns deles que votaron nun Pleno algúns do que están aquí con informe en contra de Intervención advertindo de ilegalidade porque non existían fondos nin partida consignada no presuposto.

“Non imos gastar nada no Plan Moneo”. Entón estas facturas de que son? En que gastaron isto? Aquí pon realización de dúas maquetas do Concello de Vigo na praza do Rei. Estudos previos para a ordenación do contorno da praza do Rei. Isto non é o Plan Moneo? Non gastaron nada e resulta que xa levan gastados 120.000 euros.

En canto ó emprego que vai xerar, xa coñecemos o que xeraran vostedes co Plan E, 10.000 parados máis que non había cando o Sr. Caballero chegou a este goberno municipal.

En canto ó estado actual do edificio, se está mal e vostede di que está a punto de caer e hai algún tipo de risco, a culpa é do señor que está á súa esquerda que tivo 130 millóns de euros que en vez de gastar en lousas podería telos gastados en mantemento deste edificio. Se non o fixo e hai algún tipo de risco é culpa do Sr.

Caballero.

Insistimos en que vemos na traxectoria política do Sr. Caballero dende o túnel por debaixo do estreito de Xibraltar, os proxectos do AVE 2012, os 50 institutos que faría en seis meses cando era candidato á Xunta de Galicia, que son todos *bluff*. Cando logo se trata de comprobar e acreditar o cumprimento das súas promesas non son certas. O Plan Nouvel non o pide Vigo, foi un sono dun señor que se gastou dous millóns de euros nun concurso de ideas, nin sequera nun proxecto.

(Están ausentes os concelleiros do Grupo Popular, Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, solicitando que non se inclúa nos orzamentos de 2011 ningunha partida para o denominado "Plan Moneo", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20- (187).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DEIXAR SEN EFECTO A LIQUIDACIÓN NEGATIVA CORRESPONDENTE Á PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DO ANO 2008. DOC. 100110826.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de agosto, número de entrada no Rexistro Xeral 100110826, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Agora, tras negar a crise, o goberno central deuse conta que no ano 2008 os concellos, deputacións e comunidades autónomas recadaron menos do esperado a través de impostos coma o IRPF, o IVE, o alcohol, tabaco e hidrocarburos, sendo que agora o Estado esixe o pago desta diferenza, é dicir que se devolva o que se aboou de máis no devandito ano.

O Ministerio de participación das entidades locais nos ingresos do Estado

correspondentes ó exercicio 2008. As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2008 ascenden a 106.284.655,29 €.

No caso de Vigo a cifra ronda os oito millóns de euros. Dada a situación económica de crise na que vivimos e a minoración nos ingresos do concello provenientes da participación dos tributos do Estado é polo que entendemos que debería aprazarse a devolución destes cartos ata o momento no que se superara a crise económica no noso país.

A esta situación hai que engadir que o Goberno de España continúa incumprindo o seu compromiso de abordar a reforma do financiamento local para garantir o principio de suficiencia das facendas locais.

Ademais, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local no ano 2010, que ningún concello perciba menos ingresos durante o ano 2011 en concepto de participación nos ingresos do Estado que os que ven percibindo durante o ano 2010.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1º.- Instar ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente a participación nos ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adie o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual en un prazo de dez anos.

2º.- Instar ó Ministerio de Política Territorial para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de participación nos ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 30 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Un día dixen que nos tocara a lotería co plan ZP, que nos deran un diñeiro extraordinario que fora mal gastado por este goberno municipal e niso sigo a insistir. É unha lotería un pouco estraña porque é a primeira vez que te toca un premio e co tempo tes que devolver parte dese premio, debe ser o reintegro, neste caso preto de sete ou oito millóns de euros.

O que está claro é que o goberno de España nun principio negou a crise, aquí houbo unha política totalmente de malgasto, o déficit público seguiu medrando, tamén neste Concello. O que quero dicir é que as ocorrencias do Sr. Zapatero nos veñen ó

peto de todos os cidadáns e o cuestionado militante socialista, Sr. Caballero, di que Vigo é o Concello menos endebedado de España pero esquece dicir que temos moitas débedas, xa demostrei ó principio deste Pleno como imos pasar duns niveis de endebedamento de cento e pico euros por habitante a case o dobre e inda por riba temos que devolver case oito millóns de euros ó Estado.

O balance económico do goberno da nación é que Zapatero fixo moito máis pobres ós españois. Hai cinco millóns de españois que queren traballar e non o poden facer. Máis do 40% da mocidade española quere traballar e non pode facelo. Aquí hai unha diferenza: no ano 96 cando chegou ó goberno o Partido Popular a taxa de paro era do 22%; deixamos unha situación na que de cada cen persoas que querían traballar 22 non o podían facer. Oito anos de goberno do Partido Popular e no ano 2004 deixamos a taxa do paro no 10%. Esa é a xestión do Partido Popular.

O que pasa agora co Sr. Zapatero é que xa estamos no 20% e “o que te roldarei morena”. Seis anos de goberno de Zapatero lévannos ó que nos están a levar, milleiros de empresas pechadas, antes se falaba aquí dos taxis. Non sei se están vostedes contentos porque como as empresas están en situación de crise pechan os comercios, parece que é a solución á crise. Nós cremos que non, que ser máis competitivos é xerar moitos máis ingresos para o estado e para acometer obras.

Aquí parece que os investimentos do plan ZP, que dende logo non xeraron emprego, son gratis totalmente. Esquecen de que esas obras, eses cartos mal empregados en lousas, enterrado en granito, sae do peto de todos e todas, págase cos nosos impostos, págase co que cada cidadán paga co IVE que aumentou o pasado mes de xullo, págase co IRPF que os socialistas se encargaron de aumentar.

O caso é que o déficit público incrementouse a nivel estatal, subiu máis de trece puntos nos exercicios e o Sr. Zapatero segue improvisando e como foi co plan E de dinamización do emprego, aínda que non sabemos moi ben en que se dinamizou porque cada vez hai máis parados, agora toca a conta de liquidar, agora temos que devolver pola irresponsabilidade dun goberno que non foi quen de tomar medidas realistas e axustadas á situación que vivimos.

Antes falaba o Sr. Font do que din os funcionarios. Os funcionarios falan de que os socialistas lles baixaron os salarios un 5%, non falan do edificio como dicía vostede, falan da baixada dos seus salarios, de que teñen menor poder adquisitivo, de que lle soben os impostos e teñen menor capacidade económica. Diso falan os funcionarios, os xubilados e a cidadanía en xeral. Ó longo da mañá enchéuselles a boca de falar de

dereitos sociais e ó que asistimos nos últimos anos foi a un recorte deses dereitos sen precedentes. O Sr. Zapatero nin sequera é quen de dar a cara en Rodiezmo, agáchase porque non é quen de se enfrontar á cidadanía e dicirlle que estamos nunha mala situación, que non foron capaces no seu día de dicir que a situación económica era a que era e agora nos temos que apertar o cinto.

En cambio si son quen de mentir e ó principio a Sra. Díaz viña aquí coas contas do Gran Capitán mentindo. Eu teño aquí unha carpeta chea de mentiras, Sra. Díaz, vostede falaba moito da súa carpeta de expedientes e aquí se fala duns ingresos por parte do estado na conta de 2009 que se demostra que non son certos, agora hai que devolver e iso pola irresponsabilidade do Partido Socialista de non acometer as medidas que esixe unha situación económica coma a que estamos a vivir.

O Partido Popular estivo aí advertindo e colaborando co Goberno central a través de propostas no Congreso dos Deputados que ó Sr. Zapatero lle esvararon porque igual que lle pasa ó Sr. Caballero neste Pleno, o que lle di a oposición esváralle porque non lles gusta oílo e, como dicía o meu compañeiro o Sr. López-Chaves, ás veces a oposición está facendo a súa labor que é de control do goberno e á vez de facer propostas positivas para a cidade neste caso e no caso do Parlamento para todo o Estado.

Non lles interesa e coma é así o que fan é obviar as recomendacións que se lle fan dende o Partido Popular. Así se lle expuxo ó Sr. Zapatero na Moncloa por parte do Sr. Rajoy a necesidade de reducir o déficit público. O Sr. Zapatero respondeu que estaban equivocados e que el, que é máis papista que o Papa, vai gastar os cartos en poñer eses letreiros nas obras que repercuten nos cidadáns porque eses letreiros anunciando a Zapatero que xa os hai ata en camisetas, en recolle cabichas, non sei se ata o manto da Virxe no Monte Alba levaba o logo de Alcaldía, aínda que aquí os que anuncian ó alcalde son máis pequenos pero chegaremos a eses monstruosos carteis anunciadores.

Pois eses carteis van ó peto do cidadán porque Vigo participa dos impostos estatais, do IRPF, do IVE, dos combustibles, das cervexas, dos tabacos, dos alcohois e todo o que se fai a nivel nacional repercute aquí. A mágoa é ter un xestores nefastos como temos nesta cidade e así ocupamos os últimos lugares en xestión municipal a nivel de España, aínda que segundo o alcalde el é o mellor do mundo mundial, non debe ter aboa, pero segundo as enquisas independentes é o cuarto peor valorado de España aínda que el o xustifique dicindo que non se pagaron non sei que historias.

Debe ser que é máis fácil pagar outro tipo de actuacións ou de programas televisivos ou radiofónicos para se facer autobombo, para mellorar o ego persoal dunha persoa que non mira o interese dos cidadáns senón o seu propio interese.

Entón pasa o mesmo que co Sr. Zapatero que o que nos deron por un lado nolo van quitar polo outro e quen vai pagar é o pobo, todos e cada un dos cidadáns. E vostedes seguen coa irresponsabilidade de pedir créditos, de endebedarse, de gastar no mesmo e iso é unha grave irresponsabilidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Parece mentira pero en tres anos aínda sígome asombrando do descaro e a cara dura política dalgúns membros do Partido Popular. Da capacidade de mentir e quedar tan anchos. Está claro que esta moción que é sobre a participación dos ingresos do Estado, o único para o que a utilizou o Partido Popular é para entrar en campaña electoral e baduar contra todo o que se lles poña diante, estea no Concello ou no goberno central. Xa se demostrou a semana pasada que o Partido Popular está en campaña e aquí están a demostrar unha vez máis.

En primeiro lugar o actual modelo de financiamento local, ese que tanto critica o Sr. Conde e o Partido Popular, que agora nos obriga a devolver unha serie de cantidades e que está todo mal, a forma na que o Estado nos ingresa e na que temos que devolver ó Estado, é unha lei do goberno de Aznar. Aprobouna o Sr. Aznar no Parlamento e sendo a alcaldesa de Valencia Rita Barberá presidenta da Federación Española de Municipios e Provincias. Cando se aprobou esa lei o Partido Popular dicía que era o mellor modelo de financiamento e que os Concellos nunca ían ter problemas porque estaba garantido o seu financiamento.

Xa nese intre o Partido Socialista dixo que non, que esa lei de financiamento do goberno de Aznar deixaba ós concellos colgados e é o que agora se está a comprobar porque non hai garantías de financiamento. Desgraciadamente a realidade veu dármonos a razón ó Partido Socialista.

Xa no primeiro ano de mandato de Zapatero, que non esperou nin dous nin tres, tivo que crear un fondo de compensación para subsanar os efectos negativos que tiña esta lei de financiamento local para os concellos. Tivo que dotar de trece mil millóns de euros ós concellos para subsanar as consecuencias desa lei. Así estivo o Sr. Zapatero, ano tras ano, emendando a maldita lei de financiamento local do goberno de Aznar. Proba de que o goberno estivo aí, ano tras ano, por exemplo son os dous plans ZP dos últimos dous anos. Trece mil millóns de euros máis sobre os que xa



estaba dando.

Agora aquí o Partido Popular críticao. Quero que me diga un só concello do Partido Popular que se negara recibir o plan ZP. Absolutamente todos os concellos, tamén os do partido Popular, aplaudiron ese plan ZP porque supoñía máis investimentos para os concellos, máis actividades para os cidadáns e poder xerar emprego no propio concello. Isto fíxose sempre de acordo coa Federación Española de Municipios e Provincias.

Para que se vexa a gravidade do que acaba de dicir o Sr. Conde vou ler un escrito da FEMP que empeza dicindo: “O Ministerio de Economía e Facenda trasladou á FEMP con data do 30 de xullo os datos da participación dos ingresos do Estado do ano 2011”. Comunícaselle a todos os concellos que é o que imos recibir o ano 2011 da participación dos ingresos do Estado. “As entidades locais españolas recibirán catorce mil millóns de euros cunha previsión de crecemento que en termos globais sitúase nun 9% con respecto ó ano anterior”.

O Sr. Conde acaba de ler que imos ter que pagar máis, que o ano que ven imos recibir menos diñeiro, que fomos uns pésimos xestores, tanto no goberno do Estado como neste goberno e resulta que hai un escrito da FEMP do 30 de xuño dirixido a todos os concellos que di que o Estado vai ingresar ós concellos un 9% máis. Esas son as verdades do Sr. Conde.

Eu podo entender que a moción é do 17 de agosto e que non tivo tempo de ler a información do 30 de xullo a pouco que se atrase. Pero a acaba de ler aquí, estamos a 6 de setembro e esta información hoxe mesmo comprobei que está colgada dende hai días na páxina web da FEMP para que a poida ler todo o mundo, todos os españois poden ler canto diñeiro nos van ingresar ós concellos que vai ser un 9% máis do que se nos ingresou o ano pasado.

Con isto o que comprobamos é que o goberno sempre se puxo a carón dos concellos, fose na época que fose, e sempre cun acordo da FEMP porque este non é un debate entre Partido Popular e Partido Socialista. O debate é se queremos ou non queremos axudar ós concellos, que é o que necesitan os concellos e que é o que lle imos dar. A Federación Española e o Goberno de España sempre se levaron da man e nos últimos anos co goberno Zapatero sempre se puxeron a carón dos concellos con eses plans de investimento, con eses plans de emprego e agora cunhas participacións que superan nun 9% ás do ano pasado.

Hai máis, a Federación pide cousas ó Goberno pero tamén lle pide cousas á Xunta de

Galicia, ás autonomías. Hai xa uns meses, no mes de novembro, na revista da Federación de Municipios e Provincias saíu tamén publicado: "A FEMP reclama ás comunidades autónomas un fondo incondicionado equivalente a setenta euros por habitante". Fixo súa unha moción onde por unanimidade de todos os grupos políticos, tanto os grupos do PP como do Partido Socialista na Federación, dixeron que o goberno lles tiña que axudar e dar financiamento, pero tamén as comunidades autónomas. Máis agora, nun momento en que as comunidades autónomas recibiron moito máis financiamento. Hai un modelo novo de financiamento das comunidades autónomas, reciben 8.000 millóns de euros máis que o ano pasado, pois que iso repercute nos concellos.

Por iso eu dende aquí propoño unha emenda ó Sr. Conde. Xa que todo isto é en colaboración coa FEMP, propoño que se faga todo a través da FEMP, que non sexa unha cuestión PP-PSOE. A miña proposta para o primeiro punto é: Dirixirse a través da FEMP e da FGAMP ó Ministerio de Política Territorial para conseguir un adiamento ou calquera fórmula das devolucións municipais correspondentes á participación nos ingresos do Estado 2008 tralo peche da liquidación".

É certo que o Estado nos reclama esa participación pero tamén é certo que se negociou no seo da FEMP. A lei estatal obrigaba a que se devolvese nun ano e por acordo con todos os municipios acordouse que se devolvera en cinco para dar facilidades ós concellos. Se se propón outro acordo, perfecto, nós imos estar de acordo con calquera proposta ó goberno.

Segundo punto: "Dirixirse a través da FEMP e da FGAMP ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que supoñan o incremento do PIB nun 9%", que é o que xa está aprobado. O Partido Popular di que se manteña; eu digo que non, pido máis, pido un 9% e polo tanto esta proposta mellora á do Partido Popular.

Por último que participen as comunidades autónomas e por iso a miña terceira proposta é: "Apoiar a proposta feita pola FEMP e aprobada por unanimidade de solicitar ás comunidades autónomas un fondo incondicionado equivalente a 70 euros por habitante, o que suporía a Vigo pasar dos seis millóns de euros actuais, a vinte e un millóns de euros.

Coido que aquí é onde está a *pupa* porque neste momento a Xunta de Galicia só contribúe en seis millóns de euros e o que lle estamos a pedir é que participe de forma incondicional en 20 millóns de euros. Pero non o pide o Concello de Vigo, pídeo

un concello máis da Federación Española de Municipios e Provincias que aprobou por unanimidade que se lle solicite a todas ás comunidades autónomas, polo tanto eu só me adscribo ó acordo da FEMP de que todos os municipios lle esixan ás súas comunidades autónomas que incrementen as participacións neses 70 euros por habitante porque dende aquí nós facemos moitas cousas que tiñan obriga das facer as comunidades autónomas. Os concellos estamos asumindo competencias das comunidades autónomas.

Antes dicía na conta xeral que a Xunta de Galicia só participa nos ingresos de Vigo nun 3% mentres que o estado faino nun 40% e iso é o que non se pode soste. Se temos competencias estatais, autonómicas, o goberno temos que participar.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Coma a Sra. Díaz xa aclarou a respecto do Concello o que significa a lei de facendas locais, que coma ela ben dicía aprobouse polo PP no ano 2001, neste caso o Grupo municipal do BNG queremos introducir o que significa para Galicia como comunidade autonómica o modelo que dalgún xeito propón o PP.

Neste caso o que pensamos nós é que o PP o que está a facer é precisamente utilizar de xeito oportunista esta moción para ir en contra do goberno central sen analizar o problema de fondo que é o modelo co que se está a financiar ás comunidades autónomas que, aínda que foi recentemente aprobado polo Partido Socialista, é similar ó que aprobou no ano 2001 o Partido Popular cando estaba no goberno o Sr. Aznar.

Por outra banda hai que dicir que o Partido Popular non foi quen de presentar ningunha emenda no trámite parlamentario cando se aprobou a lei pola que se financian as comunidades autónomas e digamos que aí está o quid da cuestión: como se están a financiar as comunidades autónomas e neste caso Galicia. O que se está a facer é que todos os tributos importantes son levados por parte do estado e despois se devolve parte deses tributos ás comunidades autónomas.

No actual sistema o que se está prevendo é que o Estado adiante o diñeiro porque vai con dous anos de atraso. Pero ese adianto, neste caso nunha situación de crise, tense que facer unha devolución, cando nunha situación normal o que se está a facer precisamente é que ese diñeiro, que sempre é menor que o dos anos posteriores, o utiliza o Estado durante ese tempo cando son as comunidades autónomas as que teñen que financiar todos os servizos públicos e todos os servizos básicos.

Polo tanto nós o que temos que dicir é que o BNG non vai participar nesa cerimonia

de confusión e de relegación das reivindicacións de Galicia. A solución que propón a moción virá non só dunha solución puntual coa devolución destes dous anos, senón que virá de que se cambie o sistema de financiamento e que sexamos donos dos nosos recursos fiscais a través do seu control por unha axencia tributaria galega na que non nos fagan depender dos recursos e dos desacertos da política fiscal centralista. Isto vaino defender o PP exactamente igual que o Partido Socialista e nós, a pesar de que estamos de acordo co que se propón no primeiro punto da moción, queremos facer unha emenda de engadido e outra de engadir un punto.

A emenda ó punto primeiro é engadir ó seu remate: ... e así mesmo a que se garanta o mantemento do incremento necesario naquelas partidas vinculadas ó gasto en servizos públicos, sociais, educativos e sanitarios, co obxectivo de manter a calidade de ditos servizos públicos básicos.

Tamén engadir un punto terceiro en que se inste ó goberno central e á Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal, que implique a responsabilización sobre os nosos recursos a través da territorialización completa dos tributos en Galicia que abranga a súa recadación, xestión e capacidade normativa, contando para iso cunha axencia tributaria galega.

SR. CONDE GIL: Se antes non sabía ler nin escribir, espero que agora soubera escoitar porque me parece increíble que se bote a culpa a unha lei do que é un grave problema de xestión. Vostedes non saben xestionar os intereses públicos e por iso nos atopamos con estes problemas.

Temos que devolver estes millóns de euros porque cando se fixo o reparto aproximado o Sr. Zapatero ou ía con gafas de aumento ou viu unha torta máis grande da que era porque non podemos dicir que estamos a medrar cando a realidade é que estamos decrecendo; non podemos criticar como o fixemos a Alemaña, por exemplo, que esta medrando máis do 3% cando nós estamos indo para baixo. Iso agora que xa non falamos do ano 2008.

Faime gracia porque estiven a oír ó longo da mañá que vostedes son un goberno moi unido e resulta que presenta dúas emendas, unha o PSOE e outra o BNG. Ó final se confirma o que sempre dixemos: son vostedes dous gobernos que están a gastar o dobre, están a traer problemas á cidadanía porque non se poñen de acordo nos temas, nin sequera nisto. Agora me gustará ver o que vota o PSOE cando por exemplo se pide unha axencia tributaria galega que é a grande achega do Bloque

Nacionalista Galego para a solución da crise.

A crise vaise solucionar cun estatuto de nación. Por Deus! Sexamos serios. A crise solucionará traballando, creando emprego e apoiando ás pequenas e medianas empresas, ás empresas en xeral, para que xeren recursos e emprego, non creando un estatuto de nación. Quen cre que iso vai traer a solución á crise? Igual trae a solución ós problemas internos do BNG. Están a tomar o pelo a cidadanía e máis a nós.

O plan E foi un fracaso e dicímolo con todas as letras, nin 8.800 postos de traballo nin nada, non se xeraron, o único que xeraron nesta cidade foi paro. Iso si, con beirarrúas novas para que paseen os parados e que paseen os xubilados e tamén os funcionarios con menos poder adquisitivo pero con máis impostos que xa falaremos deles cando corresponda porque tamén soben.

E por riba adícanse a criticar unha lei do goberno do Sr. Aznar. Cando se foi o Sr. Aznar do goberno? Se era tan mala, cámbienla pero non se cambia porque o Sr. Zapatero, coma o Sr. Caballero, é un irresponsable e segue a política socialista da mentira e do engano. Cando se mente é moi difícil manter situacións coma a que traemos nesta moción porque se dixo que España crecía e mentíase; díxose que non estabamos en crise en non só estabamos en crise senón que estabamos en recesión. Menten vostedes constantemente e se lles colle.

Agora é moi fácil dicir que a culpa a ten o PP. Tamén ten a culpa o PP dos cinco millóns de parados? Ou ten a culpa do que o presidente do goberno con covardía non fose onte a Rodiezmo a dar a cara? E moi fácil falar de determinadas cousas cando os cidadáns teñen que pagar unha hipoteca e outros non a pagaban, ou cando os cidadáns teñen que ter un posto de traballo. Algún comentario oín por aí de que algúns teñen tres; si, pero algúns teñen a traballadores ilegais contratados no seu departamento, esa é a diferenza.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ. Vese que o Partido Popular está moi nervioso porque sabe que non ten a razón, está en campaña electoral facendo todo o posible por desprestixiar a este goberno e tamén se ve que é incapaz porque as mentiras ó final saen á luz e vese que todo o que acaba de dicir o Sr. Conde é unha gran mentira.

Vou utilizar un periódico que precisamente non é socialista, O Mundo, coído que non se lle pode asociar co Partido Socialista. Titular: "Os Concellos non terán recorte, Zapatero súbelles a súa asignación, 14.000 millóns de euros". Isto sae publicado hoxe e sen embargo hoxe, neste Pleno, o Partido Popular seguiu defendendo que

tiñamos que devolver non sei canto diñeiro, que iamos saír perdendo, que eramos uns pésimos xestores, etc., cando tamén hai días a Federación Española fíxoo público.

Agora que ven as consecuencias da súa lei de financiamento, agora que se ven realmente os problemas polos que temos que pasar os concellos e as dificultades que termos para xestionar, o Partido Popular agacha a cabeza e xa non se lembra que era a súa lei. As leis duran anos unha vez que se aproban e polo tanto son as consecuencias da súa lei.

Á parte da palabra “mentira” que lle encanta usar ó Partido Popular, a outra palabra é “emprego”. Que está a facer a Xunta polo emprego en Vigo? Cal é o investimento da Xunta en planes de emprego en Vigo? Canto inviste a Xunta por parado en Vigo? Que é o que fai? Vostede fala de carteis e está en contra dos carteis que poñen Alcaldía ou Tenencia de Alcaldía pero eu non vexo ningún cartel da Xunta. Decía antes o meu compañeiro que ogallá houbera carteis da Deputación e da Xunta porque iso significaría, obras, melloras e emprego na cidade e sen embargo non o está a haber. Un dato moi triste da Deputación é que neste Concello o ano pasado recibemos 82.000 euros, pero deste Concello saíron para a Deputación millón e medio de euros. Nin sequera foron quen de nos devolver o mesmo.

Do Fondo de compensación da Xunta seis millóns de euros, cando o que está a pedir a Federación son vinte millóns. Iso é para que se vexa o que fai un goberno e o que fai o outro. Todos os municipios esiximos máis participación nos ingresos do estado e nos ingresos das comunidades autónomas.

Ratíficome na miña emenda porque é coherente, sensata e realista. En primeiro lugar di que se se pode conseguir non devolver esa parte que non a devolvamos porque supón mellorar o financiamento dos concellos. De acordo, pero que se faga dentro do seo da Federación Española de Municipios e Provincias que é onde se acordan as cousas, que sexan todos os municipios quen cheguen a un acordo de como xestionar, como facelo porque o que queremos é que sexa un acordo de todos, non PP contra PSOE, non estamos en campaña, estamos a defender ó Concello de Vigo. Se ó Concello de Vigo lle favorece non devolver, pois non o fagamos pero coma un acordo entre todos.

Que se aumente ese 9%, xa o di ata O Mundo, que imos incrementar o 9% e que non vai haber ningún recorte. E por suposto que nos impliquemos todos, o que pido e que se defenda á cidade de Vigo e que en vez de seis millóns de euros a Xunta nos dea

21 millóns, tal e como defende a Federación Española de Municipios e Provincias que está integrada por alcaldes do PP e do PSOE, Esquerda Unida e moitos outros partidos políticos, por todos.

Todos estamos a esixirlle ás comunidades autónomas que participen porque elas si que teñen un novo marco de financiamento e xa que é así, xa que saíron gañando que agora colaboren e participen, que o Concello de Vigo participe na comunidade autónoma, por suposto. Que non dependamos xa máis de se sobe, se baixa, entra ou sae.

Queremos ingresos do Estado e témolos comprometidos e agora o único que nos falta e que non temos ata o de agora é o compromiso da Xunta porque a día de hoxe nin sequera temos comprometidos os seis millóns da Xunta e nin sequera nos dixeron se ía repetir.

SR. CONDE GIL: Non imos admitir as emendas, póñanse vostedes de acordo, presenten unha emenda de goberno e unha vez que o fagan, falamos. Son vostedes un goberno completamente dividido.

Eu non estou aquí para defender á Xunta de Galicia pero máis de cinco centos millóns de euros só neste ano, cun hospital, cunha depuradora e cun auditorio. Esa é a xestión da Xunta de Galicia e non o que fai o Sr. Zapatero que nos está a levar á ruína máis absoluta.

Á parte destes oito millóns de euros o Concello vai ter un problema debido á xestión dos socialistas de case vinte millóns de euros en sentencias que están xerando intereses porque non son quen vostedes do xestionar. Iso é un problema de xestión. Maximo que seguirán o método "Calviño" para solucionar o problema, dígoo con todo o cariño, e acudirán á recadación por multas para cadrar as contas e poder devolver os oitos millóns de euros máis os importes das sentenzas.

Por certo, eu non saberei ler nin escribir como me dixo antes, pero na súa emenda fala de adiantar e estamos a pedir que se atrase ou que se condone, Sra. Díaz, non se decata de nada.

Aquí se dixeron moitas cousas ó longo da mañá, falouse en reiteradas ocasións do custe do edificio do Areal. Eu doulle o convenio para que se decate: 2.285.000 euros en adquirir dous edificios que deben estar valorados en máis de vinte millóns de euros, con máis de catro mil metros cadrados. Tan malo non debe ser o desas cortinas, esas mesas, esas cadeiras de brazos, esa lámpada da que vostede falou

porque ó Sr. Caballero ben que lle gustaba facer fotos nese despacho.  
Por favor, os palmeiros se non cobraron o día que se calen.

A PRESIDENCIA: Que o público garde silencio. Sr. Conde Gil a xente que está aquí sentada está a facer uso do seu dereito constitucional de asistir a este Pleno e esíxolle que a respecte.

SR. CONDE GIL: Eu respéctolles, quen non me respectan son eles a min que están todo o rato insultándome que os oio perfectamente.

*Durante o curso do debate se presentaron as seguintes emendas:*

Emenda de substitución formulada pola concelleira do grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, en escrito de data 6 de setembro:

- 1.- Dirixirse a través da FEMP e da FEGAMP ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para conseguir un adiamento -ou fórmula semellante- das devolucións municipais correspondentes á participación nos ingresos do Estado do ano 2008, tras o peche da liquidación.
- 2.- Dirixirse a través da FEMP ou da FEGAMP ó Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para adoptar aquelas medidas que supoñan o incremento do PIE no ano 2011, nun 9% con respecto ó do ano 2010.
- 3.- Apoiar a proposta feita pola FEMP e aprobada por unanimidade, de solicitar ás CCAA un fondo incondicionado equivalente a 70€/habitante e que suporía a Vigo pasar dos seis millóns de euros actuais, a 21 millóns de euros.

Emenda formulada pola voceira do grupo do BNG, Sr. Méndez Piñeiro, en escrito de data 6 de setembro:

Engadir ó punto 1º: "...e así mesmo a que se garanta o mantemento ou incremento necesario naquelas partidas vinculadas ó gasto en servizos públicos educativos, sanitarios ou de servizos sociais co obxectivo de manter a calidade dos ditos servizos públicos básicos."

Engadir un novo punto 3º que diría: "Instar ó Goberno Central e á Xunta de Galicia a aprobar un novo modelo de financiamento autonómico baseado na plena soberanía fiscal que implique a responsabilización sobre os nosos recursos a través da



territorialización completa dos tributos en Galicia, que abrangan a súa recadación, xestión e capacidade normativa, contando para iso cunha Axencia Tributaria Galega.”

(Están ausentes os concelleiros do Grupo Popular, Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez).

VOTACIÓN DA EMENDA DE SUBSTITUCIÓN FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA: Con nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a menda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con nove abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a menda formulada pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez,

Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, solicitando se inste ó Ministerio de Política Territorial deixar sen efecto a liquidación negativa correspondente á participación nos ingresos do estado do ano 2008, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Os tres grupos decidimos facer estas declaracións institucionais. Ambas declaracións tráense a este Pleno porque o día 8 é o día mundial do cooperante e entre o día 17 e o día 22 vanse reunir nas Nacións Unidas os xefes de estado de cento e pico países para analizar os obxectivos do milenio.

Consideramos importante que o Concello de Vigo se adhira a estas dúas datas. Imos facer campaña institucional a favor destes dous temas para concienciar á cidadanía viguesa á que tamén invitamos a que participe en todos os actos que se van celebrar e na campaña que imos desenvolver, tanto para o día do cooperante como para acadar os obxectivos mundiais do milenio.

Como concelleira tocume neste caso propoñer as declaracións institucionais e tamén quero agradecer a participación dos outros dous grupos políticos.

A.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO POLOS OBXECTIVOS DO DESENVOLVEMENTO DO MILENIO.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de setembro de 2010, don Carlos López Font, voceiro do grupo municipal Socialista, dona María Xosé Méndez Piñeiro, voceira do grupo

municipal do BNG, e don José Manuel Figueroa Vila, presentan o seguinte escrito:

### **Declaración do Concello de Vigo polos obxectivos de desenvolvemento do milenio**

O ano 2010 é unha data clave para a loita contra a pobreza e a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). Subscritos por 189 países membros da ONU na Declaración do Milenio do ano 2000, os ODM representan un compromiso histórico e unha verdadeira folla de ruta de loita contra a pobreza. A cinco anos do prazo fixado pola comunidade internacional para alcanzar estes obxectivos, e a pesar de que nos últimos anos se realizaron grandes avances, de non corrixir certas tendencias actuais, o seu cumprimento é aínda incerto. O contexto actual de crise ameaza con paralizar ou mesmo reverter algúns progresos.

Por iso, o Secretario Xeral das Nacións Unidas convocou para os días 20, 21 e 22 de setembro un cumio de xefes de Estado e de Goberno dedicado aos ODM no marco da Asemblea Xeral das Nacións Unidas en Nova York. O labor do cumio é avaliar os éxitos, fracasos e retos pendentes na loita contra a pobreza extrema no mundo; así como acordar plans de rescate para acelerar o progreso no cumprimento dos ODM para 2015.

Nós, Concello de Vigo, estamos determinados a que os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio sexan alcanzados. A nosa determinación incondicional demóstrase así:

**Priorizando** os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio: erradicar a pobreza e a fame, lograr a educación primaria universal, promover a igualdade de xénero, reducir a mortalidade infantil, mellorar a saúde materna, combater o HIV/SIDA, garantir un medioambiente sostible e crear unha alianza mundial para o desenvolvemento, asegurando que os países ricos dan maior e mellor axuda, reducen a débeda e melloran as oportunidades de comercio dos países máis pobres;

**Recalcando** o papel prioritario dos gobernos locais na promoción dos ODM;

**Subliñando** a necesidade de accións de sensibilización cidadá para alcanzar os oito obxectivos no ano 2015;

**Sensibilizando** sobre o feito que os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio requiren compromisos da sociedade no seu conxunto

Nós, Concello de Vigo, solicitamos ao Goberno Central:

**Que adopte unha posición firme** ante o cumio das Nacións Unidas en Nova York que terá lugar do 20 ao 22 de setembro de 2010, e presente un plan de rescate ambicioso, que inclúa medidas concretas para acelerar o cumprimento dos ODM no período 2010-2015.

**Que estableza** un calendario con prazos vinculantes para aumentar a axuda ao desenvolvemento e mellorar a súa eficacia.

(Están ausentes os concelleiros Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración institucional do Concello de Vigo polos obxectivos de desenvolvemento do milenio, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN COA CELEBRACIÓN O DÍA 8 DE SETEMBRO DO “DÍA DO COOPERANTE”.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de setembro de 2010, don Carlos López Font, voceiro do grupo municipal Socialista, dona María Xosé Méndez Piñeiro, voceira do grupo municipal do BNG, e don José Manuel Figueroa Vila, presentan o seguinte escrito:

“O mércores 8 de setembro celebrarase o Día do Cooperante, tal e como foi declarado en Consello de Ministros no ano 2006, así como a adopción da Declaración do Milenio de Nacións Unidas.

O Pleno do Concello de Vigo quere sumarse as dúas conmemoracións e asumir o que significa a cooperación internacional e a loita contra a pobreza, polo que fai a seguinte

### **Declaración Institucional**

A crise económica dos últimos catro anos ten o seu maior impacto nas persoas máis desfavorecidas. Por iso, a loita contra a pobreza e a desigualdade no mundo segue a ser un dos retos aos que se enfronta a nosa sociedade.

Acabar coa pobreza non só é un compromiso ético, senón unha das condicións básicas que se teñen que dar para acadar un mundo máis xusto e en paz. O compromiso de milleiros de persoas coa cooperación e o desenvolvemento e a loita contra a pobreza constitúe un exemplo para toda a sociedade e para as institucións, e como tal debe ser recoñecido e valorado.

Este compromiso debe referendarse nun apoio total por parte do Estado, da Xunta de Galiza e deste Concello coa labor do cooperante, evitando situacións de risco e que debe traducirse en protexer as vidas de miles de persoas, entre as que se atopan centos de galegos e galegas, que día a día adican o seu esforzo a axudar ás persoas máis necesitadas.

O recoñecemento do imprescindible papel desenvolvido polos cooperantes, unha vez máis posto de manifesto hai escasos días coa catástrofe vivida polo pobo paquistaní, é un deber para o conxunto da sociedade. Todas as institucións democráticas debemos contribuír a poñer de manifesto este labor.

O 8 de setembro é unha ocasión excelente para que dende este Concello poñamos en valor o compromiso ético dos gobernos locais coa solidariedade e manifestemos o noso apoio aos cooperantes.

Por todo isto, e coincidindo coa conmemoración da Declaración do Milenio aprobada pola Asemblea das Nacións Unidas no ano 2000, o Concello de Vigo únese á celebración o 8 de setembro como Día do Cooperante.

O Concello de Vigo recoñece e expresa a súa vontade para difundir o traballo dos e das cooperantes como unha tarefa exemplar que leva a solidariedade de cidades, como a de Vigo, a todos os lugares do mundo.

Finalmente, o Concello de Vigo expresa o seu convencemento de que a cooperación é a convicción plena de que ninguén pode chegar á meta se non chegan todos."

(Están ausentes os concelleiros Sres. Coello Bufill e Martiño Gómez do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración institucional do Concello de Vigo relativa á celebración o día 8 de setembro do Día do Cooperante, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (188).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e corenta e tres minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.